

4 Qualidade de vida e bemestar social

4.1. Saúde

4.2. Pobreza e cohesión social

4.3. Cobertura social

4.4. Medio ambiente e desenvolvimento sostible

4.5. Ocio e cultura

4.1. Saúde

O capítulo 4 da Memoria económica e social de Galicia está dedicado á análise da calidade de vida e o benestar social da poboación; sendo a saúde o principal factor determinante do benestar social. Asemade, cómpre ter presente que nunha crise como a actual, o impacto negativo máis importante é o relativo á saúde e ao sistema sociosanitario. Deste xeito, o primeiro apartado deste capítulo 4 dedícase a analizar o sistema sanitario e a saúde da poboación en Galicia, así como o acceso da mesma aos servizos sanitarios.

Dende un punto de vista cuantitativo e estatístico, a análise realízase tendo en conta en primeiro lugar indicadores de saúde propiamente ditos, presentando posteriormente indicadores de centros sanitarios, as doazóns e transplantes. A continuación analízase a evolución de indicadores de gasto sanitario público e no cuarto e último apartado deste capítulo faise especial mención aos principais datos da evolución e incidencia do coronavirus en Galicia ao longo do ano 2020.

Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2021, que teñen entre os seus obxectivos os de manter o control sociosanitario da pande-

mia e paliar os seus efectos sobre todo nos máis febles, destinan 4.378,3 millóns de euros á sanidade, un 12,3% máis que o no orzamento homoxeneizado co ano anterior. Considerando un horizonte temporal máis amplo, o descenso dos recursos orzamentarios dedicados á sanidade (función 41) como consecuencia do impacto da crise económica (-1,1% de media anual acumulativa entre os anos 2008 e 2014) é superado polo incremento experimentado a partir de 2014, de tal xeito que o orzamento inicial dedicado en 2021 é un 25,9% superior ao dedicado en 2008.

Na clasificación que se segue nos orzamentos dos bens públicos de carácter social a sanidade acolle o 59,8% dos créditos totais, porcentaxe máis dun punto superior á do ano anterior. No que atinxe á distribución do gasto nos cinco programas integrados dentro da función 41.- Sanidade, o **cadro 4.1.2.** mostra que o orzamento para os programas de Atención hospitalaria e atención primaria, programas 412A e 412B, acenden a 2.959,9 e 1.391,3 millóns de euros respectivamente para o ano 2021, o que representa en conxunto en torno ao 95% do orzamento consolidado inicial para sanidade.

Orzamento de gastos da Administración Xeral 2020-21. Produción de bens públicos de carácter social ⁽¹⁾

	2020	2021	21/20
	(en miles de €)		(%)
Total	6.637.790	7.321.784	10,3
4.1 Sanidade	3.897.761	4.378.280	12,3
4.2 Educación	2.456.529	2.621.562	6,7
4.3 Cultura	74.343	91.015	22,4
4.4 Deportes	25.257	32.474	28,6
4.5 Vivenda	72.219	85.811	18,8
4.6 Outros servizos comunitarios e sociais	111.681	112.642	0,9

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

4.1.1.

Orzamento consolidado dentro da función 41.- Sanidade. Distribución por programas ⁽¹⁾

	2008	2014	2018	2019	2020	2021	21/20
	(en miles de euros)						
41.- Sanidade	3.638.876	3.397.080	3.858.817	3.985.498	4.107.324	4.582.606	11,6
411A.- Dirección e servizos xerais de sanidade	88.835	78.021	53.761	56.757	62.306	75.240	20,8
412A.- Atención hospitalaria	2.050.910	2.047.272	2.466.538	2.551.665	2.616.408	2.959.909	13,1
412B.- Atención primaria	1.376.557	1.169.289	1.213.672	1.248.465	1.294.801	1.391.315	7,5
413A.- Protección e promoción da saúde pública	78.049	56.745	74.302	75.954	78.569	96.720	23,1
414A.- Formación de graduados e postgraduados	44.525	45.753	50.544	52.657	55.240	59.422	7,6

(1) Datos extraídos dos orzamentos do ano de referencia

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

4.1.2.

A atención hospitalaria, en base aos créditos recoñecidos no orzamento inicial de gasto, concentra o 64,6% dos recursos da sanidade no orzamento inicial, o que supón 4,3 puntos porcentuais máis que o presupostado ao comezo da recuperación económica (8,2 puntos por riba do rexistrado en 2008). Por contra, o peso relativo do gasto inicial na atención primaria redúcese 4,1 puntos respecto ao presupostado ano 2014 situándose no último ano no 30,4% dos recursos da Sanidade (7,5 puntos menos que en 2008).

A política sanitaria cada vez ten máis presente a necesidade de acadar obxectivos de envellecemento activo e saudable, o que se traduce nun incremento dos re-

ursos orzamentarios destinados a programas de gasto como o 413A.- Protección e promoción da saúde, que no último ano aumenta a súa dotación un 23,1% para situarse nos 96,7 millóns de euros. Este incremento ven explicado en parte pola incorporación da vacina fronte á covid-19 no programa de vacinacións, o mantemento do sistema de vixilancia epidemiolóxica e control de gromos de coronavirus, o reforzamento das estratexias de detección precoz de casos positivos ou o seu illamento e identificación dos contactos estreitos e a súa corentena. Atendendo á súa importancia relativa dentro da función 41.- Sanidade, en 2021 representa o 2,1% do total, catro décimas máis que ao comezo da recuperación económica.

Atendendo á súa evolución dende o ano 2008, o programa que presentou o maior incremento tanto en termos relativos como absolutos é o da atención hospitalaria, cunha medra do 44,3% (909 millóns de euros), sendo esta medra de tan só o 1,1% no caso do gasto dirixido á atención primaria (14,8 millóns de euros entre os orzamentos iniciais de 2008 e 2020).

Indicadores de saúde

A ordenación territorial e a estrutura e características demográficas dunha zona condicionan as necesidades do seu sistema sanitario e por tanto a dotación de recursos necesarios para un funcionamento axeitado do mesmo. O feito de que o gasto sanitario aumente exponencialmente en relación á idade media da poboación comporta que territorios con elevados niveis de envellecemento necesiten un gasto sanitario per cápita superior á media.

Os datos recollidos no **cadro 4.1.3.** reflicten que o 25,5% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2020 tiña 65 anos ou máis, sendo esta porcentaxe máis de seis puntos superior á rexistrada no conxunto do Estado (19,4%). O índice de envellecemento, definido como a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos, mostra que en 2020 residen en Galicia en torno a 161 persoas maiores de 64 anos por cada 100 menores de 20, fronte ás 98 de media no Estado.

Outro indicador relevante é a taxa de dependencia, que expresa a relación existente entre a chamada poboación dependente (menores de 16 e maiores de 64 anos) e a poboación produtiva (de 16 a 64 anos). A devandita taxa permite aproximar as necesidades que se terán que afrontar e o impacto que terá, para estimar o orzamento que deberá dedicarse a gasto en sanidade, pensións ou atención á dependencia, así como tamén para prever as políticas de envellecemento activo que se deben por en marcha. A medida que se incrementa, aumenta a carga que supón para a parte produtiva da poboación soste-la á parte economicamente dependente. A taxa de dependencia aumenta

en Galicia en maior medida que no conxunto do Estado, acadando en España un valor de 51,1% fronte ao 59,2% que acada en Galicia.

Como cabería esperar dada a estrutura da poboación, o **cadro 4.1.3.** amosa como as zonas pouco poboadas (ZPP) de Galicia presentan unha taxa de dependencia moi superior á media galega e estatal, aumentando no último ano ata o 71,7%. Por contra, as taxas máis reducidas rexístranse nas denominadas zonas intermedias de poboación, cun 53,8%, situándose esta porcentaxe no 56,5% no caso das zonas densamente poboadas. En relación ao ano anterior, as taxas de dependencia en Galicia aumentan en todas as zonas poboacionais indistintamente de cal sexa a súa densidade poboacional, o que contrasta co lixeiro descenso no conxunto do Estado.

O saldo vexetativo negativo determina de xeito directo os niveis elevados de envellecemento da pirámide poboacional galega. No ano 2019 (último dato anual dispoñible), rexistráronse en Galicia un total de 15.718 nacementos, un 5,1% menos que no ano anterior, e 31.268 falecementos, o que supón unha redución interanual do 3,6%. Tras esta evolución, Galicia mantense como a Comunidade Autónoma co saldo negativo máis elevado, ao situarse en -15.550 fronte aos -15.859 do ano anterior.

En termos relativos, a taxa bruta de mortalidade sitúase en Galicia nas 11,59 defuncións por cada 1.000 habitantes, o que a sitúa nese ano como a terceira Comunidade Autónoma coa taxa máis elevada, tras Asturias (12,64 defuncións) e Castela e León (11,95), lonxe das 8,83 defuncións por cada 1.000 habitantes de media no conxunto do Estado. O elevado envellecemento da poboación en Galicia condiciona a súa elevada taxa bruta de mortalidade.

Os datos provisionais correspondentes ao primeiro semestre de 2020 reflicten un incremento do número de defuncións, que se sitúa en 16.520 defuncións, un 2% máis que no mesmo período do ano anterior. Tras un descenso do número de nacementos do 2,2% (7.565 nacementos entre xaneiro e xuño de 2020), o saldo ve-

Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2019-20

	2019				
	Total	Galicia ZDP	ZIP	ZPP	España
Poboación	2.699.499	990.938	994.428	714.133	47.026.208
menor de 15 anos	320.091	124.703	131.207	64.181	6.885.528
menor de 20 anos	428.653	166.329	175.441	86.883	9.207.974
entre 15 e 64 anos	1.699.624	634.522	648.180	416.922	31.083.487
65 e máis anos	679.784	231.713	215.041	233.030	9.057.193
85 e máis anos	126.805	40.492	36.385	49.928	1.510.705
Índices (1)					
vellez	25,2	23,4	21,6	32,6	19,3
envellecemento	158,6	139,3	122,6	268,2	98,4
sobreenvellecemento	18,7	17,5	16,9	21,4	16,7
dependencia xeral	58,8	56,2	53,4	71,3	51,3
dependencia xuvenil	18,8	19,7	20,2	15,4	22,2
dependencia senil	40,0	36,5	33,2	55,9	29,1
de recambio	1,65	1,55	1,42	2,27	1,20
	2020				
	Total	Galicia ZDP	ZIP	ZPP	España Total
Poboación (1)	2.701.819	995.126	997.547	709.146	47.450.795
menor de 15 anos	316.386	123.349	129.614	63.423	6.830.633
menor de 20 anos	427.329	166.092	174.967	86.270	9.219.654
entre 15 e 64 anos	1.697.609	635.854	648.802	412.953	31.401.781
65 e máis anos	687.824	235.923	219.131	232.770	9.218.381
85 e máis anos	132.324	42.518	38.198	51.608	1.560.953
Índices (2)					
vellez	25,5	23,7	22,0	32,8	19,4
envellecemento	161,0	142,0	125,2	269,8	100,0
sobreenvellecemento	19,2	18,0	17,4	22,2	16,9
dependencia xeral	59,2	56,5	53,8	71,7	51,1
dependencia xuvenil	18,6	19,4	20,0	15,4	21,8
dependencia senil	40,5	37,1	33,8	56,4	29,4
de recambio	1,65	1,54	1,43	2,29	1,22

(1) Zonas densamente poboadas (ZDP), Zonas intermedias (ZIP), Zonas pouco poboadas (ZPP).

(2) notas sobre os índices

vellez: relación entre a poboación maior de 65 anos e a poboación total;

envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;

sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos;

dependencia xeral: relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (menores de 15 e maiores de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (menores de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

dependencia senil: relación entre a poboación maior (maiores de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

de recambio: relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos; , mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubilando

Fonte: INE, IGE

4.1.3.

xetativo negativo ascende a 8.955, cifra superior á rexistrada no primeiro semestre do ano anterior (-8.456).

No que ás principais causas de morte se refire, os datos do INE correspondentes ao período xaneiro e maio de 2020 (consulta o 23 de abril) reflicten que o grupo das enfermidades do sistema circulatorio mantense como a principal causa da morte en Galicia ao provocar o 29,4% das defuncións, seguidas dos tumores, que cau-

san o 24,8% das mortes. En termos relativos, Galicia presenta as maiores taxas de mortalidade por cada 100.000 habitantes en ambas as dúas causas tras Asturias, con 156,1 falecementos por cada cen mil habitantes no primeiro caso (122,2 falecementos en España) e 131,9 falecementos no caso dos tumores (99,6 en España). A diferenza do que acontece en Galicia, no conxunto do Estado as enfermidades infecciosas e parasitarias, entre as que se atopa a covid, constitúe a

Defuncións en Galicia e España 2019-20⁽¹⁾: distribución segundo causa

	Total	Infecciosas e parasitarias	Covid-19 identificado	Virus Covid-19 Virus sospeitoso	Tumores	Sistema circulatorio	Sistema Respiratorio	Sistema dixectivo	Outras causas
2019									
Galicia	13.850	187	-	-	3.497	4.184	864	661	4.457
A Coruña	5.635	79	-	-	1.451	1.729	366	275	1.735
Lugo	2.053	27	-	-	464	689	91	98	684
Ourense	2.122	32	-	-	492	614	130	115	739
Pontevedra	4.040	49	-	-	1.090	1.152	277	173	1.299
España	187.477	2.707	-	-	46.998	53.219	10.460	9.426	64.667
2020									
Galicia	14.357	869	643	76	3.561	4.216	804	670	3.518
A Coruña	5.920	413	324	30	1.486	1.753	366	289	1.259
Lugo	2.258	66	31	11	486	737	113	107	707
Ourense	2.148	173	132	23	481	630	110	104	495
Pontevedra	4.031	217	156	12	1.108	1.096	215	170	1.057
España	231.014	48.393	32.652	13.032	47.222	53.201	9.670	8.977	17.867

(1) Avance. Os datos corresponden ao período xaneiro-maio de cada ano

Fonte: INE, Defunciones según la causa de muerte

4.1.4.

Defuncións segundo a causa da morte 2020⁽¹⁾

	Galicia	Galicia/España (%)
Causas externas de mortalidade	353	6,0
Accidentes de tráfico	16	3,7
Outros accidentes de transporte	6	9,7
Caídas accidentais	146	11,2
Afogamento, sumersión e sofocación accidentais	45	3,8
Accidentes por lume, fume e sustancias quentes	1	1,3
Envenenamento accidental por psicofármacos e drogas de abuso	22	7,7
Outros envenenamentos accidentais	1	1,6
Outros accidentes	27	3,2
Suicidio e lesións autoinflixidas	78	5,8
Agresións (Homicidio)	2	2,0
Eventos de intención non determinada	-	-
Complicacións da atención médica e cirúrxica	2	3,2
Outras causas externas e os seus efectos tardíos	7	13,5

(1) Avance. Os datos corresponden ao período xaneiro-maio.

Fonte: INE, Defunciones según la causa de muerte

4.1.5.

segunda causa de morte, ao representar o 20,9% dos falecementos, cando en Galicia esta porcentaxe sitúase no 6,1% (869 falecementos).

Centrándonos nas defuncións causadas polo coronavirus, os datos do INE reflicten que entre marzo e maio de 2020 faleceron un total de 643 persoas en Galicia por covid confirmado, o que supón un total de 23,8 defuncións por cada cen mil habitantes, taxa significativamente inferior á rexistrada no conxunto do Estado

(68,8 falecementos) e que a sitúa como a quinta Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida tras Canarias, Murcia, Andalucía e Baleares. Xunto a isto hai que considerar 76 falecementos por casos sospeitosos de coronavirus, que equivale a 2,8 falecementos por cada 100.000 habitantes, a segunda máis baixa tras Murcia e Canarias (27,5 defuncións en España).

Se se considera o lugar do falecemento por covid (virus confirmado), os datos do INE amosan que o 72,5% das

Suicidios segundo sexo e Comunidade Autónoma de residencia 2018-19

	2018			2019		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Andalucía	505	148	653	640	478	162
Aragón	95	25	120	109	81	28
Asturias	97	41	138	128	97	31
Baleares	54	17	71	97	71	26
Canarias	154	39	193	197	165	32
Cantabria	23	5	28	36	25	11
Castela e León	158	55	213	218	165	53
Castela-A Mancha	94	38	132	152	115	37
Cataluña	381	141	522	535	380	155
C. Valenciana	293	103	396	450	348	102
Extremadura	58	12	70	79	68	11
Galicia	192	82	274	292	220	72
Madrid	232	110	342	350	245	105
Murcia	94	33	127	125	101	24
Navarra	28	11	39	46	34	12
País Vasco	115	48	163	137	111	26
A Ríoxa	16	5	21	29	20	9
Ceuta e Melilla	2	-	2	46	42	4
Estranxeiro	28	7	35	5	5	-
Total	2.619	920	3.539	3.671	2.771	900
Galicia / España (%)	7,3	8,9	7,7	8,0	7,9	8,0

Fonte: INE

4.1.6.

persoas falecidas o fixeron nun centro hospitalario e un 22,9% nunha residencia sociosanitaria (75% e 20,4% en España, respectivamente). Atendendo ao peso relativo no total de defuncións en Galicia, cómpre resaltar importantes diferencias co rexistrado no conxunto de España. Dunha banda, o 4,5% dos falecementos en Galicia entre xaneiro e maio son por covid (virus identificado), porcentaxe moi por baixo da media española, que ascende a 14,1%. Doutra banda, as 147 persoas con covid que faleceron nas residencias sociosanitarias representan o 9,9% das persoas falecidas en residencias galegas, situándose esta porcentaxe no 6,2% no caso dos centros hospitalarios. En ambos os dous casos estas porcentaxes son moito máis elevadas no conxunto do Estado, cun 15,5% e 20%, respectivamente.

O **cadro 4.1.5.** presenta datos das denominadas causas externas de morte, entendidas como aquelas que teñen a súa orixe en accidentes, violencia, acontecementos ambientais ou envelenamento, entre outras. Segundo o número de decesos en Galicia destacan as caídas accidentais, con 146 defuncións por esa causa entre xaneiro e maio de 2020, o 41,4% do total de fale-

cementos por estas causas (22,2% en España), e os suicidios e lesións autoinfrinxidas, con 78 defuncións, o 22,1% do total (23,0% no conxunto do Estado).

Os datos do Instituto Nacional de Estadística amosan, **cadro 4.1.6.**, que no ano 2019 rexistráronse en Galicia un total de 292 suicidios, o 8% do total estatal, dos que o 75,3% corresponden a homes (220 suicidios) fronte ao 24,7% restante, entre as mulleres (72 casos), sendo estas porcentaxes similares no conxunto do Estado. Atendendo á desagregación segundo os distintos grupos de idade, na Comunidade Autónoma o maior número de casos corresponde novamente ás persoas cunha idade comprendida entre 55 e 59 anos, con 39 suicidios (13,4%), seguido polas persoas entre 30 e 39, con 30 casos. No caso das persoas maiores de 80 anos, a súa importancia relativa ascende ata o 16,4% en Galicia fronte ao 12,5% no conxunto do Estado, oscilando esta porcentaxe entre o 15,9% do total entre os homes galegos e o 18,1% entre as mulleres.

No que atinxe á saúde materno-infantil, no ano 2019 descende a taxa de mortalidade infantil ata as 1,85 de-

Centros sanitarios 2020: distribución provincial e segundo Estruturas de Xestión Integrada

Áreas Sanitarias	Atención primaria			Atención Especializada	
	Zonas básicas	Centros de saúde	Consultorios locais	Número total de hospitais	Hospitais dependencia funcional Sergas
A Coruña	93	133	29	12	5
Área Sanitaria Coruña-Cee	36	59	12		
Área Sanitaria Ferrol	20	25	5		
Área Sanitaria Santiago-Barbanza	37	49	12		
Lugo	67	73	11	5	3
Área Sanitaria Lugo-A Mariña-Monforte	67	73	11		
Ourense	92	99	9	5	3
Área Ourense-Verín-O Barco	92	99	9		
Pontevedra	62	92	18	13	3
Adscritos Área de Santiago	9	12	2		
Área Sanitaria Pontevedra-Salnés	27	36	8		
Área Sanitaria Vigo	26	44	8		
Total	314	397	67	35	14

[actualización a 31/12/2019]

Fonte: Ministerio de Sanidad

4.1.7.

funcións por cada mil nacidos vivos (2,36 no ano anterior), o que representa a taxa máis reducida de toda a serie estatística. De igual xeito que nos dous anos anteriores, a taxa de mortalidade infantil en Galicia é inferior á media estatal, que no ano 2019 foi de 2,65 falecementos por cada mil nacidos vivos. Comparado co resto das CC.AA., tras o importante descenso do último ano Galicia pasa de ser a segunda Comunidade Autónoma con menor taxa de mortalidade infantil tras Cantabria (1,13).

En relación á taxa de interrupción voluntaria do embarazo (IVE), o número de interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos mantívose estable en Galicia no ano 2019 (último dato dispoñible) nas 6,41 interrupcións. Este dato sitúa a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida tras A Ríoxa (6,18), moi por debaixo da taxa media no conxunto do Estado que foi de 11,53 interrupcións nese ano.

Os datos proporcionados polo Rexistro Nacional de Casos de SIDA reflicten que, segundo as notificacións recibidas no ano 2019, rexistráronse en Galicia 153 novos casos de SIDA (119 no ano anterior), a cifra máis elevada dende o ano 2015.


Indicadores de centros sanitarios

Os datos do Barómetro sanitario de 2019 publicado polo Ministerio de Sanidad reflicten unha valoración positiva do sistema sanitario galego, acadando unha puntuación media de 6,78 puntos sobre 10, similar á rexistrada para o conxunto do sistema en España (6,74). Este grado de satisfacción é máis elevado no caso das consultas de atención primaria en centros de saúde, con 7,46 puntos, que no caso das consultas de atención especializada (6,94 puntos) e nas urxencias hospitalarias (6,19 puntos).

Non obstante, e a pesar desta similar valoración relativa, cómpre resaltar que a porcentaxe de cidadáns que manifestan que o sistema sanitario galego funciona ben ou bastante ben aínda que necesite algúns cambios ascende ata o 74,2%, catro puntos máis que o sinalado no ano anterior, situándose esta porcentaxe no 72,1% no conxunto do Estado.

Os principais problemas que teñen de ser solucionados en opinión dos galegos son novamente os das listas de agarda para seren atendidos, citadas polo 86,5% dos entrevistados, e a masificación (conxestión) das urxen-

Camas nos hospitais galegos 2008-20 (1)



(1) os datos de camas corresponden a 31 de decembro do ano anterior
 Fonte: IGE

4.1.8.

cias dos hospitais, citado polo 63,9%, manténdose en ambos os dous casos por baixo da media estatal, que se sitúa no 87,6% e 67,3%, respectivamente. A continuación situaríanse o pouco tempo que se lle dedica aos pacientes nas consultas e o copago de medicamentos, cun 54,1% e 39,7%, porcentaxes neste caso superiores aos rexistrados para o conxunto do sistema sanitario español (citados polo 46,7% e 33,6% dos entrevistados). Comparado co ano anterior cómpre resaltar o incremento da preocupación polo tempo de espera para seren atendidos, sendo esta medra superior a trece puntos en Galicia fronte aos oito puntos en España; ao mesmo tempo aumenta a percepción do copago como problema en Galicia (2,1 puntos porcentuais) ao contrario do que sucede no conxunto do Estado (2,8 puntos menos).


Os datos de centros sanitarios, tanto no que respecta a aspectos cuantitativos referidos a recursos materiais e humanos, como os reflectidos nos datos de volume e tempo de agarda nas listas de espera, son un indicador básico do funcionamento do sistema sanitario.

A estrutura organizativa do sistema galego de saúde divídese en áreas de xestión integradas, que á súa vez se subdividen en zonas básicas de saúde, que son o marco territorial da atención primaria. Como se reflicte no **cadro 4.1.7.**, Galicia conta con sete áreas sanitarias.

No que respecta aos distintos niveis de atención, o nivel asistencial que representa a entrada ao sistema sanitario é a atención primaria, sendo os centros de saúde os dispositivos asistenciais principais. Segundo os datos publicados polo Ministerio de Sanidad, Galicia conta con 397 centros de saúde e 67 consultorios locais. En canto á atención especializada, que se presta en centros de especialidade e en hospitais, Galicia dispón de 35 hospitais, dos que 14 dependen funcionalmente do Servizo Galego de Saúde.

Tal como se observa no **gráfico 4.1.8.**, por segundo ano consecutivo diminúe lixeiramente o número de camas instaladas nos hospitais galegos, de xeito que a 31 de decembro de 2020 existían un total de 9.779 camas instaladas, trinta menos que no ano anterior, o que representa 3,62 camas por cada mil habitantes.

Persoal sanitario 2008-19 (1)



(1) datos a 31 de decembro de cada ano.

(2) Non existen datos de número de pediatras nin de profesionais de atención primaria para os anos 2009 e 2011. Co obxecto de non distorsionar o gráfico e dada a estabilidade da serie tomamos para os anos 2009 e 2011 os datos rexistrados no ano anterior

Fonte: IGE

4.1.9.

Persoal sanitario colexiado (non xubilado) nas CC.AA. 2020

	Médicos	Enfermeiros	Enfermeiros-especialidade matrona	Dentistas	Farmaceuticos
	(colexiados por 100.000 habitantes)		(colexiados por 100.000 mulleres entre 15 e 49 anos)	(colexiados por 100.000 habitantes)	
Andalucía	418,3	452,0	56,9	74,3	143,1
Aragón	564,9	697,8	98,3	70,2	125,3
Asturias	537,4	685,5	41,4	85,1	128,2
Baleares	438,6	561,3	73,9	65,8	106,4
Canarias	468,4	309,8	23,7	61,4	135,4
Cantabria	538,7	655,1	121,4	70,7	123,7
Castela e León	509,7	717,2	106,4	64,0	159,1
Castela-A Mancha	389,5	601,4	72,8	49,3	131,6
Cataluña	486,3	637,6	61,2	77,4	137,2
C. Valenciana	455,9	543,7	72,2	86,9	144,6
Extremadura	485,3	699,4	80,6	58,4	147,8
Galicia	465,6	527,6	66,3	84,0	174,5
Madrid	616,1	674,4	86,7	128,5	199,9
Murcia	473,5	466,6	80,8	79,8	115,5
Navarra	544,9	870,7	167,3	58,9	213,5
País Vasco	560,4	788,8	129,3	85,7	148,8
A Ríoxa	454,2	-	-	83,0	138,9
Ceuta	376,0	644,9	81,1	44,0	104,7
Melilla	356,0	778,3	141,4	53,4	103,2
Total	490,2	583,3	73,1	82,1	150,4

Fonte: INE, *Estadística de Profesionales Sanitarios Colegiados*

4.1.10.

Recursos humanos en atención primaria 2019-20: distribución por categoría profesional⁽¹⁾

	2019	2020
Calefactor/a	-	1
Celador/a	377	354
Conductor/a	30	28
Costureiro/a	2	2
Electricista	4	7
Enfermeiro/a	2.666	2.681
Enfermeiro/a especialista en enfermería familiar e comunitaria	-	56
Enfermeiro/a especialista en enfermería pediátrica	-	17
Enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía (matrón/a)	-	162
Enxeñeiro/a técnico/a	3	4
Facultativo/a especialista en farmacia hospitalaria	-	2
Facultativo/a Esp. Area	2	-
Farmacéutico/a de atención primaria	74	75
Fisioterapeuta	163	178
Grupo administrativo da función administrativa	24	25
Grupo auxiliar da función administrativa	357	361
Grupo de xestión da función administrativa	21	16
Grupo técnico da función administrativa	20	21
Lavandeiro/a	2	2
Limpador/a	6	6
Matrón/a	161	-
Mecánico/a	1	2
Médico/a de familia	2.528	2.548
Odontólogo/a de atención primaria	116	119
Pasador/a de ferro	3	4
Pediatra de atención primaria	293	286
Persoal de servizos xerais	1.175	1.281
Persoal técnico superior en prevención de riscos laborais	1	1
Técnico/a de saúde de atención primaria	7	7
Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería	283	303
Técnico/a de Saúde de A.P.	-	-
Técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información	6	6
Técnico Superior Especialista	104	-
Técnico/a superior en hixiene bucodental	-	108
Técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico	-	1
Técnico/a superior en organización e administración sanitaria	-	1
Técnico/a xestión de sistemas e tecnoloxías da información	5	8
Telefonista	7	5
Traballador/a social	83	87
Xefe/a Taller	1	-
Total	8.525	8.765

(1) medias diarias
Fonte: SERGAS

4.1.11.

Dentro dos indicadores que permiten valorar o funcionamento do sistema sanitario, é fundamental ter en conta o concenrente aos **recursos humanos**. Segundo os datos publicados polo IGE, o número de profesionais integrados no modelo de atención primaria do Sergas a 31 de decembro de 2019 ascendía a 7.398 persoas, das que 2.608 son médicos e 2.219 ATS-DUE. En termos

relativos, tal como se mostra no **gráfico 4.1.9.**, Galicia conta con 2,7 profesionais de atención primaria por cada 1.000 habitantes, e un pediatra por cada 1.000 nenos menores de 14 anos.

No ano 2020 exerceron en Galicia 465,6 médicos e 527,6 profesionais de enfermería por cada 100.000 ha-

Atención especializada 2014-20 ⁽¹⁾: evolución do persoal facultativo e do persoal en formación

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Persoal facultativo	4.617	4.653	4.757	4.835	4.901	5.002	5.149
Persoal en formación (2)(3)	1.064	1.048	1.029	1.371	1.399	1.430	1.357

(1) Medias diarias

(2) Inclúe a licenciados e diplomados sanitarios en AE e AP

(3) A baixada en 2020 débese á toma de posesión extemporánea por causa da COVID.

Fonte: SERGAS, Recursos humanos

4.1.12.

bitantes, **cadro 4.1.10.**, por debaixo en ambos casos da media estatal, que se sitúa en 490,2 médicos e 583,3 enfermeiros/as por cada 100.000 habitantes.

Os datos presentados nos **cadros 4.1.11.** e **4.1.12.** rexistran o número de profesionais en atención primaria e especializada en termos de medias diarias, o que permite evitar o sesgo provocado pola estacionalidade das contratacións en períodos onde se incrementan as patoloxías ou en períodos vacacionais. En Galicia exercen de media diariamente 2.548 médicos de familia e 2.568 enfermeiros/as no ano 2020. No que respecta á atención especializada, continúa o incremento do persoal facultativo, exercendo diariamente unha media de 5.149 persoas e outros 1.357 facultativos en formación.

Un dos obxectivos prioritarios a acadar no ámbito sanitario é a redución das listas de agarda e do tempo medio que teñen que agardar os pacientes para seren operados. Dunha banda, influenciado pola expansión da covid-19, no conxunto do ano 2020 ráchase a tendencia decrecente do tempo medio de agarda para unha operación cirúrxica iniciada en 2013, presentando no último ano unha medra interanual de 19 días. Segundo os datos do Servizo Galego de Saúde (Sergas) a 31 de decembro de 2020 o tempo medio de agarda dos centros do Sergas ascende ata os 72,9 días fronte aos 53,9 días do ano anterior 2019, o nivel máis elevado dende 2015, situándose en 70 días no caso do H. Povisa (62 días na mesma data do ano anterior). Doutra banda, o número de persoas en lista de espera cirúrxica no Servizo Galego de Saúde (incluído Povisa) ascende no último ano ata as 35.817 persoas, o que

supón unha medra 97 persoas máis respecto ao ano anterior.

Das sinaladas 35.817 persoas en lista de espera estrutural cirúrxica (**cadro 4.1.14.**), o 73,7% teñen que agardar menos de tres meses para operarse, fronte ao 20,2% correspondente a un tempo de tres a seis meses. No ano anterior, esta porcentaxe ascendía ata o 79,5% no primeiro caso, situándose no 15,2% no caso da lista de agarda de tres a seis meses.


O 26,1% do total de doentes inscritos na lista estrutural cirúrxica dos hospitais propios do Sergas son da especialidade de traumatoloxía, aumentando significativamente a súa espera media ata os 84,6 días (62 días no ano anterior). A seguinte especialidade en número de pacientes en lista de agarda é a oftalmoloxía (21,7% dos pacientes), cuxa espera media medra ata os 63,5 días, trece máis que no ano anterior, e a cirurxía xeral e dixestiva (17,5% das persoas en lista de agarda), que presenta unha espera media de 67,3 días (51,5 días no ano anterior).

No caso das patoloxías máis graves (prioridade 1), o tempo medio de espera nos hospitais do Sergas ascendía, a 31 de decembro de 2020, ata os 18,2 días fronte aos 17 días do ano anterior, cumprindo así o obxectivo inicial que estaba fixado en 30 días. Por contra, a diferenza do acontecino no ano anterior, no caso das patoloxías de prioridade 2 incúmrese o obxectivo de 60 días, aumentando o tempo de espera medio ata os 70,4 días cando no ano anterior o tempo medio de agarda era de 54,9 días.

No concernente ás listas de agarda de consultas exter-

Lista de espera estrutural cirúrxica 2020 ⁽¹⁾

	Total	0-3 meses	3-6 meses	6-12 meses	máis 12 meses	Tempo medio de espera (en días)
Total centros Sergas	32.906	24.441	6.313	1.944	208	72,9
A.S. A Coruña - Cee	6.148	4.444	1.212	469	23	77,6
A.S. Santiago - Barbanza	7.107	5.136	1.639	332	-	72,0
A.S. Ferrol	1.986	1.476	255	207	48	79,8
A.s. Lugo - A Mariña - Monforte	4.297	3.034	891	288	84	79,2
A.S. Ourense - Verín - O Barco	3.335	2.641	496	164	34	66,4
A.S. Pontevedra - Salnés	3.209	2.478	398	314	19	73,7
A. S. Vigo	6.824	5.232	1.422	170	-	66,3
Hospital Povisa	2.911	1.950	918	43	-	70,0

Tempo medio de espera 2008-20 ⁽²⁾

(1) a lista de espera estrutural cirúrxica inclúe a todos os pacientes que nun momento dado están en espera da realización dunha intervención cirúrxica en quirófano, tanto con ingreso como ambulatoria, e así a espera é atribuíble á organización dos recursos dispoñíbles.

(2) calculado como o cociente do total de días en espera estrutural entre a data de inclusión e a data de análise e o total de pacientes pendentes en espera estrutural na data de análise.

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.13.

nas nos hospitais do Sergas, **cadro 4.1.15.**, a 31 de decembro de 2020 había un total de 124.404 persoas en lista de espera, o que supón un descenso do 25,4% respecto á mesma data do ano anterior (42.423 persoas menos). Así mesmo, o tempo medio de espera aumenta no último ano ata os 49,3 días, case oito máis que no ano anterior (41,5 días). As especialidades con maior número de persoas en lista de espera seguen a ser as de oftalmoloxía e traumatoloxía, con 23.783 e 20.812 persoas cada unha, aumentando considerablemente a espera media ata os 55,1 días e 62,9 días, respectivamente, cando no ano anterior superaban

lixeiramente os 45 e 46 días. As especialidades con maior tempo medio de espera son as de rehabilitación, con 77,8 días (42,7 no ano anterior) e traumatoloxía, cos devanditos 62,9 días.

Respecto ás listas de agarda de probas diagnósticas, a radioloxía é a que presenta o maior número de persoas en lista de agarda, con 61.387 persoas (5.308 menos que en 2019), seguido polas endoscopias, cuxa lista de espera aumenta ata as 9.596 persoas, 764 máis que no ano precedente. En ambos os dous casos o tempo medio de agarda aumenta en torno a 34,5 días, situán-

Lista de espera cirúrxica a 31 de decembro de 2020: distribución por servizos

	SERGAS			POVISA		
	pacientes en lista de espera estrutural		tempo medio de espera (en días)	pacientes en lista de espera estrutural		tempo medio de espera (en días)
	total	0-3 meses		total	0-3 meses	
Total especialidades	32.906	24.441	72,9	2.911	1.950	70,0
Anxioloxía / Cir. Vascular	993	894	56,4	98	78	57,9
Cirurxía cardíaca	258	146	83,9	-	-	-
Cirurxía cardíaca infantil	2	2	32,5	-	-	-
Cirurxía maxilofacial	294	230	59,5	418	253	77,6
Cirurxía pediátrica	768	530	78,7	-	-	-
Cirurxía plástica e reparadora	828	564	87,7	134	89	66,3
Cirurxía torácica	134	124	39,2	-	-	-
Cirurxía xeral e dixestiva	5.752	4.393	67,3	439	344	55,8
Dermatoloxía	762	624	57,5	-	-	-
Neurocirurxía	755	443	104,4	14	12	45,3
Oftalmoloxía	7.157	5.665	63,5	808	540	69,1
Otorrinolaringoloxía	2.064	1.341	77,8	81	68	57,7
Traumatoloxía	8.607	6.111	84,6	691	382	84,1
Uroloxía	3.040	2.174	75,6	142	103	65,0
Xinecoloxía	1.492	1.200	55,0	86	81	44,2

Fonte: SERGAS, Listas de espera

4.1.4.

Lista de espera de consultas externas nos hospitais do Sergas 2020

	0 - 3 m	3 - 6 m	6 - 12 m	Máis de 12 m	TOTAL	Tempo medio de espera
Alergoloxía	1.332	137	38	-	1.507	37,6
Anestesioloxía e reanimación	682	-	-	-	682	34,1
Anxioloxía e cirurxía vascular	1.185	275	-	-	1.460	55,2
Cardioloxía	2.520	119	89	-	2.728	39,8
Cirurxía cardíaca	15	-	-	-	15	17,3
Cirurxía maxilofacial	248	-	-	-	248	19,0
Cirurxía pediátrica	732	-	-	-	732	31,7
Cirurxía plástica e reparadora	401	31	-	-	432	40,3
Cirurxía torácica	44	-	-	-	44	11,8
Cirurxía xeral e dixestiva	5.502	432	-	-	5.934	39,5
Dermatoloxía	5.208	1.053	383	36	6.680	60,7
Dixestivo	3.152	1	-	-	3.153	27,8
Endocrinoloxía	2.259	60	-	-	2.319	34,1
Hematoloxía clínica	247	-	-	-	247	17,2
Medicina interna	1.170	40	-	-	1.210	25,9
Medicina nuclear	2	-	-	-	2	4,5
Nefroloxía	189	1	-	-	190	16,3
Neumoloxía	1.655	4	-	-	1.659	26,5
Neurocirurxía	1.576	374	-	-	1.950	52,7
Neuroloxía	4.011	7	-	-	4.018	29,3
Obstetricia	378	-	-	-	378	7,9
Oftalmoloxía	20.521	2.407	855	-	23.783	55,1
Oncoloxía médica	113	-	-	-	113	4,5
Otorrinolaringoloxía	6.280	45	-	-	6.325	30,4
Pediatría	3.040	26	-	-	3.066	34,7
Psiquiatría	4.743	151	13	-	4.907	32,0
Radioterapia	42	-	-	-	42	5,3
Rehabilitación	8.956	1.778	784	428	11.946	77,8
Reumatoloxía	2.934	-	-	-	2.934	33,1
Traumatoloxía	16.287	3.362	1.103	60	20.812	62,9
Uroloxía	5.167	756	50	-	5.973	47,5
Xeriatría	243	-	-	-	243	37,2
Xinecoloxía	8.472	200	-	-	8.672	35,4
Total	109.306	11.259	3.315	524	124.404	49,3

Fonte: SERGAS, Listas de espera

4.1.15.


Lista de espera de probas diagnósticas nos hospitais do Sergas 2020

	0 - 3 m	3 - 6 m	6 - 12 m	más 12 m	TOTAL	Tempo medio de espera
Radioloxía	39.219	11.637	9.321	1.210	61.387	94,5
Medicina nuclear	185	5	-	-	190	24,5
Endoscopias	4.635	1.984	1.861	1.116	9.596	154,3
Electrofisioloxía	3.590	1.097	776	151	5.614	94,8
Estudos	3.111	498	755	261	4.625	105,4

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.16.

Doantes por cada millón de habitantes en Galicia e España 2008-2020



Fonte: Organización Nacional de Trasplantes

4.1.17.

dose en 154,3 días no caso das endoscopias e en 94,5 días nas probas radiolóxicas.


Finalmente, no que respecta ás doazóns e transplantes, a crise sanitaria afectou á evolución crecente do número de transplantes e persoas doantes, se ben mantén taxas de doazón moi superiores ás do conxunto da Unión Europea e á meirande parte das CC.AA. No último ano o número de doantes en España situouse en 1.777 persoas, o que representa unha caída do 22,8% respecto ao ano anterior, sendo este descenso interanual do 19,1% en Galicia. A pesar das dificultades existentes por mor da expansión do coronavirus, Galicia é

unha das nove CC.AA. que superan os 40 doantes por millóns de habitantes, acadando os 40,7 doantes por millón de poboación), dez menos que no ano anterior (50,6 doantes pmp) descendendo en España ata os 37,3 doantes pmp (49 no ano precedente). Cómpre resaltar que o complexo hospitalario universitario da Coruña (CHUAC) rexistra en 2020 a maior actividade en España no caso dos transplantes cardíacos.

Indicadores de gasto sanitario público

Tomando como referencia o orzamento inicial de gasto, Galicia presenta por sexto ano consecutivo un incre-

Gasto sanitario en euros por habitante en Galicia e España 2008-20



(Año 2020 provisional)

Fonte: Ministerio de Sanidad, Recursos económicos del Sistema Nacional de Salud

4.1.18.

Prestación farmacéutica a través de receita nas CC.AA. 2020

	Gasto farmacéutico			Receitas facturadas			Gasto medio por receita facturada	
	2020	20/19	20/11 (1)	2020	20/19	20/11 (1)	2020	20/19
	(en millóns de euros)	(%)	(%)	(nº)	(%)	(%)	(en euros)	(%)
Andalucía	1.980,8	4,2	8,6	183.764.049	1,7	2,7	10,78	2,47
Aragón	340,0	1,7	-3,0	28.873.401	0,2	-1,8	11,77	1,55
Asturias	288,9	1,9	-8,9	24.883.271	0,7	-1,7	11,61	1,22
Baleares	235,0	3,7	14,9	19.181.830	2,1	5,9	12,25	1,58
Cantabria	156,4	4,1	10,6	13.806.970	3,1	18,6	11,33	1,07
Castela-A Mancha	542,3	3,4	0,6	47.720.808	3,9	3,6	11,37	-0,44
Castela e León	655,9	3,8	-1,3	55.236.277	1,9	2,7	11,87	1,89
Cataluña	1.528,0	1,7	-9,2	137.056.318	-1,7	-11,3	11,15	3,53
Canarias	556,8	5,0	14,2	49.495.381	4,9	18,7	11,25	0,18
C. Valenciana	1.297,2	0,5	-7,8	108.336.346	-2,5	-5,1	11,97	3,01
Extremadura	332,5	2,7	0,9	27.929.201	2,0	3,2	11,91	0,76
Galicia	737,7	2,6	-11,0	64.973.943	1,4	-2,6	11,35	1,16
Madrid	1.304,3	1,9	10,0	122.646.979	1,8	11,5	10,63	0,09
Murcia	392,6	4,1	1,8	32.684.692	1,8	4,0	12,01	2,21
Navarra	138,1	1,3	-6,9	11.789.059	-0,6	-4,1	11,71	1,83
País Vasco	486,7	1,5	-8,9	42.111.872	0,0	-3,3	11,56	1,58
A Ríoxa	73,8	0,4	-6,9	6.371.991	-0,6	0,1	11,58	1,14
Ceuta	16,0	0,2	11,0	1.237.307	-4,8	0,8	12,92	5,30
Melilla	14,7	-0,4	21,3	1.099.367	-2,8	4,7	13,35	2,46
Total	11.077,6	2,6	-0,5	979.199.062	0,8	0,6	11,31	1,80

(1) variación antes/después de la reforma del modelo de prestación farmacéutica

Fonte: Ministerio de Sanidad, Facturación de recetas médicas

4.1.9.

mento do seu gasto sanitario, que se sitúa en 4.109,6 millóns de euros, o quinto máis elevado de todo o Estado. Este importe representa o 6,3% do total estatal, porcentaxe superior ao peso relativo da poboación galega (5,7%). En relación ao ano anterior, este incremento foi do 3,1%, máis de dous puntos por baixo da media española (5,4%).

O aumento do gasto sanitario unido ao estancamento da poboación, produce unha nova medra do gasto sanitario medio por habitante. O gasto per cápita total ascendeu en Galicia a 1.520,82 euros, importe superior ao gasto medio a nivel estatal que se sitúa en 1.387,46 euros. Ao longo de todo o período 2008-2020 o gasto sanitario per cápita en Galicia sitúase por riba da media española, situándose no último ano o seu diferencial en 133,36 euros, cifra tan só inferior á do ano precedente (149,11 euros) (**cadro 4.1.18.**).

Finalmente, no que respecta á evolución do gasto público en farmacia a través de receitas oficiais facturadas, no ano 2020 aumenta o gasto farmacéutico en Galicia un 2,6% ata situarse en 737,7 millóns de euros, motivado en parte por un incremento do 1,4% no número de receitas respecto ao ano precedente. Tras esta evolución o importe medio por receita ascende a 11,35 euros, un 1,2% máis que no ano anterior (1,8% en España) (**cadro 4.1.19.**).

Este aumento no gasto farmacéutico mantén novamente a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma co gasto máis elevado, tras Andalucía, Cataluña, Madrid e a Comunidade Valenciana. En relación ao ano 2011, cando se implantou a reforma do modelo de prestación farmacéutica, o gasto farmacéutico descendeu nun 11% en Galicia, a porcentaxe máis elevada de todas as CC.AA., situándose esta taxa de variación interanual no 0,5% no conxunto do Estado.

Evolución e incidencia do coronavirus

O obxectivo deste último apartado é analizar a evolución da incidencia sanitaria do coronavirus dende a aparición do primeiro caso sospeitoso en Galicia o 4 de marzo de 2020. En termos agregados, os datos do ser-


gas indican que a 31 de decembro de 2020 o número total de casos ascende en Galicia a 63.697 dos que 56.345 corresponden a persoas con alta hospitalaria ("curados"), 5.941 casos a persoas con infección activa e se rexistraron 1.411 falecementos. Atendendo á súa evolución ao longo do ano rexistráronse un total de fortes picos nos meses de abril e novembro, iniciándose despois de nada unha terceira ola do coronavirus, que leva a acadar as maiores cifras de falecementos nos meses de xaneiro e febreiro de 2021.

A Red Nacional de Vigilancia Epidemiológica (Renave) reflicte que a incidencia do coronavirus é superior no caso das mulleres, que concentran o 53,8% dos casos notificados, experimentándose esta situación nos diferentes grupos de idade considerados agás no caso das persoas menores de 19 anos. Cómpre mencionar que entre as persoas maiores de 80 anos (6.448 casos), as mulleres representan o 65,8% das notificacións, sendo esta porcentaxe 54,7% entre as persoas de 40 a 49 anos (**cadro 4.1.20.**).


En relación ao número total de casos notificados, no conxunto do ano 2020 o maior número de casos notificados corresponde, tanto no caso dos homes como das mulleres, ás persoas con idades comprendidas entre 40 e 49 anos, que concentran o 16,6% do total galego (10.256 notificacións), situándose esta porcentaxe no 16,3% no caso das notificacións totais entre os homes e no 16,8% entre as mulleres. A continuación sitúase o grupo de persoas de 50-59 anos, que representan o 15,1% das notificacións (9.355), sendo esta porcentaxe superior no caso dos homes, co 15,5% (14,8% entre as mulleres). Asemade, cómpre resaltar o diferente peso relativo existente entre homes e mulleres no caso das persoas maiores de 80 anos, xa que representan o 12,8% das notificacións totais das mulleres e do 7,7% no caso dos homes.

No concernente á evolución do número de pacientes con infección activa por coronavirus, o **gráfico 4.1.22.** amosa a súa evolución en Galicia, diferenciando con carácter xeral dúas ondas en 2020 e un fortísimo crecemento tras a relaxación das medidas de restrición de mobilidade en Nadal. Atendendo aos datos facilitados

Casos notificados en Galicia a 31 de decembro de 2020 (datos acumulados): distribución segundo grupos de idade



Peso relativo na poboación galega en cada grupo de idade



(consulta 22-04-2021)

Fonte: Red Nacional de Vigilancia Epidemiológica; Centro Nacional de Epidemiología; Instituto de Salud Carlos III e IGE

4.1.20.

Evolución mensual do número de casos notificados en Galicia: distribución segundo grupos de idade


	0-9	10-19	20-29	30-39	40-49	50-59	60-69	70-79	80+
2020									
marzo	30	63	275	494	735	788	906	888	781
abril	39	74	239	391	614	659	511	521	889
maio	8	12	30	43	75	55	38	44	61
xuño	6	4	16	22	15	14	3	5	6
xullo	38	46	141	90	85	42	51	28	16
agosto	351	452	854	831	778	622	416	320	307
setembro	469	520	989	989	1.146	993	645	491	606
outubro	683	1.238	1.652	1.881	2.207	2.100	1.496	1.080	1.231
novembro	1.021	1.396	1.473	1.931	2.652	2.310	1.656	1.276	1.609
decembro	759	1.057	1.198	1.454	1.949	1.772	1.245	904	942
2021									
xaneiro	2.554	3.371	3.612	4.612	6.413	5.595	4.086	2.885	3.009
febreiro	1.397	1.583	1.226	1.712	2.555	1.986	1.446	1.097	1.098
marzo	389	524	556	616	791	585	481	351	302

(consulta 22-04-2021)

Fonte: Red Nacional de Vigilancia Epidemiológica; Centro Nacional de Epidemiología; Instituto de Salud Carlos III

4.1.21.

Evolución do número de casos activos en Galicia 2020-21: distribución segundo áreas sanitarias



Consulta: 15-4-2021
 Fonte: Sergas


4.1.22.

polo Sergas, un primeiro pico acádase no 8 de abril, con 5.481 persoas con infección activa, descendendo posteriormente ata mediados de xullo, cando se inicia unha nova onda da expansión da pandemia, que acadará o seu máximo o 6 de novembro, con 10.368 persoas. Tras as vacacións de Nadal, Galicia presenta un acusado e significativo incremento, iniciando a denominada terceira onda, superando entre o 27 de xaneiro e o 3 de febreiro de 2021 os 22.000 pacientes sen alta.

Con carácter xeral as sete áreas sanitarias seguen unha evolución similar, cunha primeira onda no mes de abril, e unha terceira onda nos dous primeiros meses do ano 2021. As principais particularidades ou diferenzas experimentáanse na devandita segunda onda, e así cómpre

resaltar en primeiro lugar que a área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte, por mor do brote na Mariña lucense, concentra entre o 7-16 de xullo máis do 70% dos casos activos en Galicia, porcentaxe que supera o 80% os días nove e dez. Doutra banda, antes do mencionado segundo pico rexistrado en novembro, a área sanitaria de Coruña e Cee a finais de agosto e principios de setembro, e en menor medida ás de Lugo e Santiago a principios de setembro, presentan un significativo incremento das infeccións activas no seu ámbito territorial. Por último, como amosa o devandito **gráfico 4.1.22.**, a área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco adianta o seu pico da segunda onda ao mes de outubro, acadando o seu máximo entre os días 9 e 16, cando concentra máis dun terzo das hospitalizacións galegas.


Evolución do índice de incidencia acumulada a 7 e 145 días en Galicia 2020 (1)




(1) Os casos ubícanse temporalmente pola data do resultado da proba diagnóstica (PCR ou test rápido de antixenos)
Fonte: Xunta de Galicia

4.1.23.

Número de casos notificados nas uci galegas en 2020 (datos acumulados a 31 decembro): distribución segundo grupos de idade e sexo



Peso relativo no total de persoas na uci en Galicia




(consulta 22-04-2021)

Fonte: Red Nacional de Vigilancia Epidemiolóxica; Centro Nacional de Epidemioloxía; Instituto de Salud Carlos III

4.1.24.

**Evolución mensual do número de persoas falecidas en Galicia por mor do coronavirus
2020-21: distribución segundo áreas sanitarias**



	Area sanitaria						
	Coruña e Cee	Ferrol	Lugo, Mariña e Monforte	Ourense, Verín e O Barco	Pontevedra e O Salnés	Santiago e Barbanza	Vigo
2020							
marzo	40	8	9	22	8	19	30
abril	112	19	19	94	8	81	96
maio	14	6	-	15	-	11	5
xuño	-	-	1	1	-	-	1
xullo	-	-	-	-	-	-	-
agosto	12	-	10	3	1	-	-
setembro	24	-	50	18	3	6	3
outubro	24	8	10	88	11	25	19
novembro	60	34	29	52	24	26	75
decembro	28	15	17	17	26	26	48
2021							
xaneiro	120	42	30	44	32	76	72
febreiro	112	74	31	54	42	65	47
marzo	22	8	5	6	9	21	21

Consulta: 15-4-2021
Fonte: SERGAS, Datos Coronavirus


4.1.25.

Se se considera o índice de incidencia a sete e catorce días, expresado en número de casos por cada cen mil habitantes, o **gráfico 4.1.23.** amosa como o primeiro pico acádase o cinco de abril, cunha incidencia a catorce días os 179,8 casos por cada cen mil habitantes. Na segunda ola da crise o índice de incidencia supera os 225 casos entre o 25 de outubro e o 30 de novembro (máis de 300 casos entre o 31 de outubro e 13 de novembro), acadando un máximo o día cinco dese mes, con 341 casos por cada cen mil habitantes. Asemade, o gráfico reflicte o fortísimo incremento experimentado nos últimos días do ano 2020, dando inicio á denominada terceira onda da pandemia.

Un factor importante á hora de analizar a incidencia

do coronavirus é o referente ás ocupacións das UCI. Segundo os datos do Centro Nacional de Epidemioloxía entre marzo e decembro de 2020 un total de 1.120 persoas estiveron ingresados na UCI, das que o 70% foron homes (784 persoas) e o restante 30% mulleres (336 persoas). Este predominio rexístrase nos diferentes grupos de idade, salientando o diferencial existente no caso das persoas con idades comprendidas entre 70 e 79 anos, onde os homes representan o 73,3% do total de persoas desa idade que están na UCI fronte ao 26,9% das mulleres. Atendendo á súa distribución segundo grupos de idade cómpre resaltar a maior incidencia entre as persoas de 60 a 69 anos, que representan o 46,7% do total de persoas na UCI, seguidas polo grupo de idade de 70-79 anos, cun 27%,

Persoas falecidas en Galicia a 31 de decembro 2020 (datos acumulados): distribución segundo grupos de idade e sexo



(consulta 22-04-2021)

Fonte: Red Nacional de Vigilancia Epidemiológica; Centro Nacional de Epidemiología; Instituto de Salud Carlos III

4.1.26.

e as persoas de 50 a 59 anos, co 12,7% (**cadro 4.1.24.**).

Respecto ao número de persoas curadas, a 31 de decembro de 2020 o número de pacientes con alta (curados) ascende a 56.345 persoas, a metade das persoas curadas a finais de marzo de 2021 (114.307 persoas).

No que ao número de falecementos se refire, o sergas amosa que dende o 14 de marzo de 2020 ata o 31 de decembro o número de persoas falecidas ascende a 1.411. Como reflicte o **cadro 4.1.25.**, Galicia presenta nese ano dúas ondas claramente diferenciadas, acadando un primeiro pico no mes de abril, con 429 persoas falecidas (o dez de abril rexistrouse un máximo con 31 falecementos), e un segundo pico en novembro, con 300 persoas falecidas (16 falecementos o día

11). A relaxación das restricións nas vacacións de Nadal levou a un novo pico a finais de xaneiro e principios de febreiro, rexistrándose entre os días 26 de xaneiro e 5 de febreiro unha media de 26 falecementos diarios.

Segundo os datos da RENAVE, sete de cada dez persoas falecidas por coronavirus a 31 de decembro de 2020 son persoas maiores de 80 anos (1.025 persoas), mentres que as persoas con idades comprendidas entre 70 e 79 anos representan o 16,9% e as de 60-69 anos un 10,2%. O **cadro 4.1.26.** amosa que esta importancia relativa varía significativamente segundo sexo, de xeito que do total das mulleres falecidas o 81,7% son maiores de 80 anos fronte aos 59,8% no caso dos homes. Por contra, esta porcentaxe é superior no caso das homes tanto no caso das persoas de 70-79 anos (22,4%

Evolución mensual do número de falecementos en Galicia: distribución segundo grupos de idade

	20-29	30-39	40-49	50-59	60-69	70-79	80+	Total
2020								
marzo	-	1	1	4	7	31	91	135
abril	-	1	1	14	26	77	310	429
maio	-	-	-	1	3	12	35	51
xuño	-	-	-	-	-	1	2	3
xullo	-	-	-	-	-	-	-	-
agosto	-	-	-	-	3	3	19	25
setembro	-	-	-	3	6	17	77	103
outubro	-	-	-	5	11	29	140	185
novembro	1	-	-	7	16	48	227	299
decembro	-	-	1	2	10	30	124	167
2021								
xaneiro	-	-	2	11	37	77	289	416
febreiro	-	1	2	20	25	89	283	420
marzo	-	1	-	2	6	36	47	92

(consulta 22-04-2021)

Fonte: Red Nacional de Vigilancia Epidemiológica; Centro Nacional de Epidemiología; Instituto de Salud Carlos III

4.1.27.

Evolución mensual do número de falecementos en residencias de maiores por covid-19 en Galicia: distribución segundo provincia

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
2020	156	81	170	164	571
marzo	15	-	7	10	32
abril	86	4	60	65	215
maio	18	-	3	3	24
xuño	1	-	-	-	1
xullo	-	-	-	-	-
agosto	2	7	-	-	9
setembro	5	33	2	-	40
outubro	8	2	58	4	72
novembro	21	16	33	42	112
decembro	-	19	7	40	66
2021	104	33	26	39	202
xaneiro	51	21	14	18	104
febreiro	48	12	12	19	91
marzo	5	-	-	2	7

Fonte: Consellería de Política Social

4.1.28.

e 10,7%, respectivamente) como de 60 a 69 anos (14,1% e 5,7%).

Atendendo á súa distribución segundo áreas sanitarias, o devandito **cadro 4.1.25.** reflicte que son as áreas sanitarias da Coruña e Cee e Ourense, Verín e O Barco as que presentan un maior número de persoas falecidas, con 314 e 310 falecementos a 31 de decembro de 2020, respectivamente. Por contra, os datos do Sergas amosan que son as áreas sanitarias de Pontevedra e O

Salnés e a de Ferrol as que presentan en termos absolutos o menor número de persoas falecidas, con 81 e 90 persoas, respectivamente.

Se se desagrega a evolución a nivel mensual, cómpre observar o desigual impacto nas sete áreas sanitarias galegas. Dunha banda, o maior impacto negativo da evolución da pandemia rexístrase na coñecida terceira onda nas áreas da Coruña e Cee, Ferrol e Pontevedra e O Salnés. Doutra banda, o pico no que ao número de

falecementos se refire acadouse no mes de abril nas áreas de Vigo, Ourense, Verín e O Barco e Santiago e Barbanza, en tanto que na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte, o máximo acádase no mes de setembro.

No que á evolución segundo grupos de idade se refire, do **cadro 4.1.27**, despréndese que no mes de abril, cando se acada o primeiro pico da pandemia, o 72,3% das persoas falecidas en Galicia tiñan 80 ou máis anos (310 persoas) fronte ao 17,9% no caso das persoas con idades comprendidas entre 70-79 anos (77 persoas). No devandito segundo pico da expansión do coronavirus acadado no mes de novembro, se ben o número de persoas falecidas é inferior ao primeiro (299 persoas), a incidencia nas persoas maiores de 80 anos é superior, representando o 75,9% das mortes nese mes fronte ao 16,1% no caso das persoas de 70 a 79 anos. Por último, tras as vacacións de Nadal o número de falecementos aumenta ata un nivel lixeiramente inferior ao acadado en abril de 2020, se ben redúcese o peso relativo das persoas maiores de 80 anos e aumenta o de 70-79 anos.

Por último, cómpre facer mención á evolución dos falecementos en residencias de maiores, salientando o seu forte impacto na primeira onda da pandemia. Como reflicte o **cadro 4.1.28**, entre marzo e decembro de 2020 faleceron nas residencias galegas un total de 571 persoas, acadando no mes de abril un máximo de 215 falecementos e un segundo pico no mes de novembro con 112 defuncións.

Atendendo á distribución provincial, no conxunto do ano a provincia de Ourense é a que presenta o maior número de falecementos, con 170 persoas falecidas, superando lixeiramente a Pontevedra e A Coruña, con 164 e 156 defuncións, respectivamente. Con todo, se se observa a evolución ao longo do último ano pódese resaltar que na primeira onda da pandemia o maior impacto da crise rexistrouse na Coruña, con 86 falecementos en abril (o 40% dos falecementos por covid nas residencias galegas nese mes). A finais do ano 2020, Pontevedra presenta o maior número de falecementos, con 82 defuncións entre novembro e decembro, o que

representa o 46,1% do total en Galicia neses dous meses. Asemade, Lugo presenta 33 falecemento no mes de setembro, o que supón o 82,5% do total galego, e Ourense 58 defuncións no mes de outubro, o 80,6%.

Se se considera a terceira onda da covid-19, o devandito **cadro 4.1.28**, amosa que o impacto negativo máis elevado nos meses de xaneiro e febreiro de 2021 rexistrouse na provincia da Coruña, con 99 falecementos neses dous meses das 195 persoas falecidas nas residencias galegas (50,8%). 

4.2. Pobreza e cohesión social

No capítulo 2 da Memoria analízase o impacto da crise sanitaria no mercado de traballo, cuxo axuste de emprego afecta en maior medida aos colectivos máis vulnerables así como a sectores nos que se concentran salarios medios máis reducidos. A pesar de que aínda non é posible coñecer con exactitude o incremento da pobreza e a vulnerabilidade orixinada pola covid-19, o agravamento das condicións de vida está a ser mitigado en parte polas prestacións contributivas como os ERTE ou as prestacións por desemprego, así como polas prestacións para traballadores autónomos.

Asemade, aínda que se analice no apartado seguinte, cómpre resaltar a entrada en vigor no mes de xuño de 2020 do ingreso mínimo vital, dirixido a prever o risco de pobreza e exclusión social de persoas que viven soas ou están integradas nunha unidade de convivencia e carecen de recursos económicos básicos para cubrir as súas necesidades básicas. Configúrase como prestación económica da Seguridade Social e actúa como unha rede de protección dirixida a permitir o tránsito dende unha situación de exclusión a unha participación na sociedade.

O capítulo parte da análise da estrutura dos fogares atendendo fundamentalmente ao número de perceptoros, así como dos gastos vinculados á vivenda. A continuación preséntanse os datos da taxa de pobreza e desigualdade social, que ao estaren referidos ao ano 2019 permiten coñecer cal é a situación ao comezo da crise. Con todo, o forte incremento da acción social das principais ONG ao longo do ano 2020 permitiría adiantar o acusado impacto negativo da crise nos colectivos máis vulnerables e un empeoramento dos principais indicadores de pobreza e desigualdade.

O terceiro apartado está dedicado á análise da dependencia, facendo mención tamén aos centros de día e centros residenciais. Á hora de analizar os datos das residencias e centros de maiores cómpre ter presente o forte impacto da covid-19, especialmente na primeira ola da pandemia, o que condiciona as comparacións con anos anteriores. Tal e como se reflicte no capítulo anterior, máis do 40% das persoas falecidas por covid en 2020 rexistráronse nos centros de maiores, superando esta porcentaxe o 50% no mes de abril. Asemade, consecuencia desta crise sanitaria houbo

Indicadores de pobreza en Galicia 2018-19

		Galicia	
		2018	2019
Taxa de risco de pobreza (1)	(%)	15,51	15,23
Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) (2)	(%)	18,95	18,83
Limiar monetario de pobreza segundo a composición do fogar (3)			
Fogar composto por unha persoa	(euros)	710,87	747,87
Fogar composto por dous adultos	(euros)	1.066,31	1.121,81
Fogar composto por dous adultos e dous menores de 14 anos	(euros)	1.492,83	1.570,53
Distribución entorno da renda baixa mediana (4)			
Taxa de risco de pobreza (40% da mediana)	(%)	5,19	5,24
Taxa de risco de pobreza (50% da mediana)	(%)	9,46	9,65
Taxa de risco de pobreza (70% da mediana)	(%)	23,41	22,84

(1) A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes

(2) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións:

- En risco de pobreza (o 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo)
- En carencia material severa
- Persoas de 0 a 59 anos en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo.

(3) o limiar monetario de risco de pobreza é o produto do limiar de risco de pobreza de Galicia polas unidades de consumo de cada fogar.

As unidades de consumo de cada fogar constrúense asignando 1 ao primeiro adulto (persoa de 14 ou máis anos), 0,5 ao resto de adultos dese fogar e 0,3 a cada neno (persoa de menos de 14 anos).

(4) a distribución entorno ao limiar da renda baixa é a porcentaxe de persoas que teñen uns ingresos equivalentes inferiores ao 40%, 50% e 70% da mediana de ingresos equivalentes

Data de consulta: 26/01/2021

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE. *Enquisa estrutural a fogares*.

4.2.1.

persoas que sacaron aos seus familiares dos centros residenciais ou dos centros de día. Posteriormente preséntanse os principais datos correspondentes á familia e a infancia; á violencia de xénero e violencia doméstica; e, en último lugar, faise referencia á atención a menores.

Estrutura dos fogares

Os factores económicos, sociais e demográficos determinan en gran medida o nivel de pobreza dun territorio. Así mesmo, un indicador do grao de benestar social ven determinado pola forma en que se organizan as estruturas familiares en base ao número de persoas que perciben ingresos dentro da vivenda familiar.

A Enquisa de Poboación Activa permite facer unha primeira aproximación ao impacto da covid nos fogares, ao reflectir que no conxunto do ano 2020 ráchase a tendencia descendente seguida polo número de fogares sen preceptores de ingresos e de fogares cun só preceptor iniciada en 2016. Dunha banda, en 2020 o 3,1% das vivendas familiares galegas non dispoñían de

ningunha persoa perceptora de ingresos (salario, algún tipo de pensión ou prestacións por desemprego), e no 41,8% das vivendas só unha persoa percibía algún ingreso económico. Doutra banda, e atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, Galicia conta con 34.100 fogares sen preceptores, 6.600 vivendas máis que no ano anterior (24% superior), o que representa o maior incremento dende o ano 2010. Asemade, 460.600 fogares galegos contan cun só preceptor, 8.300 fogares máis (1,8%), o que supón un incremento significativamente inferior ao experimentado entre 2011 e 2015 (14.500 vivendas máis de media anual; 3,4%).

Como reflicte o **cadro 4.2.2.**, esta medra é consecuencia fundamentalmente da evolución na provincia da Coruña, onde o número de fogares sen preceptores de ingresos medra un 53,1% respecto ao ano anterior (5.200 fogares máis), situándose en 2020 como a provincia con maior número de fogares nesta situación, con 15.000 vivendas. En Pontevedra o incremento foi do 12,3% (1.400 fogares máis que no ano precedente), ascendo o número de fogares sen preceptores de in-

Vivendas familiares 2016-20

	2016	2017	2018	2019	2020
<i>(miles de vivendas)</i>					
Total fogares					
Galicia	1.087,4	1.089,7	1.088,8	1.094,8	1.103,0
A Coruña	453,6	457,0	452,3	453,9	459,2
Lugo	134,2	134,6	136,1	136,8	135,6
Ourense	136,4	134,0	135,2	136,0	135,1
Pontevedra	363,2	364,1	365,3	368,0	373,1
Fogares sen perceptores de ingresos					
Galicia	37,0	34,7	31,8	27,5	34,1
A Coruña	14,1	14,4	10,7	9,8	15,0
Lugo	3,8	3,2	3,0	2,1	2,6
Ourense	3,8	4,0	3,8	4,2	3,7
Pontevedra	15,3	13,0	14,4	11,4	12,8
Fogares cun só perceptor de ingresos					
Galicia	468,6	464,7	457,4	452,3	460,6
A Coruña	195,1	195,7	187,9	187,3	191,9
Lugo	54,5	54,0	55,0	55,4	52,8
Ourense	62,3	58,4	61,0	58,3	58,0
Pontevedra	156,7	156,6	153,4	151,3	158,0

Fonte: IGE, EPA

4.2.2.

gresos ata os 12.800, o que supón o 3,4% das vivendas da provincia, a porcentaxe máis elevada das catro provincias.

Por contra, tan só Ourense presenta un descenso do número de fogares sen preceptores de ingresos, cunha caída do 23,8% respecto ao ano anterior (500 vivendas menos). Tras esta evolución o 2,7% dos fogares da provincia non teñen perceptores (3.700 vivendas). A pesar do incremento interanual do 23,8% (500 vivendas máis) Lugo segue a ser a provincia con menor peso relativo destes fogares, co 1,9% do total (2.600 vivendas sen perceptores de ingresos).


No concernente aos fogares cun só perceptor, fronte ao incremento experimentado en Pontevedra e A Coruña (4,4% e 2,5%, respectivamente), cómpre resaltar o descenso nas provincias de Ourense e especialmente Lugo, cunha redución do 0,5% e 4,7%, respectivamente. Tras esta evolución, o 38,9% das vivendas de Lugo (52.800 fogares) teñen un só perceptor, fronte ao 42,9% de Ourense (58.000 fogares). Este peso relativo ascende ata o 41,8% na Coruña e 42,3% en Pontevedra.

No conxunto da Comunidade autónoma case corenta e dous de cada cen fogares está composto por unha única persoa perceptor de ingresos.

En 2020 hai en Galicia un total de 363.700 vivendas nas que ningún dos seus membros ten a condición de activo, o que representa o 33% do total das vivendas familiares en Galicia, a porcentaxe máis elevada dende o ano 2010 (primeiro ano completo da serie publicada). Atendendo á evolución ao longo dos últimos anos, 2020 presenta o maior incremento interanual no período mencionado tanto en termos absolutos como relativos, con 13.100 vivendas máis (medra en 4.900 fogares no ano precedente), o que supón un 3,7% (1,4% en 2019).

Ao mesmo tempo, continúa o descenso do número de vivendas con polo menos un activo, que no último ano se sitúa en 739.300 vivendas (4.800 menos que no ano anterior; -0,6%), aumentando por contra no último ano o número de fogares onde todos os membros activos están parados, que en 2020 se sitúa en 54.600 fogares, 2.200 máis que no ano precedente (4,2%).

Prezos da electricidade e gas natural para consumidores domésticos en España e UE-27 2009-20 ⁽¹⁾



(1) prezo base 2009=100
Fonte: EUROSTAT

4.2.3.

Gastos medios por fogar e distribución porcentual en Galicia e España 2019

	Galicia		España	
	(€)	(%)	(€)	(%)
Alugueros imputados de vivenda	5.257,50	19,6	6.038,61	20,0
Alimentos	3.958,14	14,7	3.991,67	13,2
Restauración e comedores	2.024,26	7,5	2.589,63	8,6
Utilización de vehículos pessoais	2.277,45	8,5	2.125,99	7,0
Adquisición de vehículos	1.083,12	4,0	1.322,44	4,4
Electricidade, gas e outros combustibles	1.174,86	4,4	1.177,96	3,9
Alugueros reais de vivenda	679,03	2,5	1.129,56	3,7
Vestido	1.175,94	4,4	1.068,84	3,5
Seguros	978,85	3,6	1.055,47	3,5
Servizos postais, de telefonía e fax	813,74	3,0	851,02	2,8
Subministro de auga e outros servizos relacionados coa vivenda	592,05	2,2	820,27	2,7
Coidado persoal	704,02	2,6	780,26	2,6
Produtos, aparellos e equipos médicos	684,93	2,6	656,02	2,2
Bens e servizos para o mantemento corrente do fogar	445,38	1,7	584,88	1,9
Servizos recreativos, deportivos e culturais	370,46	1,4	535,47	1,8
Total	26.846,48	100,0	30.242,76	100,0

Fonte: INE, Encuesta de presupuestos familiares.

4.2.4.

Vivendas con execucións hipotecarias iniciadas 2019-20

	2019		2020	
	Galicia	España	Galicia	España
Nº total de fincas	2.604	56.787	1.785	34.750
Vivendas	1.368	27.488	793	18.903
Vivenda nova	184	6.431	186	3.112
Vivenda segunda man	1.184	21.057	607	15.791
Persoas físicas	258	7.382	243	9.407
Persoas xurídicas	1.110	20.106	550	9.496

Fonte: INE, Estadísticas sobre ejecuciones hipotecarias

4.2.5.

Xunto coa capacidade de ingreso, os gastos, e en concreto o gasto en insumos básicos, inflúe tamén na existencia de situacións de carencia material. Neste senso, no ano 2020, a diferenza do acontecido nos tres anos anteriores, obsérvase un descenso no prezo da enerxía eléctrica para os consumidores domésticos en España (**cadro 4.2.3.**) superior ao que se produce na UE. Segundo a Enquisa de Presupostos Familiares publicada polo INE, o peso relativo do gasto medio dos fogares galegos en electricidade, gas e outros combustibles aumenta por segundo ano consecutivo. En 2019 (último dato dispoñible) os fogares galegos dedicaron o 4,4% do seu orzamento a este concepto de gasto, fronte ao 4,2% do ano anterior (3,9% de media no conxunto do Estado). En termos absolutos, o gasto medio en consumo final por fogar neste concepto foi de 1.174,86 euros (1.177,96 euros en España), o que supuxo un incremento do 3,8% respecto ao ano anterior, o que contrasta co descenso do 0,1% rexistrado de media no conxunto do Estado.


O acceso á unha vivenda e tamén un determinante fundamental da pobreza e exclusión social, e, polo tanto, as dificultades para acometer os pagamentos de gastos relacionados coa vivenda principal, hipoteca ou aluguer. Dunha banda, o gasto en consumo final dos fogares no grupo de vivenda, incluído auga, electricidade, gas e outros combustibles ascende no último ano a 7.986 euros, o que representa o 29,7% do gasto medio por fogar (31,2% no conxunto de España). Cómpre mencionar que o gasto en aluguer real da vivenda au-

menta en Galicia un 7,6% respecto ao ano anterior para situarse nos 679 euros, o que representa o 2,5% do gasto medio, mentres que en España esta medra foi do 9,5% acadando os 1.130 euros, o 3,7% do gasto medio por fogar.

Doutra banda, asociado ás devanditas dificultades, os datos do INE sobre vivendas con execucións hipotecarias que se inician e inscriben nos rexistros da propiedade redúcense de xeito significativo no caso das vivendas de segunda man, permanecendo practicamente igual no caso das vivendas novas. Ao longo do ano 2020 iniciáronse en Galicia un total de 793 execucións hipotecarias (un 31,5% menos que no ano anterior), das que 186 corresponden a execucións sobre vivendas novas (1,1% máis) e 607 a vivendas de segunda man (48,7% menos). Neste último ano, o peso relativo das execucións hipotecarias iniciadas na Comunidade Autónoma no total estatal ascende ata o 5,1%, medio punto máis que no ano anterior, situándose esta porcentaxe no 6% no caso das vivendas novas (2,9% no ano anterior) e no 3,8% no das execucións en vivendas de segunda man (5,6% en 2019).

Asemade, o **cadro 4.2.5.** reflicte que en sete de cada dez casos o seu titular é unha persoa xurídica (69,4%), sendo esta relación de cinco de cada dez no conxunto do Estado (50,2%). Comparado co ano anterior, redúcese un 5,8% o número de execucións hipotecarias de persoas físicas en Galicia (15 menos), o que contrasta co incremento dun 27,4% no conxunto do Estado. Por

Lanzamentos practicados como consecuencia de procedementos derivados da Lei de Arrendamentos Urbanos 2013-2020



Fonte: Consejo General del Poder Judicial

4.2.6.

contra, as execucións de persoas xurídicas redúcense en máis da metade en ambos os dous casos.

Segundo os datos do Consejo General del Poder Judicial (CGPJ), **cadro 4.2.6.**, o número de desafuzamentos practicados por impago de aluguer redúcese un 36,1% en 2020 para situarse nos 1.150 desafuzamentos, o nivel máis baixo dende o ano 2013. Tras o descenso do 42% no conxunto do Estado, Galicia concentra o 5,4% dos desafuzamentos practicados en España, cinco décimas máis que no ano anterior, o que a sitúa como a taxa máis elevada dos oito anos considerados.

Niveis de pobreza e desigualdade de renda

O indicador de pobreza definido na Estratexia Europa 2020, abarca máis variables ademais da desigualdade monetaria e incorpora aspectos como a situación laboral ou a escaseza de recursos materiais. Este índice, denominado AROPE (At Risk Of Poverty and/or Exclusion), inclúe tanto as persoas que se atopan en risco de pobreza monetaria como os fogares con moi baixa intensidade de traballo —están nesta situación as persoas con

menos de 59 anos que viven en fogares cuxos membros adultos traballaron menos do 20% do seu potencial laboral total durante o ano anterior— e a privación material severa —porcentaxe de persoas que viven con escaseza de recursos ao non ter acceso, ao menos, a 4 dos seguintes 9 ítems: gastos imprevistos; unha semana de vacacións fóra da casa; pago da hipoteca ou das facturas de luz, auga, gas...; una comida de carne, polo, pescado ou proteína equivalente ao menos cada dous días; manter a vivenda a unha temperatura axeitada os meses de inverno; lavadora; televisión en cor; teléfono; e coche.

Os datos recollidos na Enquisa Estrutural a Fogares elaborada polo IGE correspondentes ao ano 2019 (último dato dispoñible), permiten coñecer a situación existente antes do inicio da actual crise socioeconómica orixinada pola covid. Coma se reflicte no **cadro 4.2.7.**, a taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) redúcese lixeiramente en Galicia neste último ano, para situarse no 18,8%. A súa distribución provincial da pobreza non é homoxénea, presentando novamente as provincias do norte de Galicia as taxa de

Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2017-19 ⁽¹⁾

	2017	2018	2019
	(%)		
Total	20,26	18,95	18,83
A Coruña	18,65	17,80	18,22
Lugo	18,06	18,52	18,24
Ourense	21,72	23,59	21,51
Pontevedra	22,46	18,97	18,91
Nacionalidade	20,26	18,95	18,83
Española	19,59	17,96	17,68
Estranxeira	47,81	58,87	54,94
Fogares con ou sen nenos e mozos a cargo	20,26	18,95	18,83
Fogares con nenos e mozos a cargo	23,02	20,19	20,61
Un adulto con nenos e mozos a cargo	52,70	48,48	46,41
Dous adultos con nenos e mozos a cargo	20,80	18,56	19,48
Dous adultos cun neno e mozo a cargo	16,74	18,26	14,88
Dous adultos con dous ou máis nenos e mozos a cargo	24,10	18,80	23,11
Tres ou máis adultos con nenos e mozos a cargo	22,16	18,01	17,61
Fogares sen nenos e mozos a cargo	17,92	17,92	17,41
Un adulto sen nenos e mozos a cargo	24,65	28,02	28,22
Dous adultos sen nenos e mozos a cargo	17,70	17,87	15,81
Tres ou máis adultos sen nenos e mozos a cargo	15,41	13,67	14,80
Fogares segundo tipoloxías	20,26	18,95	18,83
Unipersoal	24,65	28,02	28,22
Sen núcleo	18,25	23,70	20,01
Parella con fillos	19,45	16,89	17,40
Parella sen fillos	14,99	14,94	13,03
Monoparental	36,52	34,53	30,52
Un núcleo e outros	17,91	14,87	17,81
Varios núcleos	17,25	15,73	15,69

(1) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalguna das seguintes situación: 1) risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana; 2) en carencia material severa; 3) Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo, é dicir, onde o número de días que os adultos de 18 a 59 anos dese fogar tiveron ingresos por traballo supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano natural anterior á realización da enquisa

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.7.

risco de pobreza ou exclusión social máis reducidas, con taxas inferiores á media galega. Na Coruña e Lugo a taxa de pobreza ou exclusión social sitúase no 18,2%, acadando o 18,9% en Pontevedra e o 21,5% en Ourense.

A análise da taxa de risco de pobreza a nivel de áreas xeográficas, **cadro 4.2.8.**, mostra que a área de O Carballiño- O Ribeiro, que engloba ás dúas comarcas, presenta novamente a taxa de pobreza máis elevada, superando lixeiramente o 28%, seguida polas áreas de Lugo sur (comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos) e Ourense sur (Limia, Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana), co 25,2% e 24,7%, respectivamente. A continuación situaríase a área de Pontevedra

Sur, que engloba ás comarcas de A Paradanta, O Baixo Miño e O Condado, cunha taxa de risco de pobreza superior ao 24%. No extremo oposto sitúanse a área da Coruña suroriental (Arzúa, Ordes e Terra de Melide) e A Mariña, cun 13%, e a área de Santiago (A Barcala, O Sar e Santiago), cun 14,8%.

As variables demográficas determinan a existencia de diferenzas no risco de pobreza. De xeito similar ao observado a nivel español ou europeo, a poboación entre 16 e 24 anos é a que rexistra unha maior incidencia, de xeito que en Galicia o 25,5% destas persoas estarían en risco de pobreza, superando lixeiramente esta porcentaxe o 21,5% para as persoas de entre 50 e 64 anos e os menores de 16 anos. Como se aprecia no **cadro 4.2.9.**, entre

Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020)
2013-19: distribución segundo áreas

	2013	2018	2019
		(%)	
Total	22,83	18,95	18,83
A Coruña	22,27	17,80	18,22
A Coruña suroriental	19,61	17,20	12,96
Ferrol-Eume-Ortegal	26,70	18,62	18,88
Área da Costa da Morte	28,90	17,49	22,00
A Barbanza-Noia	17,81	16,05	18,61
Área da Coruña	21,20	18,98	19,00
Área de Santiago	18,65	15,69	14,82
Lugo	18,03	18,52	18,24
Lugo sur	22,67	18,04	25,21
Lugo oriental	14,72	22,00	17,51
Lugo central	15,53	17,12	18,60
A Mariña	22,63	20,40	12,97
Ourense	23,08	23,59	21,51
O Carballiño-O Ribeiro	30,97	29,75	28,21
Ourense central	21,95	23,73	18,21
Ourense sur	23,62	28,37	24,69
Área de Ourense	20,67	19,13	18,89
Pontevedra	25,14	18,97	18,91
Pontevedra nororiental	22,54	16,59	17,70
Pontevedra sur	29,55	25,73	24,07
Caldas-O Salnés	21,98	15,43	17,97
O Morrazo	25,61	21,34	15,75
Área de Pontevedra	26,74	20,67	21,60
Área de Vigo	24,95	17,84	17,88

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.8.

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2017-19: distribución segundo sexo e grupos de idade ⁽¹⁾

	2017			2018			2019		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(%)								
Total	20,04	20,45	20,26	18,57	19,31	18,95	18,84	18,83	18,83
Menos de 16 anos	23,59	23,88	23,73	19,86	20,85	20,33	22,22	20,77	21,52
De 16 a 24 anos	27,38	29,33	28,33	26,95	25,59	26,28	25,44	25,47	25,46
De 25 a 49 anos	20,68	20,99	20,83	19,26	20,23	19,75	17,85	19,18	18,51
De 50 a 64 anos	22,48	24,01	23,26	21,13	21,27	21,20	22,19	21,13	21,64
De 65 ou máis anos	11,81	13,25	12,63	11,28	14,40	13,06	12,68	14,05	13,46

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.9.

Desigualdade en Galicia e España 2009-19: Índice de Gini e distribución da renda S80/20 ⁽¹⁾

Índice de Gini ⁽²⁾											
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Galicia	0,278	0,278	0,276	0,283	0,286	0,283	0,287	0,272	0,273	0,265	0,261
A Coruña	0,277	0,282	0,276	0,286	0,291	0,279	0,290	0,267	0,275	0,268	0,268
Lugo	0,276	0,266	0,268	0,278	0,264	0,274	0,265	0,266	0,261	0,265	0,241
Ourense	0,288	0,271	0,264	0,277	0,274	0,277	0,272	0,279	0,268	0,265	0,256
Pontevedra	0,274	0,276	0,280	0,279	0,288	0,289	0,291	0,276	0,275	0,258	0,257
España ⁽⁴⁾	0,335	0,340	0,342	0,337	0,347	0,346	0,345	0,341	0,332	0,330	

Distribución da renda S80/S20 ⁽³⁾											
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Galicia	4,13	4,16	4,21	4,47	4,51	4,45	4,50	4,16	4,18	4,01	3,95
A Coruña	4,14	4,22	4,22	4,53	4,64	4,34	4,47	4,02	4,25	4,08	4,08
Lugo	4,11	3,91	3,93	4,27	3,95	4,23	3,99	4,03	3,89	4,07	3,63
Ourense	4,34	3,98	3,93	4,39	4,22	4,27	4,28	4,32	4,11	4,02	4,03
Pontevedra	4,03	4,16	4,35	4,39	4,58	4,62	4,64	4,28	4,17	3,87	3,83
España ⁽⁴⁾	6,20	6,30	6,50	6,30	6,80	6,90	6,60	6,60	6,00	5,90	

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) o índice de Gini mide a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo a partir do ingreso equivalente por persoa sendo éste o ingreso equivalente do fogar ao que pertence.

(3) distribución da renda S80/S20: cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis

(4) Datos extraídos da Encuesta de condiciones de vida do INE. Os datos do INE fan referencia á renda do ano anterior á entrevista. Na taboa están integrados no ano que corresponden.

Fonte: IGE e INE

4.2.10.

o 31 de decembro de 2018 e 2019 a taxa de risco de pobreza e exclusión social redúcese entre os homes e mulleres de 16 a 24 anos e de 25 a 49 anos, sendo esta redución máis importante entre os primeiros. Por contra, fronte ao aumento da taxa de risco de pobreza nos outros grandes grupos de idade rexistrado entre os homes, a taxa baixa lixeiramente entre as mulleres.

O risco de pobreza segue a ser moi superior para os estranxeiros que para os de nacionalidade española. Tras o descenso rexistrado no último ano a taxa de pobreza para as persoas de nacionalidade estranxeira sitúase no 54,94%, case catro puntos menos que no ano anterior (58,87%) en tanto que entre os españois esta porcentaxe pasa do 18,95% ata o 18,85% a 31 de decembro de 2019.

As cargas familiares ou a tipoloxía dos fogares son tamén condicionantes dun maior ou menor risco de pobreza e exclusión social. O maior risco de pobreza segue a rexistrarse nos fogares compostos por un adulto con nenos e mozos a cargo, xa que a pesar unha nova redución no

ano 2019 o 46,4% dos mesmos están nesta situación (48,5% no ano anterior). Diferenciando por tipoloxías, os fogares monoparentais son os que rexistran unha maior taxa, co 30,5% dos mesmos en situación de risco de pobreza ou exclusión (34,5% no ano anterior), por diante dos fogares unipersoais, cunha taxa do 28,2%, dúas décimas superior á do ano precedente.

Finalmente, no concernente ao tamaño dos municipios, as porcentaxes máis reducidas da taxa de pobreza ou exclusión social en 2019 corresponden aos concellos de menos de dez mil habitantes, cunha taxa do 18%, rexistrándose a máis elevada entre aqueles concellos cunha poboación entre 20.000 e 50.000 habitantes, co 19,4%. Tanto os concellos de máis de 50.000 habitantes como os de 20.000 a 50.000 presentan unha taxa de pobreza superior á media galega, situándose no 19,2% e 19%, respectivamente.

• Desigualdade

Ademais das taxas de pobreza analizadas no apartado

anterior, o grao de desigualdade é un factor clave á hora de analizar a cohesión social e territorial. A ONU na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, recolle o obxectivo de reducir a desigualdade como un dos dezasete obxectivos do seu programa, considerando por tanto á desigualdade como un dos maiores retos na actualidade.

Tal como se apunta na adaptación da Axenda 2030 á realidade galega, o ODS 10, dedicado á redución das desigualdades, tamén recolle unha serie de metas que afectan a retos presentes na sociedade galega. Entre estas cabe referirse ás de promover o crecemento dos ingresos do 40% máis pobre da poboación a unha taxa maior que a do conxunto da sociedade galega; promover a inclusión social, económica e política, ou a igualdade de oportunidades e a desigualdade de resultado que, no caso galego, ademais, vincúlase estreitamente co reto da cohesión territorial; ou a dedicada a adoptar políticas fiscais, salariais e de protección social orientadas a unha maior igualdade.

Indicadores como o coeficiente de Gini e a distribución da renda (rateo S80/S20) permiten unha aproximación á situación e evolución recente da desigualdade. Como reflicte o **cadro 4.2.10.**, ambas presentan unha evolución favorable nos últimos anos, mantendo valores inferiores á media estatal.

Dunha banda, o coeficiente de Gini é un número entre 0 e 1, onde 0 correspóndese coa perfecta igualdade (todos teñen os mesmos ingresos) e o valor 1 coa perfecta desigualdade (unha persoa ten todos os ingresos e os demais ningún). Ao longo de toda a serie analizada, o valor do índice de Gini nas catro provincias galegas é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado, acadando en Galicia no ano 2019, último dato dispoñible, un valor de 0,261. A diferenza do acontecido no ano anterior, a provincia da Coruña é a única que en 2019 presenta un valor superior á media galega, co 0,268. Os datos do ano 2018 reflicten un índice de Gini do 0,330 de media no Estado.

Doutra banda, o indicador da distribución da renda S80/S20 calcúlase como o cociente entre o ingreso

medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre. Este indicador mostra que no ano 2019 os ingresos medios do quintil máis rico da poboación son 4 veces superiores aos ingresos medios do quintil de poboación máis pobre. No conxunto do Estado en 2018, último dato dispoñible, o quintil máis rico da poboación ten, de media, un ingreso medio 5,9 veces superiores ao quintil de poboación máis pobre.

Ao igual que indicaba o índice de Gini, a provincia da Coruña presenta os valores máis elevados. Dunha banda, o indicador S80/S20 mantense en 4,08 na Coruña en tanto que os ingresos do quintil máis rico da poboación de Ourense supera tamén as catro veces os ingresos do quintil máis pobre. En Pontevedra este indicador sitúase en 3,83, presentando o valor máis reducido Lugo, con 3,63.

Dependencia e discapacidade

Os datos do Imsero facilitados polo Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) reflicten que en 2020 formalizáronse en Galicia un total de 77.385 solicitudes para acceder ás prestacións do SAAD, o que representa o 4,2% do total estatal. Comparado co ano anterior, o número de solicitudes descende en Galicia un 4,1% (3.288 solicitudes menos) case dous puntos máis que no conxunto do Estado (-2,3%).

En relación á poboación empadroada en Galicia, as solicitudes rexistradas representan o 2,9% da poboación da Comunidade Autónoma., fronte ao 3,6% de media no conxunto de España. Se no ano 2019 Galicia ocupaba unha posición intermedia en relación ao resto das Comunidades Autónomas, en 2020 tan só Baleares, Comunidade Valenciana, Ceuta e Melilla e Canarias presentan unha porcentaxe inferior.

O devandito descenso do número de solicitudes así como do número de resolucións do último ano (4%) tradúcese na caída do número de solicitudes pendentes de valoración, que se sitúa en 2020 nas 336 solicitudes fronte ás 381 solicitudes en lista de agarda de valoración no ano anterior.

Dependencia en Galicia e España 2019-20: principais indicadores (1)

	2019			2020		
	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)
Solicitudes	80.673	1.894.744	4,3	77.385	1.850.950	4,2
Resolucións	80.292	1.735.551	4,6	77.049	1.709.394	4,5
Beneficiarios con dereito a prestación	70.092	1.385.037	5,1	67.467	1.356.473	5,0
Grado III	25.270	402.149	6,3	20.306	473.559	4,3
Grado II	24.178	515.590	4,7	23.101	506.355	4,6
Grado I	20.644	467.298	4,4	24.060	376.559	6,4
Beneficiarios con prestación	61.636	1.115.183	5,5	62.544	1.124.230	5,6
Prestacións	72.627	1.411.021	5,1	73.730	1.427.207	5,2
Prevención dependencia e Promoción A. Persoal	5.148	60.438	8,5	4.998	61.411	8,1
Teleasistencia	5.667	246.617	2,3	6.032	254.644	2,4
Axuda a domicilio	23.884	250.318	9,5	23.485	253.202	9,3
Centros de día/noite	7.345	96.748	7,6	7.169	88.465	8,1
Atención residencial	8.205	170.785	4,8	7.941	156.437	5,1
P. Económica vinculada servizo	9.197	151.340	6,1	9.782	154.547	6,3
P. Económica coidados familiares	13.069	426.938	3,1	14.212	450.517	3,2
P. Económica Asist. persoal	112	7.837	1,4	111	7.984	1,4
Rateo prestacións por persoa beneficiaria	1,18	1,27		1,18	1,27	

Grao III.- Gran dependencia: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

Grao II.- Dependencia grave: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

Grao I.- Dependencia moderada: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: IMSERSO, Sistema para la autonomía y atención a la dependencia

4.2.11.

O **cadro 4.2.11.** mostra como o 12,4% das resolucións emitidas foron negativas, resultando a maioría dos ditames positivos e por tanto cun recoñecemento de grao de dependencia (67.467 ditames). Comparado co resto das CC.AA., Galicia sitúase novamente como a segunda Comunidade Autónoma, tras Murcia, coa maior porcentaxe de solicitudes favorables sobre ditaminadas, co 87,6% e 88,3%, respectivamente (79,4% no conxunto do Estado). Asemade, cómpre mencionar que tanto na Comunidade Autónoma de Galicia como no conxunto do Estado aumenta o tempo medio transcorrido dende a solicitude da dependencia ata o recoñecemento da prestación das prestacións resoltas, ascendendo o tempo medio no ano 2020 a 395 días en Galicia fronte aos 338 días do ano anterior (457 e 408 días de media en España).

No ano 2020 redúcese o número de persoas recoñecidas

como grandes dependentes (grado III), que se sitúa en Galicia nas 20.306 persoas, 4.964 menos que no ano precedente (-19,6%). Ao mesmo tempo, o número de beneficiarios con prestacións de grao II ou dependencia grave, descende igualmente ata as 23.101 persoas (1.077 menos que en 2019). Finalmente, e ao igual que no ano anterior, rexístrase un incremento no caso dos beneficiarios de grao I, afectación moderada, cunha medra do 16,5% (3.416 beneficiarios máis), para situarse en 24.060 beneficiarios rexistrados no último ano.

A asignación da prestación realízase mediante resolución administrativa, do Programa Individual de Atención (PIA), onde se determina a prestación ou servizo que lle corresponde a cada persoa dependente en función, entre outros aspectos, do seu grao de discapacidade e da súa capacidade económica. O número de persoas atendidas polo sistema de dependencia as-

cede en no último ano ata as 62.544 beneficiarios, un 1,5% máis que no ano anterior, o que representa o 5,6% do total estatal, unha décima máis que no ano anterior. Atendendo ao seu peso relativo na poboación total de Galicia, os beneficiarios con prestacións representan o 2,3%, (2,4% en España), porcentaxe superior á rexistrada en Navarra, C. Valenciana, Cataluña, Baleares, Madrid, Ceuta e Melilla e Canarias.

Xunto ao devandito incremento dos beneficiarios con prestacións, cómpre mencionar o descenso do número de persoas beneficiarias con dereito pero sen estaren atendidas. En 2020 o sistema continúa sen atender en Galicia a 4.923 persoas cunha valoración positiva para acceder ás prestacións e que non están a ser atendidas, o que supón 3.533 persoas beneficiarias con dereito pero sen prestación menos que no ano anterior. Tras esta evolución están sen atender o 7,3% das persoas dependentes con dereito a prestación (12,1% no ano anterior), sendo esta porcentaxe cinco puntos inferior á do conxunto do Estado (17,1%).

En termos relativos Galicia presenta un significativo descenso do número de persoas desatendidas por cada mil persoas con dereito a prestación, situándose esta relación en 2020 en 73 persoas desatendidas (120,6 no ano anterior), case cen puntos por baixo da media estatal (171,2 persoas).

As prestacións de atención á dependencia poderán ser, por unha banda, prestacións económicas para cuidados familiares e vinculadas a servizos concretos, así como dispoñer dun asistente persoal e, por outra banda, poderán ter a natureza de servizos. O artigo 15 da Lei de dependencia determina o catálogo de servizos sociais, que comprenden os servizos de prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal, teleasistencia, o servizo de axuda a domicilio, os centros de día e de noite, e os servizos de atención residencial.

O número de prestacións concedidas ás persoas beneficiarias volve a incrementarse no ano 2020, acadando as 73.730 prestacións, un 1,5% máis que no ano anterior. Como consecuencia do menor incremento rexis-

trado no conxunto do Estado (1,1%), o seu peso relativo aumenta ata o 5,2% das prestacións en España. O número total de prestacións por persoa beneficiaria mantense en 1,18 en Galicia, mentres que a media estatal é de 1,27 prestacións por beneficiario.

Segundo os datos recollidos no **cadro 4.2.11.**, o 32,7% das prestacións en Galicia son de tipo económico, 1,8 puntos porcentuais máis que no ano anterior, fronte ao 67,3% das prestacións por servizos. No conxunto de España as prestacións económicas representan o 43% das prestacións fronte ao 57% das prestacións por servizos. Entre as prestacións económicas cómpre mencionar que en 2020 o 19,3% das prestacións totais galegas son prestacións para cuidados no entorno familiar (31,6% no Estado).

No concernente ás prestacións por servizos salienta o elevado peso relativo das prestacións de axuda a domicilio, que representa o 31,9% do total en Galicia fronte a só o 17,7% de media no Estado. Igualmente destaca a reducida importancia relativa en Galicia da teleasistencia, que a pesar do incremento, supón tan só o 8,2% das prestacións, fronte ao 17,8% do total en España.

Comparado co ano anterior cómpre resaltar novamente que o maior incremento nas prestacións corresponde ás prestacións económicas para cuidados familiares, con 1.143 persoas máis (8,7%), seguidas das axudas económicas vinculadas ao servizo, con 585 prestacións máis que no ano anterior (6,4%) e a teleasistencia, con 365 prestacións máis (6,4%). Por contra, redúcese o resto das prestacións, salientando as axudas a domicilio, con 399 prestacións menos (1,7%) e a atención residencial, con 264 menos (3,2%).

Segundo os datos do Observatorio da Dependencia, da asociación de directoras e xerentes de servizos sociais, este sector xera en Galicia 45,3 empregos directos por cada millón de euros de gasto público, fronte aos 35,3 empregos en España, manténdose Galicia como a terceira Comunidade Autónoma cunha maior xeración de emprego tras Castela e León (53,0 empregos) e Extremadura (50,7 empregos).

Residencias e Centros de Día destinados a persoas maiores en Galicia 2020 ⁽¹⁾

	Privadas		Iniciativa pública		Iniciativa social		Total	
	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas
Residenciais								
Galicia	195	9.527	85	4.960	103	7.457	383	21.944
A Coruña	60	3.487	21	1.748	20	1.763	101	6.998
Lugo	24	1.618	27	1.098	22	1.368	73	4.084
Ourense	65	1.665	26	1.098	43	3.075	134	5.838
Pontevedra	46	2.757	11	1.016	18	1.251	75	5.024
Centros de día								
Galicia	130	5.092	103	3.727	17	702	250	9.521
A Coruña	43	1.767	33	1.413	10	405	86	3.585
Lugo	15	748	29	867	2	74	46	1.689
Ourense	13	397	19	612	2	113	34	1.122
Pontevedra	59	2.180	22	835	3	110	84	3.125

(1) datos a 31 de decembro de 2020
Fonte: Consellería de Política Social

4.2.12.

No que atinxe ao financiamento do sistema de dependencia, segundo os datos do XXI Ditame do devandito observatorio, o gasto público medio anual por persoa potencialmente dependente ascende no ano 2020 en Galicia a 828,54 euros, un 28,5% inferior á media estatal (1.158,46 euros). Comparado co resto das CC.AA., Galicia sitúase como a terceira comunidade co importe máis reducido, só por diante de Canarias (784,06 euros) e Asturias (765,48 euros).

Finalmente, o devandito ditame reflicte que a taxa de recuperación do gasto público, que permite medir o retorno estimado do investimento en dependencia, mostra que no último ano España presenta un valor do 39,9% fronte aos 42,1% acadado en Galicia. É dicir, que por cada 100 euros de gasto público en dependencia en Galicia no último ano se recuperan directamente 42,1 euros (retornos directos: IRPF, cotizacións, IVE...).

No concernente aos centros de día e á atención residencial destinados a persoas maiores, **cadro 4.2.12.**, Galicia presenta no último ano un forte crecemento no número de residencias, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense, sendo o incremento do número de prazas significativamente inferior. En 2020 Galicia conta cun total de 383 residencias, un 47,9% máis que no ano

anterior (124 residencias máis), das que o 50,9% son residencias privadas (195 residencias) e 103 son de iniciativa social (26,9%). Por contra, tan só o 22,2% das residencias (85) son públicas.

No que ao número de prazas se refire, as devanditas 383 residencias ofertan un total de 21.944 prazas, o que supón un incremento do 8,4% respecto ao ano anterior (1.707 prazas máis). Atendendo á súa desagregación segundo tipo de residencia, o 43,4% das prazas ofertadas corresponden a residencias privadas (9.527 prazas) fronte ao 34% nas residencias de iniciativa social (7.457). O centros públicos ofertan tan só o 22,6%, o que supón 4.960 prazas.

Atendendo á distribución provincial cómpre resaltar que máis da metade das prazas ofertadas en Ourense corresponde a centros de iniciativa social (fundacións, asociacións ou entidades de ánimo de lucro), presentando o peso relativo máis baixo das catro provincias tanto no concernente ás prazas públicas, co 18,8%, como ás privadas (28,5%). Por contra, o 54,9% das prazas ofertadas na provincia de Pontevedra son en residencias privadas fronte ao 49,8% na Coruña, salientando Lugo no ámbito das residencias públicas xa que o 26,9% das prazas da provincia corresponde a re-

Centros prestadores de servizos sociais 2020 (1)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Outra (2)	Pontevedra	TOTAL
Iniciativa privada con ánimo de lucro	185	59	104		179	527
Discapacidade		1			3	4
Infancia	82	19	26		71	198
Maiores	103	39	78		105	325
Iniciativa pública	234	133	110	7	164	648
Comunidade	21	14	14		22	71
Discapacidade	13	4			5	22
Igualdade				7		7
Inclusión	2	1	1		4	8
Infancia	134	56	45		91	326
Maiores	59	57	45		35	196
Menores	5	1	5		7	18
Iniciativa social	214	90	105	2	182	593
Comunidade	1				2	3
Discapacidade	96	38	32		71	237
Igualdade		2		1		3
Inclusión	38	5	11	1	26	81
Infancia	25	2	4		33	64
Maiores	36	27	47		22	132
Menores	18	16	11		28	73
TOTAL	633	282	319	9	525	1.768

(1) 31 decembro de 2020

(2) fai referencia a entidades que teñen o seu domicilio social fora de Galicia

Fonte: Consellería de Política Social

4.2.13.

Coidadores non profesionais: afiliados en alta na Seguridade Social 2009-20 (1)

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia / España
							(%)
2009	6.053	2.328	714	957	2.054	100.423	6,0
2010	8.752	3.115	1.141	1.617	2.879	150.566	5,8
2011	8.206	2.923	1.063	1.420	2.800	173.424	4,7
2012	2.316	753	390	479	694	23.933	9,7
2013	1.737	567	304	358	508	16.736	10,4
2014	1.393	465	251	287	390	13.553	10,3
2015	1.110	370	201	222	317	11.189	9,9
2016	1.008	347	176	197	288	9.753	10,3
2017	911	326	162	161	262	8.498	10,7
2018	813	299	150	121	243	7.524	10,8
2019	2.976	1.237	363	294	1.082	55.051	5,4
2020	3.421	1.407	417	308	1.289	59.578	5,7

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

A Disposición Transitoria decimoterceira do Real Decreto-Lei 20/2012 establece que os convenios especiais no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais extinguíranse o día 31 de agosto de 2012, agás que o subscritor solicite expresamente o mantemento do mesmo; neste caso, dende o día 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2012 a cotización terá unha redución do 10%, estando o 5% restante da cota a cargo da Administración e o 85% a cargo do coidador. A partir do día 1 de xaneiro de 2013, o convenio especial será a cargo exclusivamente do coidador profesional.

Fonte: Seguridade Social

4.2.14.

Contratos de traballo iniciais para persoas discapacitadas en Galicia e España 2020 ⁽¹⁾

	Galicia					España	G / E
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
C. indefinidos persoas con discapacidade	478	180	65	45	188	6.467	(%) 7,4
Homes	299	106	43	30	120	3.996	7,5
Mulleres	179	74	22	15	68	2.471	7,2
Xornada completa	324	119	45	32	128	4.049	8,0
Xornada parcial	134	52	20	11	51	2.089	6,4
Fixos discontinuos	20	9	-	2	9	329	6,1
C. temporais persoas con discapacidade	1.191	373	130	105	583	16.235	7,3
Homes	759	251	82	65	361	10.054	7,5
Mulleres	432	122	48	40	222	6.181	7,0
Xornada completa	811	233	78	67	433	9.940	8,2
Xornada parcial	380	140	52	38	150	6.295	6,0
12 meses	1.177	367	129	102	579	15.707	7,5
de 12 a 18 meses	13	6	1	3	3	389	3,3
de 18 a 24 meses	1	-	-	-	1	42	2,4
máis de 24 meses	-	-	-	-	-	97	0,0
Prórroga contratos temporais a discapacitados	818	260	78	53	427	12.250	6,7
C. convertidos en indefinidos de persoas con discapacidade							
C. Temporais a persoas discapacidade	353	133	44	26	150	5.390	6,5
C. Temporais a persoas discapacidade (inclue contratos en CEE)	1.191	373	130	105	583	16.235	7,3
C. Indefinidos bonificados a persoas con discapacidade	1.016	415	119	78	404	16.225	6,3

(1) datos acumulados a 31/12

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

4.2.15.

sidencias públicas, superando á Coruña, cun 25% das súas prazas residenciais.

Outro recurso fundamental no coidado de maiores son os centros de día. Tras unha medra do 5,5%, Galicia conta con 250 centros de día que ofertan un total de 9.521 prazas, un 6% máis que no ano anterior. Ao igual que acontece no caso das residencias, predominan os centros privados, que representan máis da metade dos centros e prazas (147 centros e 5.928 prazas ofertadas).

Os coidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia que sexan perceptores da prestación económica correspondente (RD 615/2007) poden subscribir o convenio especial de coidadores non profesionais da SS cando non se atopen en situación de alta en calquera outro réxime da SS a tempo completo, desemprego ou sexa perceptor de determinada prestacións. A partir do 1 de abril de 2019, mo-

difícase o Real Decreto 615/2007, de 11 de maio, de xeito que as cotas correspondentes aos convenios especiais da SS dos coidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia, serán aboadas pola Administración Xeral do Estado. Como consecuencia deste cambio normativo, o **cadro 4.2.14.** amosa un notable incremento no número de afiliados ao convenio de coidadores non profesionais en Galicia, acadando as 3.421 persoas no último ano, 445 persoas máis (en 2018 Galicia contaba con 813 coidadores non profesionais). Comparado co total Estatal, Galicia concentra o 5,7% dos coidadores non profesionais fronte ao 5,4% no ano anterior.

• Discapacidade

No que se refire á atención ás persoas con discapacidade, o **cadro 4.2.13.** reflicte que o número de centros de atención a persoas discapacitadas en Galicia é de 263, dos que tan só 22 son de titularidade pública e 4

Fogares 2008, 2018 e 2019: tipoloxías segundo o tamaño do concello ⁽¹⁾

	< 10.000 hb.	Entre 10.000 e 20.000 hb	Entre 20.000 e 50.000 hb.	>50.000 hb	Total
	(%)				
Unipersoal					
2008	23,2	17,5	16,8	18,9	19,6
2018	23,8	20,1	19,9	24,4	22,8
2019	23,9	20,7	20,7	22,5	22,3
Sen núcleo					
2008	3,2	1,7	1,5	2,9	2,6
2018	2,4	1,0	1,0	2,1	1,8
2019	2,6	1,4	1,9	2,2	2,1
Parella con fillos					
2008	27,9	38,5	39,6	38,0	35,2
2018	24,9	34,5	37,0	32,7	31,3
2019	25,8	33,9	34,6	31,6	30,8
Parella sen fillos					
2008	21,3	21,6	23,0	20,7	21,4
2018	24,6	22,9	22,9	23,1	23,5
2019	23,3	21,6	23,4	23,6	23,1
Monoparental					
2008	7,2	7,7	7,9	10,6	8,6
2018	9,1	9,9	9,5	10,9	9,9
2019	9,7	10,4	10,7	12,5	11,1
Un núcleo e outros					
2008	11,6	8,6	7,4	6,2	8,5
2018	10,1	6,6	5,8	5,0	6,9
2019	9,7	7,8	5,8	5,5	7,1
Varios núcleos					
2008	5,7	4,4	3,9	2,6	4,0
2018	5,1	5,1	3,9	2,0	3,7
2019	5,0	4,3	2,9	2,2	3,5
Total	100	100	100	100	100

(1) Datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.16.

corresponden a centros de iniciativa social sen ánimo de lucro.

Un dos aspectos máis importantes á hora de analizar a situación das persoas con algún tipo de discapacidade é a súa incorporación ao mercado laboral dadas as dificultades de inserción. Dunha banda cómpre resaltar que por segundo ano consecutivo descende a contratación indefinida destas persoas, se ben no ano da crise sanitaria esta caída é significativamente máis acusada que no ano anterior, descendendo na C.A. as contratacións indefinidas un 23,5% fronte ao 41,6% no conxunto do Estado (-15,4% e -4,6% no ano anterior, respectivamente), Doutra banda, a diferenza do ano anterior redúcense as contratacións nos outros tipos de contratos, presentado igualmente Galicia unha minoración inferior á media estatal. Así, as contratacións temporais redúcense un 30,9% en Galicia fronte ao

37,3% en España (medran un 5,6% e 2,3% no ano anterior, respectivamente).

Tras esta evolución, o **cadro 4.2.15.** reflicte que no último ano asináronse en Galicia un total 478 contratos indefinidos para persoas con discapacidade (147 menos que no ano precedente), dos que 324 son a xornada completa (-17,8%; 70 contratos menos). Os contratos temporais a persoas con discapacidade ascenderon a 1.191, dos que 811 son a xornada completa (-26,5%; 293 contratos menos).

En termos relativos, de cada mil contratos indefinidos asinados en Galicia no último ano 13,2 corresponden a persoas con discapacidade fronte aos 6,9 no conxunto do Estado, cando no ano anterior este cociente situábase en 13,2 e 8,4, respectivamente. No caso dos contratos temporais a persoas con discapacidade, de cada

Escolas infantís 2020: distribución segundo tipo de iniciativa e provincia

	Centros	Prazas		
		poboación 0-3 anos	prazas / poboación (prazas / 100 habs.)	
Iniciativa pública	256	16.680	71.212	23,4
A Coruña	118	8.026	30.530	26,3
Lugo	33	1.912	8.004	23,9
Ourense	20	1.333	6.618	20,1
Pontevedra	85	5.409	26.060	20,8
Iniciativa privada con ánimo de lucro	186	9.830	71.212	13,8
A Coruña	77	4.156	30.530	13,6
Lugo	18	853	8.004	10,7
Ourense	25	1.075	6.618	16,2
Pontevedra	66	3.746	26.060	14,4
Iniciativa social	61	3.696	71.212	5,2
A Coruña	25	1.459	30.530	4,8
Lugo	2	60	8.004	0,7
Ourense	3	84	6.618	1,3
Pontevedra	31	2.093	26.060	8,0
Total	503	30.206	71.212	42,4
A Coruña	220	13.641	30.530	44,7
Lugo	53	2.825	8.004	35,3
Ourense	48	2.492	6.618	37,7
Pontevedra	182	11.248	26.060	43,2

Fonte: Consellería de Política Social

4.2.17.

mil contratos temporais 1,8 son de persoas con discapacidade (1,7 no ano 2019) fronte ao 1,1 en España (1,3 no ano precedente).

Familia e infancia

A Enquisa Estrutural de Fogares publicada polo IGE reflicte que a tipoloxía de fogar máis recorrente en Galicia corresponde aos compostos por unha parella con fillos, cun 30,8% do total, por diante dos fogares compostos por parellas sen fillos, co 23,1%, e dos fogares unipersoais, co 22,3%. Como reflicte o **cadro 4.2.16.**, estas porcentaxes son lixeiramente inferiores ás rexistradas no ano anterior, pero se se toma como referencia o ano 2008 cómpre resaltar o cada vez maior peso relativo dos fogares unipersoais e dos fogares monoparentais (2,7 e 2,4 puntos máis que en 2008), así como a significativa caída dos fogares formados por unha parella con fillo (4,4 puntos porcentuais menos que no ano 2008).

A proxección de fogares 2020-2035 do INE estima que no ano 2035 en Galicia os fogares nos que residan tres ou máis persoas descenderá ata os 180.388 fogares, un 20,4% inferior ao estimado para 2020, o que contrasta co incremento do 16,6% no caso dos fogares formados por unha soa persoa ou do 7,4% naqueles fogares formados por dúas persoas.

Asemade, cómpre resaltar que a porcentaxe de fogares onde non reside ningún menor de 16 anos pasa do 75,9% en 2008 ata o 78,2% do total en 2019 (77,1% no ano precedente). Esta porcentaxe supera o 81% nas provincias de Ourense e Lugo, ascendendo en Pontevedra ata o 76,1% e na Coruña ata o 77,1%.

No concernente ao número de escolas infantís, Galicia presenta en 2020 un descenso tanto do número de centros infantís como no de prazas ofertadas. Como reflicte o **cadro 4.2.17.**, o número de escolas infantís descendeu no último ano ata os 503, o que supón un

descenso interanual do 12,2% (70 centros menos), situándose o número de prazas ofertadas nas 30.206, un 4,7% menos que en 2019 (1.506 prazas menos). Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos descende ata as 71.212 persoas (-4,9%), a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 42,4, un punto e medio por riba do rexistrado no ano anterior. A Coruña sitúase como a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 220 centros existentes ofrecen unha rateo de 44,7 prazas, oito prazas máis que no ano anterior. Séguelle Pontevedra, con 43,7 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e Ourense, con 37,7 prazas, e finalmente Lugo, cunha relación de 35,3 prazas por cada 100 nenos menores de 3 anos.

Atendendo á distribución segundo tipo de iniciativa, os datos recollidos no devandito **cadro 4.2.17**, amosan que no último ano a metade dos centros infantís galegos son de iniciativa pública (256) e concentran o 55,2% das prazas (16.680 prazas), de xeito que o número de prazas por cada cen persoas de 0-3 anos é de 23,4 prazas. A nivel provincial cómpre resaltar que o 62,3% das escolas infantís de Lugo son de iniciativa pública, porcentaxe que se sitúa no 67,7% no caso das prazas ofertadas. No extremo oposto, tan só o 41,7% das escolas infantís de Ourense son de iniciativa pública e concentran o 53,5% das prazas. En termos relativos, en Ourense e Pontevedra o número de prazas públicas por cada cen persoas de 0-3 anos é de 20,1 e 20,8 prazas, presentando A Coruña a taxa máis elevada, con 26,3 prazas.

Violencia de xénero e violencia doméstica

A violencia de xénero, defínese na lei estatal 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, como a manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, que se exerce sobre estas por parte de quen sexan ou teñan sido os seus cónxuxes, ou de quen están ou teñan estado ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia, e comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade.

O número de chamadas pertinentes ao Servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres (016) medrou en 2020 un 20,9% respecto ás realizadas no ano anterior, rachando así a tendencia descendente dos últimos tres anos. En 2020 rexistráronse un total de 3.096 chamadas, 535 máis que no ano precedente, das que 2.155 foron realizadas pola propia “usuaria” (69,6%) e 804 por familiares ou persoas achegadas (26% do total). No ano anterior estas porcentaxes situábanse no 65,3% e 30,4%, respectivamente.

Fronte a este incremento, descende o número de denuncias por violencia de xénero en Galicia, rachándose así a tendencia crecente iniciada en 2013. Galicia rexistra en 2020 un total de 6.078 denuncias, o que supón unha caída interanual do 7,2% (473 denuncias menos).

Os datos da Delegación do goberno contra a violencia de xénero reflicte que case oito de cada dez denuncias ten a súa orixe en atestados policiais con denuncias da vítima (79,2%) e unha de cada dez, en atestados policiais cunha denuncia por intervención directa policial (10,6%). Como se amosa no **cadro 4.2.18**, en termos absolutos o maior descenso rexístrase no caso das denuncias da vítima tras atestado policial, con 355 denuncias menos (-6,9%), reducíndose en 178 denuncias no caso dos partes de lesións (-38,1%) e en 132 no caso das denuncias presentadas directamente pola vítima (-62,9%). Por contra, cómpre mencionar o incremento experimentado no caso dos atestados policiais por intervención directa policial, con 159 denuncias máis respecto ao ano precedente (32,6%).

Atendendo á distribución segundo partido xudicial, o da Coruña é o que concentra o maior número de denuncias, con 1.116, o que supón o 18,4% do total galego, case catro puntos e medio menos que no ano anterior (22,8%). A continuación situaríanse os partidos xudiciais de Vigo, con 871 denuncias, e Ourense, con 578 denuncias, o que representa o 14,3% e 9,5% do total, respectivamente (15,1% e 6,7% no ano anterior).

O número de mulleres vítimas mortais por violencia de


Denuncias por violencia de xénero 2019-20

	2019	2020	2019/20	
			(%)	
Presentada directamente pola vítima	210	78	- 132	- 62,9
Presentada directamente por familiares	16	20	4	25,0
Atestados policiais - con denuncia vítima	5.166	4.811	- 355	- 6,9
Atestados policiais - con denuncia familiar	119	89	- 30	- 25,2
Atestados policiais - por intervención directa policial	488	647	159	32,6
Parte de lesións	467	289	- 178	- 38,1
Servicios asistencia-Terceiros en xeral	85	144	59	69,4

Partido xudicial	2019	2020	2019/20	
			(%)	
Ordes	36	23	- 13	- 36,1
Padrón	54	72	18	33,3
Muros	35	24	- 11	- 31,4
Negreira	41	33	- 8	- 19,5
Ribeira	172	188	16	9,3
Ortigueira	14	27	13	92,9
Arzúa	20	18	- 2	- 10,0
Corcubión	35	33	- 2	- 5,7
Carballo	102	127	25	24,5
Noia	62	131	69	111,3
A Coruña	1.491	1.116	- 375	- 25,2
Ferrol	284	237	- 47	- 16,5
Santiago de Compostela	329	356	27	8,2
Betanzos	113	139	26	23,0
Becerreá	9	2	- 7	- 77,8
Fonsagrada	2	6	4	200,0
Sarria	34	25	- 9	- 26,5
Viveiro	100	104	4	4,0
Monforte de Lemos	93	83	- 10	- 10,8
Villalba	72	42	- 30	- 41,7
Lugo	372	372	-	-
Chantada	24	11	- 13	- 54,2
Mondoñedo	47	37	- 10	- 21,3
Celanova	7	8	1	14,3
Bande	8	16	8	100,0
O Carballiño	71	53	- 18	- 25,4
Barco de Valdeorras	57	62	5	8,8
Verín	50	34	- 16	- 32,0
Puebla de Trives	10	8	- 2	- 20,0
Xinzo de Limia	11	13	2	18,2
Ribadavia	14	17	3	21,4
Ourense	436	578	142	32,6
Marín	80	73	- 7	- 8,8
Caldas de Reis	81	68	- 13	- 16,0
Porriño	110	76	- 34	- 30,9
Redondela	51	72	21	41,2
Cambados	200	145	- 55	- 27,5
Lalín	53	38	- 15	- 28,3
Cangas de Morrazo	154	114	- 40	- 26,0
Tui	65	60	- 5	- 7,7
Estrada (A)	20	23	3	15,0
Pontevedra	242	288	46	19,0
Vigo	986	871	- 115	- 11,7
Vilagarcía de Arousa	171	161	- 10	- 5,8
Ponteareas	133	94	- 39	- 29,3
TOTAL	6.551	6.078	- 473	- 7,2

Fonte: Ministerio de Igualdad, Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género

Delitos incoados en Galicia en procedementos de menores 2008-2019



Fonte: Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, *Memoria 2020 (ejercicio 2019)*

4.2.19.

xénero en Galicia no conxunto do ano 2020 ascendeu a tres segundo os datos da Delegación do goberno contra a violencia de xénero, todas elas de nacionalidade española. No conxunto do Estado, das 45 mulleres falecidas 27 son de nacionalidade española e 18 son mulleres estranxeiras. As tres mulleres vítimas mortais tiñan unha relación de convivencia de parella, estando as súas idades comprendidas entre os 41–50 anos, 51–60 anos e 71–84 anos.

En termos relativos, a taxa de mulleres asasinadas por millón de mulleres de 14 e máis anos situouse en Galicia en 0,9, situándose esta rateo no 1,4 no conxunto do Estado.

Por último, en 2020 incoáronse un total de 2.009 ordes de protección, trece menos que no ano anterior, descendendo o número de ordes resoltas favorablemente ata as 1.291 (44 menos que no ano anterior) fronte ao incremento das ordes denegadas, que se sitúa en 712 (47 máis que en 2019). Cómpre resaltar que das devanditas 2.009 ordes de protección incoadas, 1.881 (o 93,6%) foron a instancia da vítima (56 máis que no ano anterior) e 124 ordes, o 6%, o foron a instancia do Ministerio fiscal (60 menos que no ano precedente).

Atendendo á distribución segundo grupos de idade, os

datos presentados polo INE na súa Estatística de violencia doméstica e violencia de xénero reflicten que o 1,6% das vítimas de violencia de xénero con ordes de protección ou medidas cautelares son persoas menores de 18 anos (19 persoas) e un 11,9% persoas con iades comprendidas entre 18 e 24 anos (141 persoas). En conxunto, os menores de 25 anos concentran o 13,5% das vítimas de violencia de xénero en Galicia, máis de dous puntos inferior á do conxunto do Estado (15,8%). O colectivo que concentra o maior número de vítimas é o de persoas entre 25 e 44 anos, co 59% en Galicia e un 61,7% en España; en tanto que as persoas de 45 a 64 anos o peso relativo é do 24,4% e 20,5%, respectivamente.

• Violencia doméstica

No concernente á violencia doméstica, cómpre indicar en primeiro lugar que por violencia doméstica enténdese todo acto de violencia física ou psicolóxica exercida tanto por homes como por mulleres, sobre calquera persoa enumerada no artigo 173.2 do Código Penal agás os casos específicos de violencia de xénero.

Por cuarto ano consecutivo aumenta o número de vítimas de violencia doméstica con orde de protección ou medidas cautelares tanto en Galicia como no conxunto

do Estado. En 2020 rexistráronse un total de 407 vítimas en asuntos de violencia doméstica, 36 máis que no ano anterior (9,7%), o que representa o 4,9% do total estatal. O 63,6% das vítimas son mulleres e o 36,4% restante, homes. En relación aos datos rexistrados no ano anterior, cómpre resaltar non só que o incremento do número de mulleres vítimas de violencia doméstica en Galicia é superior ao dos homes (26 e 10 máis), senón que en relación á media estatal, a taxa de crecemento das mulleres vítimas de violencia doméstica é superior en Galicia (11,2% fronte a 7% en España) a diferenza do que acontece entre os homes (7,2% e 10% en Galicia e España, respectivamente).

Atendendo ao tipo de infraccións penais imputadas ao denunciado, das 318 infraccións en Galicia un total de 132 corresponden a lesións (o 41,5%), superando as 69 no caso das ameazas (o 21,4%) e as 60 de torturas e integridade moral (18,9%). En España estes tipo de asuntos incoados tamén representan os máis numerosos, senso a súa importancia relativa do 49,5%, 18,9% e 17,8%, respectivamente.

No concernente ás persoas condenadas por delitos de violencia doméstica con sentenza firme, no ano 2020 rexistrouse unha caída do 8,2% respecto ao ano anterior (23 menos) acadando as 258 sentencias firmes, o 5% do total estatal. Este descenso contrasta coa medra do 21,2% rexistrada no caso dos menores de 18 anos (7 casos máis), manténdose constante entre as persoas con idades comprendidas entre 18-24 anos. No último ano rexistráronse 40 sentencias firmes de persoas menores de 18 anos (8,2% do total en España) e 20 sentencias entre as que teñen de 18-24 anos (3,6%).

Atendendo á distribución segundo sexo cómpre resaltar o desigual comportamento xa que fronte ao descenso interanual experimentado entre os homes (-18%; 36 sentencias firmes menos) no último ano rexistrouse unha medra entre as mulleres (16%; 13 sentencias máis). O número de sentencias firmes correspondentes aos homes acenden a 164, o 5,2% do total estatal, en tanto que as restantes 94 sentencias son das mulleres (4,6%). No que aos menores de 18 anos re refire, ao contrario do acontecido no conxunto do Estado, a Comunidade

Autónoma presenta unha medra das sentencias firmes tanto entre os homes como entre as mulleres (3 e 4 máis) para situarse nas 29 e 11, respectivamente. No que respecta ás persoas de 18-24 anos, aumenta no caso dos homes e descende entre as mulleres (2).

No que ao maltrato infantil se refire, das devanditas 407 vítimas en asuntos de violencia doméstica, o 24,1% (98 persoas) teñen menos de 18 anos, case dous puntos porcentuais menos que no conxunto de España (26%). En ambos os dous casos, o peso relativo do homes menores de 18 anos sobre o total de homes vítimas en asuntos de violencia doméstica é superior ao das mulleres, que en Galicia se sitúa no 27% e 22,4%, respectivamente (29,4% e 23,9% no conxunto do Estado). Entre as persoas con idades comprendidas entre 18 e 24 anos vítimas deste tipo de violencia, en 2020 rexistráronse 28 vítimas en Galicia, o que representa o 6,9% do total galego, oito décimas menos que no conxunto do Estado. Ao igual que nos menores de 18 anos, o peso relativo dos homes en Galicia é superior ao da mulleres (7,4% e 6,6%, respectivamente) a diferenza do que acontece en España (7,4% e 8%).

Comparado co ano anterior cómpre resaltar o acusado incremento das vítimas de violencia doméstica entre os menores de 25 anos, sendo este máis de cinco veces superior ao do conxunto do Estado. Dunha banda, o número total de vítimas menores de 25 anos aumentou un 43,2% respecto ao ano anterior (38 persoas) fronte aos 7,9% en España, situándose esta porcentaxe no 59,4% no caso dos homes (19 persoas) e no 33,9% entre as mulleres (13,2% e 4,3% no conxunto do Estado).

Atención a menores

Os datos da memoria de 2020 da Fiscalía da Comunidade Autónoma, correspondentes ao exercicio 2019 (último dato dispoñible), reflicten que o número de procedementos de menores incoados por delitos en Galicia permanece practicamente constante, acadando un total de 3.313 procedementos, trinta menos que no ano precedente (-0,9%). Atendendo ao tipo de procedemento, no ano 2019 houbo 2.320 dilixencias preli-

Protección de menores en Galicia 2016-2019

	2016	2017	2018	2019
Expedientes de tutela automática incoados tras comunicación da entidade pública	314	363	1.478	945
Expediente de garda incoados tras comunicación da entidade pública	201	263	650	1.098
Expedientes de protección abertos a menores en situación de risco	1.321	1.475	2.571	1.640
Procedementos de impugnación de medidas acordadas polas entidades públicas	60	76	159	64
A instancia del fiscal	-	1	-	5
A instancia de particulares	60	75	159	59
Intervención em procesos xudiciais relativos a acollementos	46	57	249	466
Intervención en adopcións	79	109	81	122
Intervención en procesos de defensa dos dereitos fundamentais	25	8	79	52
Visitas de inspección a centros de protección de menores	74	63	107	143
Procesos sobre sustración internacional de menores	1	2	3	6
Expedientes sobre ensaios clínicos	3	-	-	-

Fonte: Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, *Memoria 2020 (ejercicio 2019)*

4.2.20.

minares, o que supón unha medra do 1% respecto ao ano precedente (45 máis) o que contrasta coa caída dun 1,5% no caso dos expedientes de reforma, que acadan os 993 expediente (15 menos que en 2018).

Segundo a estatística xudicial, o número de menores enxuízados (intervidos) ascende no último ano analizado a 939, o que supón un incremento do 52,4% respecto ao ano anterior (323 máis) cando no ano anterior a taxa de variación interanual fora do -7,2%. Este cambio ven motivado, en boa medida, pola recuperación e normalización tras o impacto da folga do funcionariado xudicial en 2018. No concernente á distribución segundo franxas de idade, 199 menores tiñan 14 ou 15 anos, un 40,1% menos que no ano anterior (57 menores), e os 740 restantes entre 16 e 17 anos (266 menores máis; 56,1%). Asemade, cómpre mencionar que o 85,3% dos menores son de nacionalidade española (801 persoas) e o 14,7% restante de nacionalidade estranxeira (138 persoas).

No que ás infraccións penais (delitos) se refire, 2019 caracterízase por un fortísimo incremento do número de procedementos de menores por delitos incoados en Galicia, que se sitúa en 3.582 procedementos, o que supón unha medra interanual do 31,5% (858 procedementos máis que no ano anterior), dos que 2.320 corresponden a dilixencias preliminares iniciadas no mesmo ano.

Segundo a estatística fiscal, os delitos e faltas máis im-

portantes cuantitativamente son os delitos de lesións (12,7%), furtos (10,2%), violencia familiar (5,9%) e delitos de danos e roubo con forza cun 4,8% e 4,3% respectivamente.

Por último cómpre facer referencia ás medidas de protección do menor. O **cadro 4.2.20.** resume os principais datos dos expedientes de protección de menores nos últimos anos. Salientan, polo seu número, os expedientes de protección abertos a menores en situación de risco, con 1.640 expedientes en 2019; os expedientes de garda incoados tras comunicación das entidades públicas, con 1.098 expedientes nese ano; ou os de tutela automática incoados tras comunicación da entidade pública, con 945 expedientes no último ano analizado. Comparado co ano anterior, cómpre resaltar o incremento do número de expedientes de garda incoados tras comunicación das entidades públicas, cunha medra do 68,9% (448 expedientes máis) así como a medra superior ao 36% tanto no que se refire a menores en situación de risco (931) como dos de tutela automática incoados tras comunicación da entidade pública (533 máis). Asemade, as intervencións en procesos xudiciais relativos a acollementos e a adopcións medran un 87,1% (217 expedientes máis) e 50,6% (41 expedientes), respectivamente.

Por último, na Comunidade Autónoma existen diferentes programas e actuacións dirixidas á atención de menores en situación de desprotección social e de

prevención da violencia ou maltrato infantil. Segundo a Memoria da Conselleira de Política Social correspondente ao ano 2019, última memoria publicada, estes programas son os seguintes:

1.- Atención a menores en situación de desprotección social:

1.1.- Atención a menores en centros de protección: Este programa ten por finalidade prestar atención nunha institución a aqueles menores que, por distintas circunstancias sociofamiliares, necesitan ser separados temporalmente do seu núcleo familiar e para os que non é viable a utilización doutro recurso. A 31 de decembro de 2019 Galicia dispoñía de 8 centros de titularidade propia, dos cales 4 son de xestión directa e 4 de xestión concertada, e 60 centros concertados dependentes de entidades colaboradoras de iniciativa social.

Nos centros propios atendéronse en 2019 un total de 209 menores (1923 en réxime de internado), ascendendo a 1.471 os menores atendidos en centros colaboradores (980 menores en réxime de internado).

Para a atención de menores con características que requiran unha atención en centros especializados, existen colaboracións con outras institucións mediante a realización de contratos individualizados. No ano 2019, último dato dispoñible, o número de menores atendidos ascendeu a 131.

1.2.- Acollemento familiar: O acollemento familiar pode definirse como aquel recurso de protección temporal e revogable, orientado ao coidado de menores que se atopan privados, aínda que sexa circunstancialmente, dunha axeitada atención e que consiste en confiar o coidado dun menor a unha persoa ou familia que reúna as condicións persoais, educativas e materiais necesarias para proporcionarlle unha vida familiar. O acollemento pode facerse na familia extensa do menor ou ben en familias alleas. Ademais o acollemento pode ser remunerado ou non, en función das circunstancias

socioeconómicas e persoais do menor e acolledores e o tipo de acollemento. No ano 2019 beneficiáronse deste programa un total de 1.278 menores, dos que 956 foron acollidos pola súa familia extensa e 322 por familias alleas.

1.3.- Adopción de menores: A finalidade deste programa é proporcionarlles aos menores en situación legal de seren adoptados, unha familia que satisfaga as súas necesidades afectivas, socioeducativas e de desenvolvemento persoas, facendo prevalecer o interese do menor sobre calquera outros. A adopción constitúe un acto xurídico mediante o que se establece unha relación de filiación entre os adoptantes e o/a menor, extinguíndose así os vínculos deste cos súa familias de orixe, e integrándose plenamente no seu novo núcleo familiar cunha equiparación plebe de dereitos cos familia biolóxica. En Galicia no ano 2019 volve a descender o número de solicitudes de adopción nacional, que se sitúa en 82 (cinco menos que no ano precedente), producíndose 34 autos de adopción nacional (sete máis que no ano anterior). No que respecta ás solicitudes de adopcións internacionais, ao longo do ano 2019 presentáronse 47 solicitudes de adopción (unha menos que no ano precedente) e producíronse 21 preasignacións de menores en adopción internacional (26 menos).

1.4.- Programa Mentor: Recurso mediante o que proporciona información, formación e acompañamento á inserción dos menores tutelados, ou en garda pola Administración autonómica, co fin de que poidan conseguir unha inserción laboral e social plenamente independente. A poboación sobre a que incidiu o programa estivo formada por 560 persoas cos que se desenvolveron accións encamiñadas a súa inserción laboral (327 mozos e 233 mozas).

1.5.- Programa de Integración Familiar (PIF): Programa de intervención con menores e as súas familias, co obxecto de acadar unha convivencia normalizada no ámbito familiar mediante unha intervención educativa, terapéutica e asistencial. No

ano 2019 foron atendidos 196 nenos e 169 nenas e 177 familias.

1.6.- Programa Desenvolvemento persoal e social, escolar e familiar: Este programa está destinado a nenos e nenas, preferentemente adolescentes de 15 a 18 anos, e as súas familias. Ten como obxectivo xeral favorecer procesos de inserción social de menores e familias, a través dunha intervención socioeducativa e preventiva. Abarca diferentes contextos: persoal e grupal, familiar, escolar, prelaboral e sociocomunitario. Desenvólvese nas cidades de Ourense, Vigo, A Coruña e Lugo, sendo atendidos un total de 215 menores.

1.7.- Programa “Ocio e tempo libre”: Presta especial atención no tempo de ocio aos menores que se atopan en situación de risco ou desprotección social, ofrecéndolles a posibilidade de participar nas diversas actividades que promoven o desenvolvemento persoal e social. No último ano considerado foron atendidos 219 menores nos concellos de Ourense, A Coruña, Vigo e Lugo.

1.8.- Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco e desamparo: Este programa de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Universidade da Coruña inclúe o deseño e aplicación do tratamento terapéutico aos menores derivados polos equipos técnicos de menores. Beneficiáronse deste programa 290 menores no ano 2019 (146 homes e 144 mulleres).

1.9.- Programa de intervención ambulatoria con adolescentes que teñan aberto expediente de protección e en conflito social: Este programa ten por obxecto a asistencia individualizada e especializada nos eidos psicolóxico e socio educativo dos menores que presentan perfís caracterizados por condutas disociais, comisión de delitos, consumo de drogas, fracaso, expulsión e/ou violencia escolar, pertenza a pandillas disociais, trastornos psicopatolóxicos, etc.. No ano 2019 asistiron 107 adolescentes ao dito programa (68 mulleres).

1.10.- Teléfono da infancia (116111): Liña gratuíta de atención, apoio e escoita a menores, así como de denuncia de situacións de malos tratos á infancia. No ano 2019 atendéronse en Galicia 1.362 chamadas, das que máis da metade estaban dirixidas a obter información ou asesoramento (475 e 233 chamadas, respectivamente).

1.11.- Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI): O RUMI é un instrumento informático de rexistro e notificación de maltrato infantil destinado aos profesionais que simplifica e axiliza a actuación ante unha situación de risco para un/unha menor. O rexistro está actualmente a disposición de dous colectivos fundamentais, sos profesionais do ámbito educativo e os das forzas de orde pública. No ano 2019 rexistráronse 33 notificacións, das que 23 corresponden ao ámbito educativo e as 10 restantes ao ámbito policial.

2.- Programas de execución de medidas xudiciais:

As 1.113 medidas xudiciais que estiveron en execución durante o ano 2019 afectaron a un total de 749 menores maiores de catorce anos, dos que o 77,4% son homes (580 persoas). Os tres delitos máis frecuentes cometidos polos menores que executaron medidas xudiciais foron os de lesións (arts. 147-151, do Código Penal), furto (arts. 234-236, do C. P.) e ameazas (arts. 169-171, do C. P.). 

4.3. Cobertura social

A **evolución demográfica galega** xunto coa cada vez maior preocupación pola redución das desigualdades, tanto verticais como horizontais, en canto ao lastre que supoñen, non só en termos de dereitos e xustiza, senón tamén en termos de cohesión social e estabilidade das sociedades, fan cada vez máis urxente traballar en asegurar a sustentabilidade do modelo social de protección pública; un modelo que se basea en distintos instrumentos de garantía de rendas, dentro dos que as prestacións do sistema da Seguridade Social teñen un papel fundamental. A protección social que brinda o sistema é especialmente importante en territorios como Galicia, cunha estrutura económica e demográfica onde as prestacións e subsidios sociais son a principal fonte de rendas de moitos fogares.

A Enquisa estrutural a fogares publicada polo IGE reflicte que no 28,6% dos fogares galegos a totalidade dos seus ingresos proviñan en 2019 das prestacións; ascendendo esta porcentaxe ata o 41,3% no caso daqueles fogares onde as prestacións representan máis da metade dos seus ingresos. Cómpre mencionar que a importancia relativa dos fogares galegos onde todos

os seus ingresos proveñen das prestacións así como dos fogares onde máis da metade dos seus ingresos proveñen das prestacións volve a descender en relación ao ano anterior, cando estas porcentaxes se situaban no 30,7% e 41,8%, respectivamente.

O número de pensións contributivas permanece practicamente estable en 2020 (–0,1% respecto ao ano anterior) ao tempo que continúa a redución das pensións non contributivas, que presentan unha caída interanual do número de beneficiarios do 1,1%. Así mesmo, cómpre resaltar o acusado incremento das persoas beneficiarias de prestacións por desemprego, sendo especialmente significativo no caso dos perceptores de prestacións contributivas ou nos beneficiarios de subsidios (36,8% e 19,5% máis que no ano anterior, respectivamente).

O importe medio das pensións contributivas en Galicia ascende a 859,63 euros mensuais, o segundo máis reducido do Estado tras Extremadura, o que significa un 15% inferior á media estatal. No caso das prestacións non contributivas, o importe medio en Galicia sitúase un 1,2% por baixo da media española, acadando os

384,25 euros ao mes no caso das pensións de xubilación e de 424,28 no das de invalidez.

Unha vez presentados no capítulo 2 desta Memoria os principais datos dos ERTE e das prestacións por cese temporal de actividade no caso dos traballadores autónomos como principais mecanismos de protección dos traballadores por conta allea e por conta propia, respectivamente, neste terceiro apartado do capítulo 4 analízanse as prestacións económicas dos beneficiarios de pensións contributivas, non contributivas e prestacións por desemprego. Así mesmo, no último apartado faise referencia tanto á Renda mínima de inserción (Risga) como á aprobación do Ingreso Mínimo Vital (Real Decreto-lei 20/2020, de 29 de maio) dirixido a previr o risco de pobreza e exclusión social, e que ten entre os seus obxectivos o de garantir un nivel de ingresos mínimos ás persoas que se atopan nunha situación de vulnerabilidade económica, permitindo así a cobertura das necesidades básicas dos seus fogares.

Con efectos de un de xaneiro de 2020, o Real Decreto-Lei 1/2020, de 14 de xaneiro, polo que se establece a revalorización e mantemento das pensións e prestacións públicas do sistema da Seguridade Social determina unha revalorización das pensións e outras prestacións abonadas polo sistema da SS, na súa modalidade contributiva e non contributiva, así como de clases pasivas do Estado, do 0,9%. Asemade, contempla igualmente a garantía de mantemento do poder adquisitivo das pensións no caso de que a inflación en 2020 sexa superior ao devandito incremento previsto do 0,9%.

Pensións contributivas

As pensións contributivas defínense como prestacións económicas, xeralmente de duración indefinida, cuxa concesión está supeditada normalmente a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social, e cuxa contía ven determinada polas aportacións efectuadas por persoas traballadoras e empresarios, se se trata de persoas traballadoras por conta allea, durante o período considerado aos efectos da base reguladora da pensión de que se trate. Estas pensións son a principal partida de gasto do sistema da Seguridade Social.

O número de pensións contributivas da Seguridade Social mantense practicamente estable en Galicia no ano 2020, ao acadar as 765.00 pensións, un 0,1% menos que no ano anterior, o que contrasta co incremento do 0,4% rexistrado no conxunto do Estado. O seu importe medio ascende a 859,63 euros mensuais, contía un 15% inferior á media estatal e que sitúa a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma coa pensión máis baixa, tras Estremadura (841,94 euros/mes).

O reducido importe medio das pensións contributivas en Galicia é, se cabe, máis preocupante ao ter en conta que o peso destas pensións na nosa Comunidade é de case o 8% do total estatal, situándose como a quinta C.A. con maior número de pensións contributivas. Asemade, no último ano aumenta o diferencial co conxunto do Estado ao aumentar o importe medio en Galicia un 2,3%, dúas décimas por baixo da media española.

Dentro da acción protectora do Réxime Xeral e dos Réximes Especiais da Seguridade Social, nas pensións contributivas inclúense as pensións por xubilación, por incapacidade permanente, as pensións de viuvez, e orfandade e favor de familiar.

O 62,7% do total de persoas beneficiarias dunha pensión contributiva en Galicia recibe unha pensión de xubilación, sendo o importe medio de 977,85 euros ao mes, o máis elevado de todas as pensións contributivas en Galicia. O número de beneficiarios e beneficiarias de pensións contributivas por xubilación en Galicia (**cadro 4.3.2.**) ascendeu en 2020 a 479.600 persoas, mil máis que no ano anterior, o que supón o 7,9% do total estatal. O importe medio ascendeu a 977,85 euros/mes, un 2,4% máis que no ano anterior, o que non impide que volva a incrementarse o diferencial coa media estatal ata situarse en 183,95 euros menos, o que mantén novamente a Galicia, xunto con Estremadura (962,94 euros), como as Comunidades co importe medio máis reducido das pensións contributivas por xubilación de todo o Estado.

As pensións de incapacidade permanente son prestacións que tratan de cubrir a perda de ingresos que sofre

Prestacións 2019-20: distribución segundo tipo de cobertura

	número		importe medio	
	2019	2020	2019	2020
Pensións contributivas	<i>(medias anuais, en miles)</i>		<i>(en € / mes)</i>	
Total	765,5	765,0	840,26	859,63
Incapacidade permanente	69,9	69,6	878,97	891,12
Xubilación	478,6	479,6	954,48	977,85
Viuvez	186,8	185,8	600,40	612,10
Orfandade e favor familiar	30,2	30,1	424,05	431,26
Pensións non contributivas				
Total	38,7	38,2		
Invalidez	14,4	14,1	422,10	424,28
Xubilación	24,3	24,2	382,24	384,25
Prestacións sociais e económicas para persoas con discapacidade (1)	0,3	0,2		
Prestacións por desemprego *	<i>(datos a 31-12, en miles)</i>		<i>(en € / mes)</i>	
Total	94,3	119,5		
Contributivas	45,6	62,3	803,10	819,60
Subsidios	0,0	0,0	430,27	430,27
Renta activa de inserción	6,7	6,9	430,27	430,27
programa de activación para o emprego	0,0	0,0	430,27	430,27
	<i>(beneficiarios anuais)</i>			
RISGA	9.783	9.020	439,82	442,52
AIS	2.804	2.718	1.105,60	1.132,07

(*) A contía media das prestacións asistenciais (subsídios, renda agraria, RAI e PAE), é do 80% do IPREM=426,00 euros (14,20 € x 30 días) para os anos 2018 e 2019

(1) RDL 1/2013 de 29 de novembro que deroga a Lei 13/1982 de 7 de abril de Integración Social de Minusválidos (LISMI) pasando a denominarse: Prestacións económicas para persoas con discapacidade

RISGA: Renda de integración social de Galicia

AIS: Axudas de inclusión social. Pago único.

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social e Consellería de Política Social.

4.3.1.


Pensións contributivas en Galicia e España 2019-20: distribución segundo clase

	Galicia			España			G / E	
	2019	2020	20/19	2019	2020	20/19	2019	2020
Totais								
número	765,50	765,00	-0,1	9.740,08	9.782,34	0,4	7,9	7,8
importe medio	840,26	859,63	2,3	990,50	1.011,02	2,1	84,8	85,0
Incapacidade permanente								
número	69,90	69,60	-0,4	957,50	952,70	-0,5	7,3	7,3
importe medio	878,97	891,12	1,4	975,48	985,03	1,0	90,1	90,5
Xubilación								
número	478,60	479,60	0,2	6.038,33	6.094,45	0,9	7,9	7,9
importe medio	954,48	977,85	2,4	1.137,81	1.161,80	2,1	83,9	84,2
Viuvez								
número	186,80	185,80	-0,5	2.361,62	2.352,68	-0,4	7,9	7,9
importe medio	600,40	612,10	1,9	711,83	725,36	1,9	84,3	84,4
Orfandade e favor familiar								
número	30,20	30,10	-0,3	382,63	382,51	0,0	7,9	7,9
importe medio	424,05	431,26	1,7	490,11	500,04	2,0	86,5	86,2

(1) o número de pensións está en miles; os importes medios, en euros/mes

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social*.

4.3.2.


Pensións contributivas 2008-20⁽¹⁾: distribución segundo clase de pensión

(1) medias anuais, en miles

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social*

4.3.3.

Importe medio das pensións contributivas 2008-20: distribución segundo clase de pensión

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social*

4.3.4.

Pensións contributivas en Galicia e España 2019-20: distribución segundo réxime ⁽¹⁾

	Total	Réxime xeral	R. E. de traballadores autónomos	R. E. de traballadores do mar	R.E. da minería do carbón	Accidentes de traballo	Enfermidades profesionais	SOVI ⁽²⁾
Galicia								
número								
2019	765.513	421.580	255.269	54.516	1.554	18.041	3.124	11.429
2020	765.032	426.737	250.711	54.108	1.508	18.108	3.189	10.670
20/19	-0,1	1,2	-1,8	-0,7	-2,9	0,4	2,1	-6,6
importe medio								
2019	840,26	978,16	595,51	945,20	1.399,43	935,68	1.146,87	408,73
2020	859,63	997,52	607,44	962,40	1.431,64	954,94	1.179,01	411,39
20/19	2,3	2,0	2,0	1,8	2,3	2,1	2,8	0,7
España								
número								
2019	9.740.077	7.042.685	1.969.673	125.248	64.355	205.040	35.800	297.276
2020	9.782.343	7.106.276	1.970.572	123.674	63.229	204.200	34.975	279.419
20/19	0,4	0,9	0,0	-1,3	-1,7	-0,4	-2,3	-6,0
importe medio								
2019	990,50	1.090,53	685,31	1.022,75	1.731,34	1.037,52	1.273,02	402,58
2020	1.011,02	1.111,54	698,76	1.041,26	1.769,95	1.056,62	1.288,59	403,58
20/19	2,1	1,9	2,0	1,8	2,2	1,8	1,2	0,2
Galicia / España								
número								
2019	7,9	6,0	13,0	43,5	2,4	8,8	8,7	3,8
2020	7,8	6,0	12,7	43,8	2,4	8,9	9,1	3,8
importe medio								
2019	84,8	89,7	86,9	92,4	80,8	90,2	90,1	101,5
2020	85,0	89,7	86,9	92,4	80,9	90,4	91,5	101,9

(1) datos anuais; os datos do importe medio están en euros/mes

(2) Seguro obligatorio de velez e invalidez

Fonte: Seguridad Social, *Estadística de pensiones*

4.3.5.

unha persoa traballadora cando por enfermidade ou accidente se reduce ou anula a súa capacidade laboral; esta incapacidade permanente pode ser parcial, total, absoluta ou grande invalidez. No ano 2020 rexístranse en Galicia 69.600 pensións contributivas por incapacidade permanente, ascendendo o seu importe medio mensual a 891,12 euros, 93,91 euros menos que o importe medio en España. Galicia sitúase novamente como a terceira Comunidade Autónoma cun menor importe medio, só por diante de Estremadura (830,79 euros) e Murcia (885,48 euros).

As prestacións por morte e supervivencia (pensións por viuvez, orfandade e favor familiar) están destinadas a compensar a situación de necesidade económica que produce, para determinadas persoas, o falecemento doutras. O número de persoas beneficiarias de pen-

sións contributivas de viuvez en Galicia descende lixeiramente no ano 2020 ata as 185.800 (o 7,9% do total estatal), aumentando o seu importe medio mensual ata os 612,10 euros, un ano máis o máis reducido do conxunto do Estado, con 113,26 euros menos ao mes que a media estatal. As pensións de orfandade e favor familiar rexistran 30.100 persoas beneficiarias (o 7,9% do total de España) ascendendo o seu importe medio a 431,26 euros mensuais, un 13,8% menos que no conxunto do Estado.

Por réximes de protección, aumentan as pensións procedentes do Réxime Xeral ata as 426.737, diminuíndo por contra as do Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA), que se sitúan en 250.711 pensións. O 55,8% do total de pensións en 2020 pertencen ao Réxime Xeral, un 1,2% máis que no ano anterior, fronte

Pensións contributivas en Galicia e España 2019-20: distribución segundo réxime e sexo ⁽¹⁾

	Número de pensións							
	2019				2020			
	Galicia		España		Galicia		España	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Réxime xeral	213.020,0	208.558,8	3.492.843,8	3.549.802,9	213.731,4	213.004,8	3.495.420,3	3.610.832,4
R. E. de traballadores autónomos	94.592,2	160.673,2	925.490,5	1.044.149,7	93.607,6	157.101,3	929.625,3	1.040.917,7
R. E. de traballadores do mar	31.578,2	22.937,5	72.250,5	52.995,8	31.136,8	22.970,9	71.145,4	52.527,2
R.E. da minería do carbón	880,1	673,9	40.464,9	23.887,5	852,1	656,3	39.824,8	23.401,7
R. E. de Empregados de Fogar	-	-	-	-	-	-	-	-
Accidentes de traballo	10.576,8	7.463,4	125.436,8	79.599,8	10.658,8	7.448,4	125.135,2	79.062,0
Enfermidades profesionais	1.883,3	1.240,8	18.653,1	17.146,8	1.951,7	1.237,8	18.298,9	16.675,8
SOVI ⁽²⁾	2.674,1	8.754,3	28.442,8	268.830,4	2.418,9	8.250,6	25.665,2	253.752,8

	Importe medio							
	2019				2020			
	Galicia		España		Galicia		España	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Réxime xeral	1.167,6	784,7	1.311,0	873,6	1.190,2	804,2	1.334,9	895,3
R. E. de traballadores autónomos	699,9	534,1	801,4	582,4	715,6	543,0	816,2	593,9
R. E. de traballadores do mar	1.169,3	636,7	1.259,0	700,7	1.194,0	648,5	1.283,3	713,4
R.E. da minería do carbón	1.815,9	855,6	2.152,1	1.018,7	1.858,5	877,5	2.194,9	1.046,9
R. E. de Empregados de Fogar	-	-	-	-	-	-	-	-
Accidentes de traballo	1.030,5	801,4	1.139,5	876,9	1.051,5	816,8	1.159,6	893,6
Enfermidades profesionais	1.290,3	929,2	1.468,6	1.060,2	1.322,4	952,9	1.476,6	1.082,3
SOVI ⁽²⁾	412,4	407,6	413,0	401,5	415,7	410,1	416,3	402,3

(1) datos anuais; os datos do importe medio están en euros/mes

(2) Seguro obligatorio de velez e invalidez

Fonte: Seguridad Social, *Estadística de pensiones*

4.3.6.

ao descenso do 1,8% no número de pensións do RETA que representa o 32,8% do total de pensións. A pesar do descenso, resulta destacable o peso das pensións do RETA en Galicia fronte ao conxunto do Estado, onde só representan o 20,1% do total.

Tal como se sinalou anteriormente, a pensión contributiva media do sistema no último ano ascende en Galicia a 859,63 euros mensuais, o que supón un aumento do 2,3%. Este importe é significativamente inferior á pensión contributiva media en España, que ascende a 1.011,02 euros mensuais. As mulleres representan máis da metade dos beneficiarios das pensións contributivas rexistradas en Galicia no último ano (53,7% do total), cun importe medio de 695,37 euros, case un 35% inferior ao das pensións contributivas dos homes cuxo importe acada os 1.066,33 euros ao mes.

O importe medio das pensións contributivas no réxime xeral ascendeu a 997,52€/mes (1.111,54 €/mes no

conxunto do Estado) e a 607,44 euros mensuais no caso do R.E. de Autónomos (698,76 €/mes en España). A pesar do elevado peso relativo das afiliacións ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos en relación ao conxunto do España, o seu importe medio é un 13,1% inferior á media estatal.

No réxime especial de traballadores do mar, o número de pensións descendeu levemente ata as 54.108 (0,7% menos que no ano anterior) e o seu importe medio, tras unha medra do 1,8%, acada os 962,40 euros mensuais. No último ano o 43,8% pensións contributivas neste réxime en España están localizadas na Comunidade Autónoma de Galicia, pero o seu importe medio sitúase un 7,6% por baixo da media estatal, porcentaxe similar á do ano anterior.

A devandita redución do 0,1% no total de pensións contributivas en Galicia en 2020 ven motivada fundamentalmente pola caída do número de pensións no réxime

Incapacidade temporal: continxencias comúns e continxencias profesionais 2019-20

2020						
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Continxencias comúns (1)						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	17.963	4.413	3.776	14.291	40.443	608.912
Duración media dos procesos con alta	72,0	86,0	66,8	74,4	73,7	49,1
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	17,8	15,5	18,5	18,0	17,7	21,0
Continxencias profesionais						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	2.221	608	514	1.903	5.246	71.294
Duración media dos procesos con alta	44,2	57,9	46,9	48,7	47,6	37,1
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	3,8	3,5	4,1	3,8	3,8	3,7
2019						
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Continxencias comúns (1)						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	16.178	4.144	3.588	13.497	37.407	583.118
Duración media dos procesos con alta	60,5	76,1	58,4	64,3	63,1	38,6
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	20,6	16,8	20,4	20,2	20,0	27,7
Continxencias profesionais						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	2.062	747	563	1.837	5.209	68.946
Duración media dos procesos con alta	48,7	65,0	53,3	49,8	51,2	39,4
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	3,2	2,8	3,3	3,4	3,2	3,1
20/19						
Continxencias comúns (1)	11,0	6,5	5,2	(%) 5,9	8,1	4,4
Continxencias profesionais	7,7	-18,6	-8,7	3,6	0,7	3,4

(1) Agás autónomos

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

4.3.7.

de autónomos, con 4.558 pensións menos, sendo este descenso de 759 pensións no caso do SOVI e de 408 no Réxime do mar. Esta caída non logra compensar a medra de 5.157 pensións no réxime xeral respecto ao anterior (medra en case 70 pensións tanto ás de accidentes de traballo como as de enfermidades profesionais).

No que á distribución segundo sexo e réxime se refire, o **cadro 4.3.6.** reflicte que o importe medio das pensións é superior no caso dos homes que no das mulleres en todos os réximes de afiliación. Non obstante, tendo en conta o volume de afiliación, son especial-

mente significativos os casos do réxime xeral e o R.E. de traballadores autónomos. No primeiro caso, a pesar de que hai tan só unha diferenza de case 730 pensións contributivas, o importe medio dos homes ascende a 1.190,19 euros fronte aos 804,19 euros das mulleres, 386 euros menos ao mes. No concernente aos traballadores autónomos, a pesar de que o número de pensións das mulleres é superior ao dos homes (1,7 veces máis, en torno a 63.500 mulleres máis que homes afiliadas no RETA) o importe medio das pensións das mulleres é de 542,98 euros cando entre os homes ascende a 715,62 euros (172,64 euros de diferenza).

Traballadores protexidos por incapacidade temporal 2020 ⁽¹⁾

	Continxencias comúns		Continxencias profesionais	
	Galicia	España	Galicia	España
Total Sistema	859.351	16.999.553	992.858	18.431.423
INSS	298.061	5.748.644	66.733	798.946
ISM	18.034	41.305	10.891	14.489
Mutuas Colaboradoras	543.256	11.209.604	915.234	17.617.988

(1) Finais do período considerado

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

4.3.8.

Outras prestacións do sistema

Ademais das prestacións xa analizadas, o sistema de protección pública da Seguridade Social integra outras prestacións tanto de carácter contributivo coma non contributivo. Entre as primeiras destacan as de incapacidade temporal e as asociadas ao nacemento e coidado de menores: maternidade, paternidade, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, e coidado de menores afectados por cancro ou enfermidade grave. No que respecta ás prestacións económicas de carácter non contributivo, analízanse as pensións non contributivas de xubilación e viuvez, as prestacións sociais e económicas derivadas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e as prestacións familiares.

O subsidio por incapacidade temporal cubre a perda de rendas no período no que o traballador está incapacitado para traballar por enfermidade común ou accidente non laboral, enfermidade profesional ou accidente laboral, e recibe asistencia sanitaria na Seguridade Social. No conxunto do ano 2020 o número de procesos por incapacidade temporal en vigor ascende a 45.689, dos que o 88,5% era por continxencias comúns e o restante 11,5% por continxencias profesionais. O **cadro 4.3.7.** reflicte que Galicia presenta no último ano unha medra moi superior á do conxunto do Estado no caso das continxencias comúns, cunha medra interanual do 8,1% en Galicia fronte ao 4,4% en España. Doutra banda, as continxencias profesionais medran un 0,7% fronte ao 3,4% no conxunto do Estado.

Xunto ao incremento no número de procesos en vigor, en 2020 aumenta a duración media dos procesos para as continxencias comúns ata os 73,7 días, case once máis que no ano anterior (63,1 días), tempo moi superior ao rexistrado no conxunto de España (49,1 días). Por contra, redúcese a duración media dos procesos no caso das continxencias profesionais ata os 47,6 días en Galicia fronte aos 37,1 días de media en España (51,2 e 39,4 días no ano anterior, respectivamente).

Do total de traballadores e traballadoras en alta protexidos por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns en Galicia, **cadro 4.3.8.**, un 63,2% está cuberto por mutuas, un 34,7% polo INSS e un 2,1% polo ISM. A nivel estatal o peso relativo das mutuas é superior ao galego, situándose no 65,9% fronte ao 33,8% no caso do INSS e o 0,2% do ISM. No que respecta ás continxencias profesionais, a porcentaxe de persoas cubertas por mutuas ascende ata o 92,2% en Galicia e ata o 95,6% de media no Estado.

No que respecta ás prestacións e axudas no ámbito da familia e a infancia (**cadro 4.3.9.**), destacan as seguintes:

- Prestacións de nacemento e coidado do menor: Prestacións económicas que tratan de cubrir a perda de rendas do traballo ou de ingresos que sofren as persoas traballadoras, por conta allea ou por conta propia, cando se lles suspende o seu contrato ou se lles interrompe a súa actividade para gozar dos períodos de descanso e permisos que se desfruten por nacemento dun fillo ou filla, adop-

Prestacións relacionadas co nacemento e os cuidados da primeira infancia 2020 ⁽¹⁾

	Galicia	España	G/E (%)
Prestación de nacemento e coidado do menor			
Total da prestación	22.458	465.723	4,8
Primeiro proxenitor	11.341	226.566	5,0
Segundo proxenitor	11.117	239.157	4,6
Risco durante o embarazo			
Nº de procesos iniciados no período	3.439	62.011	5,5
Número de procesos en vigor ao final do período	863	16.389	5,3
Risco durante a lactancia natural			
Nº de procesos iniciados no período	44	895	4,9
Número de procesos en vigor ao final do período	29	415	7,0
Coidado de menores afectados polo cancro ou enfermidade grave			
Nº de procesos iniciados no período	132	3.364	3,9
Número de procesos en vigor ao final do período	372	7.939	4,7

(1) acumulado a decembro
Fonte: Seguridad Social

4.3.9.

ción e acollemento legalmente establecidos. Ao longo do ano 2020 o número total de prestacións ascendeu a 22.458, o que representa o 4,8% do total estatal, das que 11.341 corresponden ao primeiro proxenitor (5% do conxunto de España) e as restantes 11.117 prestacións ao segundo proxenitor (4,6% do total estatal). No concernente á duración media dos procesos para o primeiro proxenitor nos supostos de maternidade biolóxica, esta ascende a 112 días no caso de compartiren o período de descanso e de 89 días no caso de que o fagan.

– Prestacións por risco durante o embarazo: O seu obxectivo é cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible co seu estado, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas. No ano 2020 descende o número de procesos en vigor, rexistrándose 863 procesos ao final do período, o 5,3% do total estatal, sendo a duración media dos procesos finalizados de 89,4 días, fronte a 88,3 días de media no Estado.

– Prestacións por risco durante a lactación natural: Esta prestación económica trata de cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante a lactación natural dun menor de 9 meses, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible coa súa situación, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas. O número de procesos en vigor caeu en Galicia ata os 29 (un máis que no ano anterior), cunha duración dos procesos finalizados de 152,9 días fronte aos 137,9 días de media no conxunto do Estado.

– Prestacións por coidado de menores afectados polo cancro ou enfermidade grave: A efectos da prestación por coidado de menores afectados por cancro u outra enfermidade grave, considérase situación protexida a redución da xornada de traballo que leven a cabo as persoas proxenitoras, adoptantes e acolledoras de carácter familiar preadoptivo ou permanente, cando ambas traballen, para o coidado do menor o seu cargo afectado por cancro u outra enfermidade grave. O número de procesos en vigor a finais de 2020 en Galicia as-


Beneficiarios de prestaciones no contributivas nas CC.AA. 2019-20 ⁽¹⁾

	2019		2020	
	Homes	Mulleres	Total	Total
Total				
Galicia	12.890	25.771	38.660	38.220
España	157.810	294.882	452.692	449.995
Invalidez				
Galicia	7.138	7.265	14.404	14.055
España	93.834	99.288	193.122	188.670
Xubilación				
Galicia	5.752	18.505	24.257	24.175
España	63.976	195.594	259.570	261.325

(1) medias anuais

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Prestaciones no contributivas*

4.3.10.

Promedio mensual das pensións non contributivas 2008-20: distribución segundo clase de pensión ⁽¹⁾

(1) medias anuais, en euros

Fonte: IMSERSO, *Pensiones no contributivas de jubilación e invalidez*

4.3.11.


cende a 372, o que representa o 4,7% do total estatal.

Pensións non contributivas

As pensións non contributivas aseguran aos cidadáns unha prestación económica, asistencia médico-farmacéutica gratuíta e servizos sociais complementarios, aínda que non teñan cotizado ou o teñan feito de xeito insuficiente para ter dereito a unha pensión contributiva.

No último ano continúa a redución no número de persoas beneficiarias de prestacións non contributivas en Galicia. Tras unha caída do 1,1% respecto ao ano anterior (–0,6% no conxunto do Estado), o número total de beneficiarias e beneficiarios destas prestacións foi de 38.220 persoas (o 8,5% do total en España), o que mantén a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma con máis pensións, por detrás de Andalucía, Cataluña, a C. Valenciana, Canarias e Madrid.

O descenso no número de persoas beneficiarias prodú-

Pensións non contributivas por 1.000 habitantes 2008-19 ⁽¹⁾

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Total	20,2	19,9	19,7	19,2	19,5	20,2	20,0	20,0	20,1	19,4	19,2	18,9
ZDP	17,5	17,4	17,8	17,4	18,3	19,7	20,1	20,4	20,9	20,3	20,5	20,2
ZIP	18,3	18,1	17,7	17,3	17,5	18,2	17,9	17,9	18,1	17,2	17,3	17,0
ZPP	25,8	25,1	24,3	23,7	23,4	23,4	22,7	22,1	21,7	21,3	20,2	19,7
Homes	12,8	12,8	13,0	12,8	13,3	14,1	14,0	13,9	14,3	13,7	13,6	13,4
ZDP	12,3	12,5	13,3	13,2	14,3	15,5	15,8	15,9	16,6	16,1	16,2	15,8
ZIP	10,4	10,5	10,5	10,5	10,8	11,6	11,3	11,3	11,7	11,1	11,1	11,0
ZPP	16,4	16,2	15,8	15,4	15,2	15,6	15,1	14,7	14,7	14,3	13,8	13,6
Mulleres	27,1	26,5	25,9	25,1	25,3	25,9	25,7	25,7	25,6	24,8	24,4	24,1
ZDP	22,2	21,8	21,9	21,1	21,9	23,4	23,8	24,2	24,7	24,0	24,2	24,1
ZIP	25,9	25,4	24,7	23,9	23,9	24,5	24,2	24,3	24,2	23,1	23,2	22,7
ZPP	34,9	33,8	32,7	31,9	31,4	31,0	30,1	29,4	28,7	28,1	26,5	25,8

(1) Zonas densamente poboadas (ZDP), Zonas intermedias (ZIP), Zonas pouco poboadas (ZPP).
Fonte: IGE, Panorama rural-urbano

4.3.12.

cese tanto nas pensións de invalidez (2,4% menos respecto ao ano anterior) como de xubilación (0,3% menos). No que ás prestacións non contributivas en Galicia se refire, o 63,2% das persoas teñen unha pensión de xubilación e o 36,8% restante, de invalidez. O importe medio mensual das pensións non contributivas medra un 0,5% respecto ao ano anterior ascendendo a 384,25 euros para as pensións por xubilación e a 424,28 euros para as pensións por invalidez (**cadro 4.3.11.**).

No que respecta ao panorama rural-urbano, o **cadro 4.3.12.** reflicte un leve descenso da rateo pensións non contributivas por cada mil habitantes, situándose en 2019 en 18,9. Este indicador está en 24,1 no caso das mulleres, lonxe do 13,4 para os homes. As taxas máis elevadas rexístranse no caso das mulleres nas zonas pouco poboadas (25,8 pensións por cada mil habitantes), mentres que entre os homes é nas zonas densamente poboadas onde se rexistran os valores máis elevados (15,8). Resulta significativo que este cociente no caso das mulleres máis que duplica o valor dos

homes nas zonas intermedias (2,1 veces), sendo 1,9 veces máis elevado nas zonas pouco poboadas.

Dentro das pensións non contributivas, as pensións asistenciais son axudas económicas individualizadas de carácter periódico que poden darse ben enfermidade ben vellez. En decembro de 2020 había só catro persoas beneficiarias en Galicia, todas elas por enfermidade, o que representa o 0,2% do total estatal.

No que respecta ás prestacións sociais e económicas para aquelas persoas con discapacidade que, por non desenvolver unha actividade laboral, non están incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social, o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, contempla os subsidios de garantía de ingresos mínimos (SGIM), subsidios por axuda de terceira persoa (SATP) e subsidios de mobilidade e compensación por gastos de transporte (SMGT).

Beneficiarios de prestacións familiares por nacemento ou adopción de fillo 2019-20

2019						
	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total	745	269	112	87	277	25.112
familias numerosas	444	152	70	51	171	19.093
familias monoparentais	287	110	40	34	103	5.763
familias con nais discapacitadas	14	7	2	2	3	256

2020						
	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total	514	178	85	60	191	14.044
familias numerosas	344	110	63	40	131	10.681
familias monoparentais	164	64	22	20	58	3.200
familias con nais discapacitadas	6	4	-	-	2	163

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.3.13.

Estas prestacións descenden de xeito continuado nos últimos anos, tendencia que se mantén no ano 2020 cunha caída interanual do 12,8%, 3,3 puntos porcentuais por riba do rexistrado no conxunto do Estado. O número de prestacións económicas para persoas con discapacidade foi en Galicia de 237, o que supón o 4,1% do total estatal, e as correspondentes a asistencia sanitaria e prestacións farmacéuticas descenden ata as 52 (un 14,8% menos que no ano anterior; 9 menos) o que representa o 0,9% do conxunto de España.

Finalmente, as prestacións familiares están destinadas a cubrir a situación de necesidade económica ou de exceso de gastos que produce, para determinadas persoas, a existencia de responsabilidades familiares e o nacemento ou adopción de fillos en determinados casos. Inclúen as asignacións de pago periódico por fillo ou menor acollido a cargo e as prestacións de pago único por nacemento ou adopción de fillo en caso de familias numerosas, monoparentais ou en casos de nais discapacitadas.

As prestacións de pago único por nacemento ou adopción de fillo, nos supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais con discapacidade igual ou superior ao 65%, esixen, na maioría dos casos, acreditar un límite de ingresos. Esta prestación abóase nun

pago único cunha contía de mil euros, sempre que os ingresos do beneficiario non rebasen os límites establecidos para cada caso. O **cadro 4.3.13.** mostra que en Galicia hai 514 beneficiarios deste tipo de prestacións, o 7,3% do total estatal, dos que o 66,9% pertencen a familias numerosas (76,1% en España).

Outra modalidade, neste caso con carácter de pago periódico, son as prestacións non contributivas a familias con fillos con discapacidade. En decembro de 2020 en Galicia había un total de 21.885 causantes con discapacidade, dos que 10.464 teñen unha discapacidade igual ou superior ao 65%, 4.865 persoas unha discapacidade igual ou maior ao 75%, e 6.556 igual ou superior ao 33%.

Prestacións por desemprego

O desemprego, entendido como a situación de quen podendo e querendo traballar perde o seu emprego ou ve reducida a súa xornada, atribúe un posible dereito a prestacións económicas, ben como prestación ou como subsidio.

Se no ano 2019 rachábase a tendencia descendente do número de persoas beneficiarios de prestacións por desemprego observada en Galicia de xeito ininterrompido

Prestacións por desemprego e paro rexistrado en Galicia e España 2019-20 ⁽¹⁾

	2019		2020	
	Galicia	España	Galicia	España
Beneficiarios				
totais	94.323	1.964.182	119.464	2.299.575
prestación contributiva	45.564	892.622	62.317	1.109.757
subsidio	42.068	757.958	50.283	878.400
renta agraria	-	80.057	-	79.417
subsidio de traballadores eventuais agrarios	-	100.960	-	96.032
renta activa de inserción	6.689	132.566	6.864	135.965
programa de activación para o emprego	2	19	-	4
Paro rexistrado	165.308	3.163.605	189.587	3.888.137
Paro rexistrado sen emprego anterior	13.373	258.731	15.844	351.603
Beneficiarios subsidios agrarios (eventuais)	-	100.960	-	96.032
Taxas cobertura (2)				
total	62,1	65,3	68,8	63,3

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula:

beneficiarios prestacións / (paro rexistrado con experiencia laboral + beneficiarios subsidios agrarios)

(paro rexistrado con experiencia laboral = paro rexistrado - paro rexistrado sen emprego anterior)

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Economía Social

4.3.14.

dende o ano 2013, o ano 2020 caracterízase polo fortísimo crecemento das prestacións por desemprego tanto en Galicia como en España influenciado polas medidas sociais en defensa do emprego adoptadas para facer fronte ao impacto da covid-19. O incremento interanual no número total de beneficiarios e beneficiarias en Galicia foi do 26,7%, case dez puntos por riba do rexistrado no conxunto do Estado (17,1%). En 2020 hai rexistradas en Galicia un total de 119.464 persoas beneficiarias de prestacións por desemprego, 25.141 máis que no ano anterior, o que representa o 5,2% do total estatal (cadro 4.3.14.).

O devandito incremento no número total de persoas beneficiarias prodúcese tanto no número de perceptores de prestacións contributivas como nas beneficiarias e beneficiarios de subsidios, aumentando lixeiramente os da renda activa de inserción.

Os beneficiarios e beneficiarias de prestacións contributivas aumentaron no último ano un 36,8% para situarse nas 62.317 persoas, o que representa o 5,6% do total estatal; en tanto que a medra observada polos beneficiarios de subsidios situouse no 19,5%, acadando as 50.283 persoas beneficiarias (o 5,2% do total de España). Fronte a este significativo incremento, o número


de persoas beneficiarias da renda activa de inserción presenta unha taxa de variación interanual do 2,6%, o que contrasta co descenso do 11,7% no ano anterior (6.864 persoas no último ano, o que supón 175 menos).

Tras esta evolución, o 52,2% dos beneficiarios e beneficiarias da prestación por desemprego teñen dereito a prestación contributiva fronte ao 42,1% no caso dos subsidios, situándose estas porcentaxes no 48,3% e 44,6%, respectivamente, no exercicio anterior.

O devandito incremento do número de persoas beneficiarias rexístrase nas catro provincias galegas e nos tres tipos de prestacións, coa excepción dos beneficiarios da renda activa de inserción na provincia de Ourense, onde permanece practicamente constante (unha persoa menos).

Dunha banda, tanto en termos absolutos como relativos, a provincia da Coruña volve a ser a que presenta o maior aumento do número de persoas beneficiarias, cun incremento do 37,4% en relación ao ano anterior (13.866 beneficiarias e beneficiarios máis), seguido por Ourense, que presenta unha taxa de variación interanual do 25,6% (2.616 persoas máis), e Lugo, co

Taxa de cobertura en Galicia e España 2013-20 (1)



(1) Datos a 31 de decembro de cada ano.

(2) indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula:

$$\text{beneficiarios prestaciones} / (\text{paro rexistrado con experiencia laboral} + \text{beneficiarios subsidios agrarios})$$

$$(\text{paro rexistrado con experiencia laboral} = \text{paro rexistrado} - \text{paro rexistrado sen emprego anterior})$$

Fuente: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Economía Social

4.3.15.

21,9% (2.211 persoas máis). O menor incremento en termos relativos rexístrase en Pontevedra, cunha medra do 17,4% respecto ao ano anterior (6.448 persoas beneficiarias máis). Tras esta evolución, A Coruña concentra o 42,6% do total, superando a Pontevedra, co 36,4% do total, e con porcentaxes por riba do dez por cento en Ourense e Lugo (10,7% e 10,3% respectivamente).

Atendendo á desagregación segundo tipo de prestación, cómpre resaltar o incremento do 54,4% do número de beneficiarios e beneficiarias de prestacións contributivas no caso da provincia da Coruña (10.206 persoas máis) e do 41,8% en Ourense (1.812 persoas), en tanto que no caso dos subsidios, A Coruña e Lugo presentan unha medra superior ao 20%, situándose

esta porcentaxe no 23,2% na Coruña (3.623 beneficiarias e beneficiarios máis respecto ao ano anterior) e no 21,7% en Lugo (980 máis).

Un dos principais indicadores para medir o alcance do sistema de protección é a taxa de cobertura, definida como a porcentaxe de parados con experiencia laboral e beneficiarios de subsidios agrarios eventuais que son beneficiarios dalgún tipo de prestación por desemprego. Como se observa no **gráfico 4.3.15.**, a taxa de cobertura en Galicia aumenta por cuarto ano consecutivo para situarse no último día de decembro do ano 2020 no 68,8%, máis de seis puntos e medio por riba do rexistrado na mesma data do ano anterior (62,1%), o que contrasta coa redución experimentada no conxunto do Estado (63,3% no último ano).

Risga e Axudas de Inclusión Social 2019-20: beneficiarios e pagos

Risga (1)								
	beneficiarios						importes medios	
	2019			2020			2019	2020
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total		
Total	3.588	6.195	9.783	3.578	5.442	9.020	439,82	442,52
A Coruña	1.061	1.871	2.932	1.014	1.445	2.459	443,08	448,91
Lugo	456	838	1.294	416	683	1.099	437,00	420,12
Ourense	406	676	1.082	370	565	935	447,37	459,94
Pontevedra	1.665	2.810	4.475	1.778	2.749	4.527	436,68	440,92

AIS (2)								
	axudas concedidas						importes medios	
	2019			2020			2019	2020
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total		
Total	994	1.810	2.804	1.004	1.714	2.718	1.105,60	1.132,07
A Coruña	186	334	520	154	255	409	1.044,17	1.117,48
Lugo	128	279	407	159	319	478	1.198,09	1.177,72
Ourense	320	553	873	265	465	730	1.227,56	1.255,63
Pontevedra	360	644	1.004	426	675	1.101	993,88	1.035,76

(1) beneficiarios a 31 de decembro de cada ano e importe dos pagos totais líquidos no mes de decembro de cada ano

(2) axudas anuais concedidas e media anual das coantías das axudas

Fonte: Consellería de Política Social

4.3.16.

O forte incremento desta taxa en Galicia ven motivado por unha medra do número total de persoas beneficiarias dunha prestación por desemprego moi superior ao do paro rexistrado con experiencia laboral tendo en conta que as persoas que saen da actividade por mor da covid-19 non se consideran parados senón que pasan a formar parte da poboación inactiva. Dunha banda, o número de beneficiarios e beneficiarias a 31 de decembro de 2020 medra en Galicia un 26,7% respecto ao ano anterior, e o paro rexistrado no caso das persoas con experiencia laboral un 14,4%. Por contra, no conxunto do Estado as persoas beneficiarias de prestacións por desemprego medran un 17,1% e a suma de parados e paradas con experiencia laboral e persoas beneficiarias de subsidios agrarios eventuais un 20,9%.

Renda mínima de inserción e Ingreso mínimo vital

Segundo se establece na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, a renda de inclusión social de Galicia (Risga) é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia

a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

O número total de persoas beneficiarias da Risga volve a descender no último ano, acadando a 31 de decembro de 2020 un total de 9.020 persoas beneficiarias, un 7,8% menos que na mesma data do ano anterior (763 persoas beneficiarias menos). A contía básica para un titular é do 75% del IPREM, cun límite máximo para 7 convivintes, do 120% do IPREM no caso de non existir menores e do 135% con menores. A duración da percepción desta renda é de 12 meses. No último ano o importe medio da axuda permaneceu practicamente igual, ascendendo a 442,52 euros mensuais.

O sinalado descenso no número de persoas beneficiarias da Risga en Galicia estendese ás catro provincias galegas (**cadro 4.3.16.**). O descenso máis acusado en termos relativos rexístrase na Coruña, cunha caída do 16,1% (473 persoas menos), sendo a provincia de Pon-

Risga e Axudas de Inclusión Social 2019-20: solicitudes

	Total			2020 Risga			AIS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Solicitudes a resolver	4.824	8.022	12.846	2.668	4.192	6.860	2.156	3.830	5.986
presentadas no ano	3.669	6.152	9.821	2.081	3.257	5.338	1.588	2.895	4.483
pendentes do ano anterior	1.155	1.870	3.025	587	935	1.522	568	935	1.503
Solicitudes resoltas	3.709	6.064	9.773	2.086	3.260	5.346	1.623	2.804	4.427
estimadas	2.389	3.809	6.198	1.386	2.094	3.480	1.003	1.715	2.718
desestimadas e/ou arquivadas	1.320	2.255	3.575	700	1.166	1.866	620	1.089	1.709
Solicitudes present. / resoltas (%)	76,9	75,6	76,1	78,2	77,8	77,9	75,3	73,2	74,0

	Total			2019 Risga			AIS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Solicitudes a resolver	4.930	7.996	12.926	2.772	4.144	6.916	2.158	3.852	6.010
presentadas no ano	4.163	6.669	10.832	2.455	3.648	6.103	1.708	3.021	4.729
pendentes do ano anterior	767	1.327	2.094	317	496	813	450	831	1.281
Solicitudes resoltas	3.776	6.126	9.902	2.186	3.209	5.395	1.590	2.917	4.507
estimadas	2.396	3.820	6.216	1.402	2.010	3.412	994	1.810	2.804
desestimadas e/ou arquivadas	1.380	2.306	3.686	784	1.199	1.983	596	1.107	1.703
Solicitudes present. / resoltas (%)	76,6	76,6	76,6	78,9	77,4	78,0	73,7	75,7	75,0

Fonte: Consellería de Política Social

4.3.17.

tevedra a única que presenta unha medra no número de persoas beneficiarias, cun 1,2% máis que no ano precedente (52 persoas). Nas provincias de Lugo e Ourense os descenso interanuais foron do 15,1% e 13,6%, respectivamente, o que supón 195 e 147 persoas beneficiarias menos. Tras esta evolución Pontevedra concentra a metade das beneficiarias e beneficiarios desta prestación en Galicia (4.527 persoas), por diante da Coruña, cun 27,3% (2.459 persoas).

O número de solicitudes a resolver redúcese novamente no ano 2020, situándose en 6.860 solicitudes, 56 menos que no ano anterior. A diferenza do acontecido no ano precedente, descende o número de solicitudes presentadas no propio ano 2020, que se sitúa en 5.338 solicitudes (765 menos que en 2019) en tanto que aumentan en 709 solicitudes as pendentes do ano anterior (1.522 solicitudes no ano 2020). O **cadro 4.3.17.** mostra como das devanditas 6.860 solicitudes presentadas, resolvéronse 5.346 solicitudes, das que 3.480 foron estimadas, o 65,1% do total (63,2% no ano precedente).

As axudas de inclusión social, tamén reguladas na citada Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, son prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias afectadas, así como atender as situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social. Estas axudas de inclusión social están destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes e, se é o caso, financiar actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medidas de apoio dos diferentes tramos da renda de inclusión social de Galicia.

O número de persoas beneficiarias no ano 2020 descendeu lixeiramente respecto ao ano anterior (0,4%), acadando as 2.718 axudas, 86 menos que no ano anterior. O importe destas axudas (pago único) aumenta un 2,4% respecto á mesma data do ano anterior, acadando os 1.132,07 euros (26,47 euros máis que no ano precedente).

Persoas beneficiadas polo Ingreso Mínimo Vital en Galicia e España en decembro 2020

	Total			Adultos	Menores
	Total	Adultos	Menores		
	(número de persoas)				
				(% sobre o total)	
Galicia	23.775	13.403	10.372	56,4%	43,6%
A Coruña	9.531	5.497	4.034	57,7%	42,3%
Lugo	3.508	1.855	1.653	52,9%	47,1%
Ourense	3.120	1.800	1.320	57,7%	42,3%
Pontevedra	7.616	4.251	3.365	55,8%	44,2%
España	462.508	243.295	219.213	52,6%	47,4%

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.3.18.

• Ingreso mínimo vital

Co obxectivo de garantir un nivel de ingresos mínimos ás persoas que se atopan nunha situación de vulnerabilidade económica, permitindo así a cobertura das necesidades básicas dos seus fogares, o Real Decreto-lei 20/2020, de 29 de maio, establece o ingreso mínimo vital (IMV). Este ingreso mínimo vital, que opera como unha rede de protección dirixida a permitir o tránsito dende unha situación de exclusión a unha participación na sociedade e se define como un dereito subxectivo da cidadanía, é unha prestación non contributiva que se recibirá sempre que se cumpran os requisitos e obrigacións de acceso ao mesmo.

A renda mensual garantida para un fogar unipersoal é a equivalente ao cen por cen do importe anual das pensións non contributivas vixente en cada momento dividido por 12. Este importe incrementase en 0,3 por cada adulto/menor ao que se engade un plus (0,22) para fogares monoparentais, cun máximo de 12.184 euros anuais.

A nota de prensa publicada polo Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones o 15 de decembro de 2020 reflicte que o Instituto Nacional da Seguridade Social recoñeceu a prestación a un total de 9.233 fogares, chegando así a 23.775 persoas en decembro de 2020, o que supón o 5,1% do conxunto do Estado. Do total de persoas ás que chega a prestación, o 43,6% son menores, case catro puntos porcentuais menos que en

España (47,4%). Atendendo á súa distribución provincial, a provincia da Coruña é a que concentra o maior número de persoas beneficiadas, con 9.531 persoas, por diante de Pontevedra con 7.616 persoas, presentando ambas as dúas provincias unha porcentaxe de menores inferiores á media estatal (42,3% e 44,2%, respectivamente). Como se aprecia no **cadro 4.3.18.**, tan só Lugo presenta un peso relativo de menores moi similar á media española, co 47,1%.

Dende a aprobación do IMV en xuño ata decembro de 2020 recibíronse en Galicia un total de 48.199 solicitudes, dos que 44.780 expedientes eran válidos, o 4,1% do total estatal. As restantes 3.419 solicitudes corresponde a expedientes duplicados, o 6% destes expedientes en España. Como se aprecia no **cadro 4.3.19.**, a provincia da Coruña concentra o maior número de expedientes válidos, con 19.257 solicitudes (o 43% do total galego), por diante de Pontevedra, con 15.489 expedientes (o 34,6%) e Ourense, con 5.295 expedientes (11,8%). As restantes 4.739 solicitudes válidas pertencen a Lugo, o 10,6% do total galego.

Nos devanditos seis meses do último ano xestionáronse un total de 39.656 solicitudes, o que supón o 88,6% dos expedientes válidos presentados. No conxunto do Estado esta porcentaxe ascende ata o 74,8%, cifra inferior á rexistrada en Pontevedra, cun 86%, e A Coruña, cun 84%.

Segundo o reflectido na devandita nota de prensa, o

Solicitudes do ingreso mínimo vital (IMV) en Galicia e España 2020

	Galicia					España	G / E
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
	(número de expedientes)						
Expedientes totais	48.199	20.733	5.127	5.627	16.712	1.136.173	4,2%
Duplicados	3.419	1.476	388	332	1.223	56.751	6,0%
Válidos	44.780	19.257	4.739	5.295	15.489	1.079.422	4,1%
Expedientes tramitados	39.656	16.182	5.957	4.191	13.326	807.914	4,9%
Resoltos	28.534	11.402	3.387	3.623	10.122	626.355	4,6%
Aprobados	9.233	3.902	1.219	1.179	2.933	159.482	5,8%
Denegados	19.301	7.500	2.168	2.444	7.189	466.873	4,1%
En subsanación	11.122	4.780	2.570	568	3.204	181.559	6,1%

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.3.19.

INSS resolveu un total de 28.534 solicitudes, o que supón o 72% dos expedientes tramitados (77,5% no total estatal), pedíndolle ás restantes 11.122 que subsanen os erros cometidos. Cómpre resaltar que a relación entre expedientes resoltos e expedientes tramitados acada o 86,4% en Lugo, situándose en Pontevedra e A Coruña por baixo da media estatal (76% e 70,5%, respectivamente). 

4.4. Medio ambiente e desenvolvemento sostible

Os diferentes acordos internacionais que obrigan aos países e rexións a dotarse dun marco político e normativo propio e dos recursos orzamentarios suficientes para facelo efectivo, así como as evidencias científicas, fan que o cambio climático se sitúe no centro das políticas públicas. Estas políticas non se limitan tan só a aspectos medioambientais senón tamén a aqueles ámbitos que se ven afectados indirectamente como é o caso da pobreza, a saúde, a mobilidade territorial...

A análise do medio ambiente neste capítulo céntrase nos aspectos relacionados co cambio climático, coa natureza e biodiversidade e coa recollida de residuos sólidos. Neste contexto, o punto de partida deste capítulo ten de ser a análise da situación e evolución dos chamados Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) incluídos na Axenda 2030 da ONU, ocupando España o posto 21 dos 31 países europeos incluídos no Índice dos ODS de Europa 2020, cunha puntuación de 67,8 sobre cen, cando a media da UE se sitúa en 70,7.

A expansión do coronavirus supuxo un freo na consecución de varios ODS, presentando os países do sur e

este de Europa peores resultados que os países nórdicos. O coronavirus aumentou en moitos casos os desafíos aos que se enfrontan os países para a consecución dos ODS, especialmente en relación cos obxectivos socioeconómicos, e non ten resolto as crises climáticas e de biodiversidade. Con todo, antes do brote da covid-19, ningún país europeo estaba na senda de lograr o cumprimento de todos os ODS para o ano 2030.

Unha vez presentado o grao de cumprimento dos ODS en España e unha visión da situación nas seis cidades galegas consideradas (catro capitais de provincia, Santiago como capital de Galicia e Vigo, ao ter máis de 80.000 habitantes), en segundo lugar o capítulo céntrase en analizar aspectos relacionados co cambio climático e o investimento empresarial en protección medioambiental. A continuación faise referencia a indicadores da natureza e biodiversidade, no que se presentan os espazos protexidos, para centrarse en cuarto lugar nos bosques e nos incendios forestais. Por último, analízanse tanto os residuos sólidos urbanos como os residuos industriais, partindo da mención dos principais obxectivos definidos na nova lei galega de residuos e solos contaminados.

Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) 2020. Situación actual e tendencia

Obxectivos	Situación actual (1)	Tendencia (2)
1 Fin da pobreza	Quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente
2 Fame cero	Seguen existindo os grandes desafíos	Estancado
3 Saúde e benestar	Permanecen os desafíos	Mellora moderadamente
4 Educación de calidade	Quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente
5 Igualdade de xénero	Permanecen os desafíos	Mellora moderadamente
6 Auga limpa e saneamento	Permanecen os desafíos	Mellora moderadamente
7 Enerxía asequible e non contaminante	Permanecen os desafíos	Mellora moderadamente
8 Traballo decente e crecemento económico	Quedan desafíos importantes	En camiño/mantendo o logro
9 Industria, innovación e infraestruturas	Quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente
10 Redución da desigualdade	Quedan desafíos importantes	Estancado
11 Cidades e comunidades sostibles	Permanecen os desafíos	Mellora moderadamente
12 Produción e consumo responsable	Quedan desafíos importantes	Empeora
13 Acción polo clima	Seguen existindo os grandes desafíos	Estancado
14 Vida submarina	Seguen existindo os grandes desafíos	Estancado
15 Vida de ecosistemas terrestres	Seguen existindo os grandes desafíos	Empeora
16 Paz, xustiza e institucións sólidas	Quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente
17 Alianzas para lograr os obxectivos	Quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente

(1) De mellor a peor grado de cumprimento dos obxectivos a situación actual clasifícase en: Obxectivos logrados; Permanecen os obxectivos; Quedan retos importantes ou significativos por acadar; e por último, o nivel máis baixo "Persisten os desafíos máis importantes".

(2) De mellor a peor, a tendencia ou evolución clasifícase: En camiño ou mantendo o logro; mellora moderadamente; estancado; empeora.
Fonte: Red Española para el Desarrollo sostenible, Informe para el Desarrollo Sostenible en Europa 2020

4.4.1.

Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

Os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) incluídos na Axenda 2030 da ONU establecen propósitos no ámbito do desenvolvemento económico, da inclusión social e da sustentabilidade ambiental que están presentes en todos os obxectivos a acadar ben de xeito prioritario ben acompañando a outro obxectivo.

O informe de desenvolvemento sostible en Europa 2020, presentado en decembro dese ano, indica que os principais desafíos dos ODS aos que se enfronta pertencen ás áreas de agricultura e alimentación, o clima e a biodiversidade, e a converxencia nos niveis de vida entre os distintos países e rexións. O informe sinala que ningún dos 28 países da UE están en camiño de cumprir os ODS para 2030, manténdose os países nórdicos como os que están máis próximos ao seu cumprimento. No extremo oposto, os países do sur e este de Europa son os que obteñen un peor comportamento. Asemade, a devandita publicación reflicte que a expansión da covid-19 aumentou en moitos casos os mencionados desafíos, especialmente os relacionados cos obxectivos socioeconómicos, e non ten resolto a crise climática e a biodiversidade.

En termos cuantitativos, o último informe presentado en decembro de 2020 sinala que España retrocede no

ranking dos países europeos analizados ao ocupar o posto 17 entre os 27 países da UE, acadando o índice elaborado unha puntuación de 67,8 sobre 100, case tres puntos por baixo da media europea (70,7 sobre cen), cando no ano anterior o seu posto era o décimo terceiro. No informe anterior as puntuacións acadadas por España e a Unión Europea ascendían a 66,8 e 70,1 sobre cen, respectivamente.

O **cadro 4.4.1.** reflicte o grado de cumprimento dos obxectivos no conxunto do Estado e a súa tendencia. Dunha banda, o devandito informe do desenvolvemento sostible en Europa sinala que en España non se cumpre ningún dos 17 ODS, acadando valores comparativamente elevados (permanecen os desafíos) no caso dos ODS 3 (Saúde e benestar), ODS 5 (Igualdade de xénero), ODS 6 (Auga limpa e saneamento), ODS 7 (Enerxía asequible e non contaminante) e ODS 11 (Cidades e comunidades sostibles). Por contra, catro obxectivos de desenvolvemento presentan os valores máis baixos da análise (seguen existindo os retos máis importantes): ODS 2 (Fame cero), ODS 13 (Acción polo clima), ODS 14 (Vida submarina) e ODS 15 (Vida de ecosistemas terrestres).

Atendendo á súa tendencia, o devandito **cadro 4.4.1.** reflicte que tan só o obxectivo correspondente ao traballo decente e crecemento económico (ODS 8) está en

Grado de cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) 2020 nas principais cidades galegas.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo
1 Fin da pobreza						
2 Fame cero						
3 Saúde e benestar						
4 Educación de calidade						
5 Igualdade de xénero						
6 Auga limpa e saneamento						
7 Enerxía asequible e non contaminante						
8 Traballo decente e crecemento económico						
9 Industria, innovación e infraestruturas						
10 Redución da desigualdade						
11 Cidades e comunidades sostibles						
12 Produción e consumo responsable						
13 Acción polo clima						
14 Vida submarina						
15 Vida de ecosistemas terrestres						
16 Paz, xustiza e institucións sólidas						
17 Alianzas para lograr os obxectivos						

(1) De mellor a peor grado de cumprimento dos obxectivos a situación actual clasifícase en:

● Obxectivos logrados; ● Permanecen os obxectivos; ● Quedan retos importantes ou significativos por acadar; e o máis baixo ● "Persisten os desafíos máis importantes".

Fonte: Red Española para el Desarrollo sostenible, *Los Objetivos del Desarrollo Sostenible en 100 ciudades españolas*

4.4.2.

camiño de acadar ou mantén o seu cumprimento, empeorando por contra no caso dos obxectivos de produción e consumo responsable (ODS 12) e do correspondente á vida de ecosistemas terrestres (ODS 15). Asemade, considérase que está estancado no caso do cumprimento dos devanditos ODS 2, ODS 13 e ODS 14, así como do ODS 10 (redución da desigualdade).

Atendendo á desagregación da análise a nivel municipal, o **cadro 4.4.2.** reflicte o grao de cumprimento dos ODS nas catro capitais de provincia, Santiago de Compostela, por ser a capital da C.A, e Vigo por ter máis de 80.000 habitantes. Con carácter xeral cómpre mencionar que os dous obxectivos que presentan un maior grao de cumprimento son o 4 (Educación e calidade) e o 7 (Enerxía asequible e non contaminante), xa que en cada un deles tres das seis cidades analizadas conseguen acadar os valores máis elevados de cumprimento. Asemade, salienten os ODS 16 (Paz, xustiza e

institucións sólidas) onde dúas cidades cumpren xa o obxectivo, en tanto que nunha cidade galega se cumpre cos ODS 6, 8 e 12. No extremo oposto, as seis cidades galegas presentan valores comparativamente baixos ou o nivel máis baixo da análise no caso do ODS 2 (Fame cero) en tanto que no caso do ODS 17 (Alianzas para lograr os obxectivos) cinco das seis cidades analizadas presentan valores comparativamente baixos.

Xunto ao devandito ODS 7, o outro obxectivo que presenta un marcado carácter ambiental é o ODS 6 (Auga e saneamento). Dunha banda, no que atinxe ao ODS 6 cómpre mencionar que tan só Ourense logrou cumprir o obxectivo, presentando as cidades da Coruña, Lugo e Vigo valores comparativamente altos (permanecen os desafíos ou retos). Por contra, Santiago e Pontevedra presentan valores comparativamente baixos (quedan desafíos importantes por cumprir). Doutra banda, no

Emisións de GEI equivalente en Galicia 2019: distribución segundo actividade e principais tipos de gases

	CO ₂	CH ₄	N ₂ O	Resto	Total	%	19/18
	CO ₂ equivalente (miles de toneladas)					(%)	
Total Emisións	17.554,1	3.172,7	1.313,7	393,7	22.434,1	100,0	-24,5
Procesado da enerxía agás industrias do sector enerxético e transporte	5.878,4	216,6	60,1	-	6.155,2	27,4	-1,6
Ind. manufactureiras e da construción	2.450,3	50,9	16,0	-	2.517,3	11,2	0,6
Emisións fuxitivas dos combustíbles	329,6	7,0	0,0	-	336,5	1,5	-0,1
Resto sectores	3.098,6	158,7	44,1	-	3.301,4	14,7	-3,3
Transporte	5.709,5	4,4	58,8	-	5.772,8	25,7	1,1
Industrias do sector enerxético	4.762,1	4,0	37,3	-	4.803,5	21,4	-58,9
Agricultura	14,5	2.572,6	1.074,5	-	3.661,6	16,3	0,5
Fermentación entérica		2.000,6		-	2.000,6	8,9	0,0
Solos agrícolas			870,6	-	870,6	3,9	0,4
Xestión do esterco		571,8	203,8	-	775,6	3,5	2,2
Outras actividades	14,5	0,2	0,1	-	14,7	0,1	-12,2
Procesos Industriais	1.189,5	2,2	32,7	393,7	1.618,2	7,2	-19,0
Produción metalúrxica	742,0	2,2		36,7	780,9	3,5	-31,5
Uso de substitutivos dos GEIs				339,7	339,7	1,5	-6,4
Industria química	190,6			-	190,6	0,8	-3,4
Resto procesos industriais	256,9	-	32,7	17,3	306,9	1,4	3,3
Tratamento e eliminación de residuos	-	372,8	50,2	-	422,9	1,9	-1,6
Depósito en vertedoiros		296,9		-	296,9	1,3	1,1
Tratamento de augas residuais		72,1	47,0	-	119,1	0,5	-7,6
Outros tratamentos	-	3,8	3,1	-	6,9	0,0	-1,7

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, territorio e Vivenda

4.4.3.

concernente ao ODS 7, Lugo, Pontevedra e Vigo cumpren co obxectivo en tanto que tan só A Coruña presenta valores comparativamente baixos.

Cambio climático

A causa principal do quecemento global está nos denominados gases de efecto invernadoiro (GEI). A nivel europeo, a Estratexia Europa 2020 sinala como obxectivos de sustentabilidade os de acadar nese ano unha redución das emisións de gases efecto invernadoiro do 20% en comparación cos niveis de 1990, incrementar a porcentaxe de enerxías renovables sobre o consumo final de enerxía e aumentar nun 20% a eficiencia enerxética.


De acordo cos datos facilitados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, ao longo do ano 2019 emitíronse en Galicia 22.434 miles de toneladas de CO₂ equivalente dos gases considerados de efecto invernadoiro, o que representa o 7,1% do total estatal. En relación ao ano anterior, cómpre resaltar a redución de 7.277 miles de toneladas de CO₂eq en termos absolutos, o que significa unha diminución do 24,5% (-1,7% no conxunto do Estado).

Atendendo á distribución segundo tipo de gas, o **cadro 4.4.3.** reflicte que o CO₂ (dióxido de carbono) representa no ano 2019 o 78,9% dos GEI emitidos en Galicia, situándose o peso relativo do metano (CH₄) no 14,1% e no 5,9% no caso do óxido nítrico (N₂O). No último ano considerado, tras unha redución do 29,1% respecto ao ano precedente, emitíronse un total de 17.554,1 miles de toneladas de CO₂ equivalente de dióxido de carbono, permanecendo practicamente constantes as emisións de metano, con 3.172,7 miles de toneladas de CO₂ equivalente (0,1% máis que no ano 2018), e as emisións de óxido nítrico, que acadan as 1.313,7 miles de toneladas (-0,3%).

En relación ao devandito obxectivo fixado para 2020, **cadro 4.4.4.**, tras a significativa redución rexistrada en 2019, as emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia situáronse no último ano analizado un 23,8% por baixo do rexistrado en 1990, o que sitúa a Galicia como unha das tres CC.AA. que cumpren co obxectivo fixado xunto a Asturias e Castela e León (ademais de Ceuta). Por contra, o nivel de emisións en España está 8,5% por riba do acadado en 1990.

Atendendo á distribución sectorial segundo actividade

Índice de emisiones de CO2 equivalentes en Galicia e España 1990-2019 ⁽¹⁾




(1) 1990 = 100

Fonte: Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, *Inventario Nacional de Emisiones de Contaminantes a la Atmósfera*

4.4.4.

Variacións das emisións GEI en 2019: distribución segundo sectores



Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

4.4.5.

Emisións de CO₂ asignadas e declaradas 2020

	Instalacións	Emisións			
		asignadas	declaradas		
			2020		2019
		(t CO ₂ eq)	(t CO ₂ eq)	(%)	(t CO ₂ eq)
Produción enerxía eléctrica	4	-	2.390.650	40,2	-1.456.694
Coxeración-combustión	26	338.599	1.013.748	17,1	-121.189
Refino e produción de H ₂	2	921.490	827.277	13,9	-367.528
Produción de aceiro e ferroaleacións	5	502.061	295.261	5,0	-121.254
Produción de aluminio	3	986.164	1.050.936	17,7	-91.688
Produción de cemento, cal ou magnesita	2	364.603	158.300	2,7	-142.957
Fabricación cerámica	1	5.677	3.758	0,1	-2.219
Produción papel	2	52.945	89.521	1,5	-19.886
Fabricación produtos químicos orgánicos	2	67.874	112.490	1,9	-25.553
Total	47	3.239.413	5.941.941	100	-2.348.968

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e vivenda

4.4.6.

cómpre resaltar que as emisións de GEI das actividades de procesado de enerxía agás transporte e industrias do procesado de enerxía ascenden ata as 6.155,2 miles de toneladas de CO₂ equivalente, o que representa o 27,4% das emisións galegas, superando ás actividades de transporte e ás industrias do sector enerxético que concentran o 25,7% (5.772,8 miles de toneladas) e o 21,4% (4.803,5 miles de toneladas), respectivamente. A continuación situaríase o sector agrícola, cun volume de emisións de 3.661,6 miles de toneladas de CO₂ equivalentes, o 16,3% do total galego.

O **gráfico 4.4.5.** reflicte o desigual comportamento entre as distintas actividades económicas. Dunha banda, as industrias do sector enerxético presentan unha redución de case o 60% respecto ás emisións do ano anterior, sendo esta caída do 8,1% no caso das industrias non enerxéticas. Tan só o subsector do transporte e a agricultura experimentan unha lixeira medra interanual das súas emisións, cun 1,1% e 0,5% respectivamente. Doutra banda, se se considera o período 1990-2019 o transporte rexistrou unha medra das súas emisións do 55,8%, incremento moi superior aos experimentado por “outros sectores”, cun 29,2%, e o sector agrícola, co 19%. Pola contra, reducíronse as emisións un 67,7% nas industrias do sector enerxético, sendo esta caída do 37,2% no caso do sector do tratamento e eliminación de residuos e do 3,8% no que se refire ás actividades asociadas a procesos industriais.

Os datos proporcionados polo informe de emisións de GEI en Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda reflicten que dos 22,4 millóns de toneladas de CO₂ equivalente emitidos en Galicia durante o ano 2019, 8,3 Mt CO₂eq (37%) proveñen das instalacións sometidas ao comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro en Galicia (o denominado sector directiva), correspondendo as restantes 14,1 Mt CO₂eq (63%) aos definidos como sectores difusos. O comportamento de ambos os dous sectores foi desigual no último ano, xa que mentres as emisións asociadas ao réxime de comercio de dereitos de emisión decreceron nun 46,5% respecto do 2018, as emisións dos sectores difusos experimentaron unha caída do 0,6%.

No concernente ás inscricións das emisións e entrega de dereitos de emisións das instalacións suxeitas á aplicación da Lei 1/2005, o **cadro 4.4.6.** amosa que no período de notificación de 2020, o volume total de emisións declaradas polas 47 instalacións afectadas pola devandita lei (as mesmas que no ano anterior) descendeu ata as 5.941,9 miles de toneladas de CO₂, o que supón unha importante caída de 2.349 miles de toneladas de CO₂ equivalentes en relación ao ano anterior (-28,3%). O sector da produción de enerxía eléctrica, a pesar dunha redución superior a 1.450 miles de toneladas, emite o 40,4% das emisións totais declaradas no último ano en Galicia, por diante das actividades da pro-

Emisións contaminantes nas CC.AA. 2018-19: actividades e complexos contaminantes ⁽¹⁾

	actividades industriais		complexos industriais	
	2018	2019	2018	2019
Andalucía	54	51	529	533
Aragón	51	49	889	941
Asturias	28	30	71	74
Baleares	12	12	23	24
Canarias	17	16	43	46
Cantabria	30	30	55	56
Castela e León	46	46	770	784
Castela-A Mancha	40	40	391	401
Cataluña	67	68	1.388	1.400
C. Valenciana	42	32	308	218
Extremadura	25	26	85	97
Galicia	45	42	213	212
Madrid	39	36	185	179
Murcia	34	36	199	205
Navarra	38	37	198	209
País Vasco	42	44	219	221
A Rioxa	16	18	62	66
Cidade Autónoma de Ceuta	1	1	1	1
Cidade Autónoma de Melilla	2	2	2	2
Total	629	616	5.631	5.669

(1) complexos que teñen datos de información pública

Fonte: Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico

Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes (PRTR España)

4.4.7.

dución de aluminio e a coxeración-combustión, co 17,7% e o 17,1% das emisións, respectivamente.

Os datos do Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes sinalan que no ano 2019, último dispoñible, as actividades industriais contaminantes existentes en Galicia ascendían a 42, e os complexos industriais clasificados tamén como contaminantes a 212. Galicia sitúase como a sexta Comunidade por número de actividades industriais contaminantes (quinta no ano anterior) e mantense como a oitava en canto ao número de complexos industriais (**cadro 4.4.7.**).

• Gasto das empresas en protección medioambiental

Un dos indicadores que permite avaliar os resultados das políticas medioambientais, tanto no contexto nacional como internacional, é o gasto que realizan as empresas para reducir as emisións contaminantes. O gasto da industria galega en protección ambiental man-

tén a tendencia positiva dos últimos dous anos ao aumentar de xeito importante no ano 2018 (último dispoñible). Tras unha medra do 8,3% en relación ao ano anterior (14,9 millóns de euros máis que en 2017) as empresas galegas destinaron a protección ambiental un total de 193,3 millóns de euros. Atendendo ao seu peso no conxunto do Estado, no último ano aumenta a importancia relativa de Galicia no gasto total, ao representar o 7,4% do total estatal, tres décimas máis que no ano anterior, a porcentaxe máis elevada dende a recuperación económica aínda que lonxe do 10,8% acadado en 2008.

Este incremento ven motivado especialmente pola medra rexistrada no investimento total, e máis concretamente do investimento en equipos e instalacións integrados, e en menor medida polo incremento do gasto corrente. Tal como reflicte o **cadro 4.4.8.**, o investimento medra un 18,3% respecto ao ano anterior (12,5 millóns de euros máis) e os gastos correntes au-

Gastos das empresas en protección ambiental en Galicia e España 2008-18 ⁽¹⁾

	España			Galicia		
	2008	2014	2018	2008	2014	2018
	(en millóns de euros)					
Total CNAE B, C e D	3.129,4	2.400,2	2.626,2	339,2	172,4	193,3
Investimento total	1.533,8	554,3	619,6	245,6	53,8	80,5
Equipos e instalacións independentes	686,7	195,0	181,4	75,9	8,3	9,7
Protección do aire e o clima	344,7	38,3	54,9	6,9	1,1	4,0
Xestión de augas residuais	156,3	43,7	39,1	23,5	1,4	3,0
Xestión de residuos	66,1	20,5	13,8	5,1	3,7	0,4
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	22,3	21,5	14,6	1,9	0,6	1,4
Reducción de ruidos e vibracións	15,3	1,5	4,8	0,3	0,0	0,3
Protección da biodiversidade e a paisaxe	75,4	60,8	38,2	36,9	0,7	0,4
Outras actividades de protección ambiental	6,7	8,7	16,0	1,4	0,7	0,2
Equipos e instalacións integrados	847,1	359,2	438,2	169,8	45,6	70,8
Protección do aire e o clima	479,3	256,7	326,5	127,3	37,4	61,8
Xestión de augas residuais	80,3	37,7	38,9	4,8	2,3	2,9
Xestión de residuos	77,8	43,4	48,0	3,8	3,7	4,5
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	18,9	10,6	14,7	2,7	1,7	1,1
Reducción de ruidos e vibracións	19,3	4,2	4,6	3,6	0,1	0,3
Outras actividades de protección ambiental	171,6	6,7	5,5	27,5	0,5	0,2
Gastos correntes	1.595,6	1.845,9	2.006,7	93,5	118,6	112,9
C. Industria manufacturera	2.421,0	2.109,2	2.348,1	132,6	151,4	136,5
Investimento total	917,9	394,6	498,8	48,0	47,8	31,6
Equipos e instalacións independentes	406,8	107,7	116,3	14,4	4,4	7,3
Protección do aire e o clima	179,3	26,6	42,5	4,3	1,1	3,6
Xestión de augas residuais	125,3	37,8	38,7	7,0	1,3	3,0
Xestión de residuos	60,0	15,6	11,2	1,9	0,9	0,2
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	16,7	18,7	10,1	0,5	0,4	0,1
Reducción de ruidos e vibracións	13,6	0,7	4,8	0,2	0,0	0,3
Protección da biodiversidade e a paisaxe	7,4	0,9	1,1	0,1	0,1	0,0
Outras actividades de protección ambiental	4,5	7,4	8,0	0,5	0,5	0,1
Equipos e instalacións integrados	511,1	287,0	382,4	33,5	43,4	24,3
Protección do aire e o clima	249,2	190,8	278,8	20,6	36,3	17,6
Xestión de augas residuais	72,1	35,3	36,3	4,7	1,5	0,8
Xestión de residuos	75,5	41,8	47,5	3,5	3,3	4,4
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	10,6	9,0	10,5	0,5	1,6	1,0
Reducción de ruidos e vibracións	14,2	3,5	4,3	0,1	0,1	0,2
Outras actividades de protección ambiental	89,5	6,7	5,0	4,1	0,5	0,2
Gastos correntes	1.503,1	1.714,5	1.849,3	84,6	103,6	104,9

(1) datos referidos ás empresas das seccións B, C e D da CNAE-2009
 Fonte: IGE, Territorio e medio

4.4.8.

mentan un 2,2% (2,4 millóns de euros). Tras esta evolución, o investimento total ascende a 80,5 millóns de euros e os gastos correntes a 112,9 millóns.

O 87,9% do total investido pola industria en protección ambiental destínase a equipos e instalacións integradas no propio proceso produtivo, fronte ao 12,1% restante dedicado a equipos e instalacións independentes. A nivel estatal estas porcentaxes sitúanse no 70,7% e 29,3%, respectivamente.

Dende un punto de vista cuantitativo, o investimento en equipos integrados de protección do aire e o clima

volve a acadar o valor máis elevado, con 61,8 millóns de euros no ano 2018, fronte aos 44,9 millóns investidos no ano anterior. Séguelle en importancia o investimento en equipos e instalacións integrados de xestión de residuos, con 4,5 millóns de euros (5,4 millóns no ano anterior).

Dende o ano 2008 os investimentos en protección ambiental da industria tanto galega como estatal mostran un marcado descenso, tanto no que respecta a equipos independentes como integrados. Entre os anos 2008 e 2018 o investimento das empresas en protección ambiental descendeu na C.A. un 67,2% mentres que no con-

Rede Galega de Espazos Protexidos: distribución segundo categoría e provincia

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
	<i>(en hectáreas)</i>				
Superficie	795.771	985.245	727.004	448.977	2.956.998
Red Galega de Espazos Protexidos	46.340	153.296	133.347	26.000	358.984
Parques	10.271	-	38.185	1.709	50.165
Monumentos naturais	259	104	1.000	5	1.368
Humidais protexidos	2.925	500	-	976	4.400
Paisaxes protexidos	212	-	691	-	903
Espazos protexidos Red Natura 2000	46.035	153.293	129.258	25.943	354.529
	<i>(% sobre superficie total)</i>				
Red Galega de Espazos Protexidos	5,82	15,56	18,34	5,79	12,14
Parques	1,29	0,00	5,25	0,38	1,70
Monumentos naturais	0,03	0,01	0,14	0,00	0,05
Humidais protexidos	0,37	0,05	0,00	0,22	0,15
Paisaxes protexidos	0,03	0,00	0,10	0,00	0,03
Espazos protexidos Red Natura 2000	5,78	15,56	17,78	5,78	11,99

Fonte: Xunta de Galicia

4.4.9.

xunto do Estado esta redución foi do 59,6%. Fronte ao dito descenso, os gastos correntes en protección ambiental na industria aumentan en relación ao ano 2008 un 20,6% en Galicia e un 25,8% no conxunto do Estado. O 70,6% do gasto das empresas galegas en protección ambiental corresponde ás industrias manufactureiras (89,4% no conxunto do Estado), ao dedicar un total de 136,5 millóns de euros, o que supón un incremento do 13,9% do gasto realizado no ano anterior (16,7 millóns de euros máis). Estas empresas manufactureiras dedican ao investimento en protección ambiental 31,6 millóns de euros, o que representa o 23,2% do total investido no tecido produtivo (21,2% no conxunto de España). No caso do conxunto da industria manufacturera no último ano considerado incrementábase tanto o investimento en equipos independentes (60%; 2,7 millóns de euros máis) como integrados (54,5%; 8,6 millóns de euros). Doutra banda, os gastos correntes ascenden en Galicia a 104,9 millóns de euros, o 76,8% do gasto total galego (78,2% en España).

Natureza e biodiversidade

A Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, en función dos bens e valores a protexer e dos obxectivos de xestión a cumprir, clasifica os espazos protexidos presentes en Galicia nas seguintes categorías: reserva natural; parque; monu-

mento natural; zona húmida protexida; paisaxe protexida; espazo protexido Rede Natura 2000; espazo natural de interese local; e espazo privado de interese natural.

A Rede galega de espazos protexidos (RGEP) está constituída por todos eles agás os espazos naturais de interese local e os espazos privados de interese natural. En concreto, seis parques naturais declarados; o parque nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas; oito zonas declaradas como monumentos naturais por ter un valor natural, paisaxístico, xeolóxico ou histórico singular; cinco zonas húmidas protexidas; dúas paisaxes protexidas; e 71 zonas de especial protección dos valores naturais.

En base á Directiva 92/43 CEE, de 21 de maio, relativa á Conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, no ano 2014 aprobouse o decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación (ZEC) os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. Na actualidade Galicia conta como espazos protexidos da Rede Natura 2000 con 59 ZEC e 16 zonas de especial protección das aves (ZEPA).

Segundo os datos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a superficie terrestre total protexida pola RGEP

ascende a 358.984 hectáreas, o que representa o 12,14% da superficie galega. Atendendo á súa distribución provincial, Lugo e Ourense son as provincias con maior superficie de espazos protexidos, con 153.296 hectáreas e 133.347 hectáreas, o que supón o 15,56% e 18,34% da súa superficie. Como reflicte o **cadro 4.4.9**, estas porcentaxes sitúanse en torno ao 5,8% no caso da provincia da Coruña e Pontevedra, ascendendo a superficie protexida pola RGEF a 46.340 e 26.000 hectáreas, respectivamente.

Fóra da Rede Galega de Espazos Protexidos, cómpre mencionar dous tipos de espazos naturais protexidos: dunha banda, os once espazos naturais de interese local (Xunqueira de Alba, Loio-Ruxidoira, Puzo de Lago, Voutureira, Illas de San Pedro, Río Gafos, complexo duna e areal do Vao-Baluarto, o Ecosistema dunar praia América-Panxón, as Ribeiras do Mero-Barcés, Río Abeleira, Torre de Hércules e Brañas de Sada) e doutra banda, dous espazos privados de interese natural (Sobreiras do Faro e Lagos de Lousada). A superficie total ascende a 947,1 hectáreas, das que 895,7 hectáreas corresponden aos espazos naturais de interese local. Cómpre resaltar que no ano 2020 tanto a Torre de Hércules como as Brañas de Sada recibiron a declaración provisional como espazo natural de interese local, en tanto que Illas de San Pedro e o complexo duna e areal do Vao-Baluarto obtiveron a definitiva.

Ademais dos espazos protexidos pola Rede Galega, hai determinadas áreas que están protexidas por instrumentos internacionais, que son todos aqueles espazos naturais formalmente designados de conformidade co disposto nos convenios e acordos internacionais correspondentes. Dentro desta terceira categoría Galicia conta con tres figuras:

- Cinco Humidais de Importancia Internacional (Convenio Ramsar): o Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira; as Rías de Ortigueira e Ladrado; o Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo; a Lagoa e areal de Valdoviño; e a Ría do Eo.
- Seis áreas declaradas como reservas da biosfera, elemento fundamental do Programa MaB da UNESCO: Os Ancares lucenses e Montes Navia,

Cervantes e Becerreá; Río Eo, Ocos e Terras de Bourón; Terras do Miño; a Área de Allariz; a Baixa Limia- Serra do Xurés; e por último, As Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo.

- A rede OSPAR, relativa a áreas de protección do medio ambiente mariño do Atlántico nordeste. España aporta dúas zonas das 81 que forman parte da rede: parque nacional das Illas Atlánticas de Galicia, con 8.480 hectáreas, e a área mariña protexida de El Cachuco, en Asturias, con 234.966 hectáreas.

• Fauna salvaxe

O medio natural alberga a poboacións de especies silvestres, algunhas das cales ocasionan danos ás colleitas agrícolas, aos aproveitamentos forestais, á produción gandeira e mesmo ocasionan accidentes de tráfico. Pola súa importancia, en Galicia cómpre salientar a incidencia dos ataques dos lobos e dos xabarís.

No que atinxe á incidencia dos ataques do lobo na cabana gandeira galega, os datos reflectidos no **cadro 4.4.10**, amosan que nos últimos catro anos o número de reses mortas por ataques nas explotacións gandeiras galegas supera as 2.200, cifra que se ben non é elevada no conxunto da cabana gandeira galega si implica un custo importante e significativo para as explotacións que teñen danos recorrentes. No ano 2020 rexistráronse un total de 2.299 reses mortas, 22 menos que no ano anterior, das que o 45,4% (1.044 reses mortas) corresponde ao gando ovino e un 29% ao vacún (667 reses). Case un 13% das reses mortas corresponden tanto ao gando caprín como equino (298 e 290 reses mortas, respectivamente).

Doutra banda, a partir dos datos das solicitudes de pago de indemnización presentadas por agricultores e gandeiros galegos afectados por danos de xabarís nos seus predios, a superficie de cultivos afectada no ano 2020 ascende a 1.747 hectáreas, o que supón un significativo incremento respecto aos anos 2019 (454 ha máis) e 2016 (1.376 hectáreas máis), anos nos que estiveron vixentes ás liñas de axudas para paliar os danos causados por este animal. No último ano a provincia

Danos provocados no sector agrícola e gandeiro polo lobo e xabarin 2016-20

Danos provocados polo lobo

	Avisos	Reses afectadas				Total
		Equino	Ovino	Caprín	Vacún	
2016	820	170	801	185	417	1.573
2017	1.203	256	1.288	242	593	2.379
2018	1.328	335	924	174	786	2.219
2019	1.396	441	957	216	707	2.321
2020	1.303	290	1.044	298	667	2.299

Danos provocados polo xabarin (superficie de cultivos afectada)

	2016	2019	2020
	(hectáreas)		
A Coruña	61,5	275,1	718,4
Lugo	168,0	676,0	733,8
Ourense	114,8	264,1	243,8
Pontevedra	26,8	78,1	50,6
Galicia	371,0	1.293,2	1.746,6

Fonte: Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas

4.4.10.

coa superficie de cultivo máis afectada foi Lugo, con 734 hectáreas, o 42% da superficie total afectada, superando á Coruña, con 718 hectáreas afectadas, o 41,1%.

Por último cómpre sinalar que ao igual que os danos na agricultura, os danos no tráfico van a máis e evidencia un problema real na seguridade viaria e que non está cuberta pola cobertura mínima do seguro. No ano 2019, último dato dispoñible, o número total de accidentes de tráfico con xabaris supera os 3.250, o que supón un incremento do 13,4% respecto ao ano anterior. Ao igual que en anos anteriores a provincia de Lugo é a que rexistra o maior número de accidentes ao concentrar o 35,8% do total, fronte ao 28,1% de Ourense e o 22,8% da Coruña.

Bosques e incendios forestais

Os datos recollidos no Anuario de Estadística Forestal 2018, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación no ano 2020, reflicten que a superficie forestal arborada en Galicia ascende a 1.454.298 hectáreas, o que representa o 71,3% da superficie forestal

galega e o 49,2% da superficie total, ambas as dúas porcentaxes superiores ás rexistradas en España, onde a superficie forestal arborada representa o 66% da súa superficie forestal e un 36,3% da súa superficie total.

No que á propiedade se refire, cómpre mencionar que o 99% da superficie forestal arborada en Galicia está en mans privadas (22% monte veciñal de man común e 77% privada e/ou propietario descoñecido) o que contrasta co 71,7% rexistrado no conxunto do Estado (2,3% e 69,4%, respectivamente). Por contra, tan só o 1% é público en Galicia fronte ao 28,3% en España.

Segundo o Anuario de estadística forestal 2019 da Consellería de Medio Rural, o número de montes ou parcelas forestais con instrumentos de ordenación e xestión forestal (IOXF) ascendeu a 7.178, elevándose a superficie total a 262.176 hectáreas. Atendendo á súa distribución segundo provincia, Ourense concentra o 33,6% da superficie con tan só o 3,5% dos montes ou parcelas, por diante de Lugo que concentra o 30,1% da superficie e o 49% dos montes con IOXF.

No rexistro de montes ordenados da Xunta de Galicia

Superficie dos montes con instrumentos de ordenación forestal 2019

	Total	MVMC		Particulares		Resto	
		X. Privada	X. Pública	X. Privada	X. Pública	X. Privada	X. Pública
		(en hectáreas)					
Galicia	251.287,0	76.532,0	145.319,3	7.586,4	1.067,6	130,9	20.650,8
A Coruña	34.339	7.297	16.272	1.887		131	8.752
Lugo	72.731	17.878	47.114	5.603	1.068		1.068
Ourense	87.695	10.611	68.696				8.388
Pontevedra	56.524	40.747	13.238	96			2.443
Distrito forestal	251.287,0	76.532,0	145.319,3	7.586,4	1.067,6	130,9	20.650,8
Ferrol	11.645,4	831,7	3.099,6	847,1			6.867,0
Bergantiños-Mariñas coruñesas	2.888,6	249,2	2.051,7	111,6			476,1
Santiago-meseta interior	2.319,4	78,2	1.495,9	401,3			344,0
Barbanza	11.309,3	4.701,3	6.308,7	168,4		130,9	
Fisterra	6.177,8	1.436,3	3.316,2	359,1			1.066,3
A Mariña lucense	10.420,1	3.000,2	3.418,0	4.001,9			
A Fonsagrada-Os Ancares	12.851,2	1.766,4	9.064,6	428,9	804,6		786,8
Terra de Lemos	18.967,9	3.703,5	14.983,9				280,6
Lugo-Sarria	12.322,6	3.185,5	9.079,3	57,9			
Terra Chá	18.167,6	6.222,2	10.568,0	1.114,4	263,1		
O Ribeiro-Arenteiro	10.520,9	2.463,5	7.468,2				589,2
Miño-Arnoia	5.608,2	1.381,9	4.226,3				
Valdeorras-Trives	6.634,3	285,2	6.349,1				
Verín-Viana	49.123,0	5.998,7	36.371,6				6.752,7
A Limia	15.807,6	481,3	14.280,6				1.045,7
Deza-Tabeirós	3.758,2	2.101,6	1.560,6	96,0			
O Condado-A Paradanta	13.076,8	6.967,9	5.987,1				121,9
Vigo-Baixo Miño	23.584,3	19.263,6	2.344,9				1.975,9
Caldas-O Salnés	16.103,8	12.413,8	3.345,2				344,8

Fonte: Consellería medio Rural, Anuario de Estadística Forestal de Galicia 2019

4.4.11.

están aprobados e rexistrados 863 montes con proxectos de ordenación (PO), o que supón unha medra do 6,4% respecto ao ano anterior, ascendendo a superficie total a 251.287 hectáreas (7,8% superior ao rexistrado no ano precedente). A importancia dos montes veciñais de man común (MVMC) queda reflectida no feito de que estes representan o 82,2% dos montes (709 montes con proxectos de ordenación) e o 88,3% da superficie total. Neste eido cómpre resaltar o incremento do 27,3% da superficie de MVMC de xestión privada motivada polo incremento do 30,1% dos montes de xestión privada.

No que á distribución da titularidade do monte suxeito a instrumentos de ordenación forestal se refire, Galicia caracterízase polo predominio da superficie privada ordenada, que concentra o 91,7% da superficie ordenada (230.505 hectáreas), situándose esta porcentaxe no 98,5% na provincia de Lugo fronte ao 95,6% en Pontevedra. A provincia con menor peso relativo da propiedade privada é A Coruña, co 74,1% (90,4% en Ourense).

Se en lugar de considerar a propiedade se ten en conta a xestión do monte, do **cadro 4.4.11.** despréndese que

no conxunto de Galicia o 33,5% da superficie dos montes con instrumentos de forestal en 2019 corresponde a unha xestión privada, oscilando esta porcentaxe entre o 12,1% na provincia de Ourense e o 72,3% de Pontevedra. Atendendo á distribución segundo distrito forestal, cómpre mencionar que no de Vigo-Baixo Miño e Caldas-O Salnés esta importancia relativa ascende a 81,7% e 77,1%, respectivamente, superando o 50% nos distritos de Fisterra (67,1%), A Limia (58,5%) e O Condado-A Paradanta (53,5%).

• Incendios forestais

Os datos da Consellería de Medio Rural amosan que no ano 2020, a pesar do descenso do número total de sinistros, Galicia experimentou un importante crecemento da superficie total afectada. Por contra, no conxunto do Estado o descenso do número de sinistros foi acompañado dunha menor superficie queimada en relación ao ano anterior.

Ao longo do último ano declaráronse un total de 1.534 sinistros, 119 menos que no ano anterior (-7,2%), dos

Incendios forestais 2019-20 ⁽¹⁾: número de sinistros

	Conatos		Incendios		Queimas		Total	
	2019	2020	2019	2020	2019	2020	2019	2020
A Coruña	310	254	97	80	14	23	421	357
Lugo	195	171	40	34	21	11	256	216
Ourense	466	427	85	93	97	81	648	601
Pontevedra	243	295	67	56	18	9	328	360
Total	1.214	1.147	289	263	150	124	1.653	1.534

(1) datos son provisionais

Fonte: Consellería de Medio Rural

4.4.12.

Incendios forestais 2019-20 ⁽¹⁾: superficie afectada

2019

	Superficie arborada				Superficie rasa				Superficie Total			
	Conatos	Incendios	Queimas	Total	Conatos	Incendios	Queimas	Total	Conatos	Incendios	Queimas	Total
<i>(en has.)</i>												
A Coruña	23,3	1.752,3	-	1.775,6	28,1	515,0	159,6	702,7	51,4	2.267,3	159,6	2.478,3
Lugo	7,3	462,6	-	469,9	30,3	574,7	205,3	810,3	37,6	1.037,3	205,3	1.280,2
Ourense	15,2	611,1	-	626,4	64,2	1.115,1	825,7	2.004,9	79,4	1.726,2	825,7	2.631,2
Pontevedra	19,4	155,7	-	175,1	17,4	84,0	169,3	270,7	36,8	239,7	169,3	445,8
Total	65,2	2.981,7	-	3.047,0	140,0	2.288,7	1.359,8	3.788,6	205,3	5.270,5	1.359,8	6.835,5

2020

	Superficie arborada				Superficie rasa				Superficie Total			
	Conatos	Incendios	Queimas	Total	Conatos	Incendios	Queimas	Total	Conatos	Incendios	Queimas	Total
<i>(en has.)</i>												
A Coruña	14,9	361,5	-	376,5	18,1	272,7	216,5	507,2	33,0	634,2	216,5	883,6
Lugo	8,3	196,5	-	204,7	19,0	174,2	24,3	217,6	27,3	370,7	24,3	422,3
Ourense	14,0	1.163,1	-	1.177,1	66,6	9.359,4	2.463,1	11.889,1	80,6	10.522,6	2.463,1	13.066,2
Pontevedra	20,3	180,7	-	201,1	16,9	120,0	95,9	232,7	37,2	300,7	95,9	433,8
Total	57,5	1.901,9	-	1.959,4	120,6	9.926,3	2.799,7	12.846,5	178,1	11.828,2	2.799,7	14.805,9

(1) datos son provisionais

Fonte: Consellería de Medio Rural

4.4.13.

que 1.147 afectan a unha superficie inferior a unha hectárea e os restantes 387 lumes a unha superficie queimada superior a unha hectárea (263 incendios e 124 queimas). En relación ao conxunto do Estado, Galicia concentra o 19,8% do total dos lumes forestais segundo o avance dos datos publicados polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, sendo esta porcentaxe do 22,2% no caso dos conatos rexistrados (menos dunha hectárea queimada) e do 15% no daqueles sinistros que afectaron a máis dunha hectárea.

Tanto en Galicia como en España o devandito descenso prodúcese tanto nos lumes de máis dunha hectárea como naqueles que afectan a menos dunha hectárea, sendo esta caída na Comunidade Autónoma do 5,5% no caso dos conatos e do 11,8% naqueles que afectan a unha superficie superior a unha hectárea. No conxunto do Estado esta porcentaxe supera o 28% en ambos os dous casos.

A Consellería de Medio Rural estima que ao longo do

ano 2020 arderon en Galicia 14.805,9 hectáreas, máis do dobre do arrasado no ano anterior (6.935,5 hectáreas en 2019). Segundo se desprende do **cadro 4.4.13.**, tras o descenso interanual do 35,7% da superficie arborada queimada en Galicia, esta representa o 13,2% do total de superficie queimada na Comunidade Autónoma (1.959,4 hectáreas), porcentaxe que ascende ao 44,6% no ano anterior. Por contra, a superficie rasa afectada ascende ata as 12.846,5 hectáreas, cifra 3,4 veces superior á do ano anterior, o que representa o 86,8% da superficie total afectada.

Atendendo á súa distribución provincial, cómpre resaltar que tan só Pontevedra presenta unha medra do número de lumes, influenciado polo incremento do número de conatos, rexistrando Ourense un acusado incremento da superficie arrasada polos lumes por mor tanto dos incendios como en menor medida as queimas. No ano 2020 a pesar de rexistrarse 47 sinistros menos na provincia de Ourense, a superficie queimada multiplicouse por cinco, acadando as 13.066,2 hectáreas afectadas (88,2% do total de Galicia), das que 10.522,6 hectáreas corresponden aos incendios e 2.463,1 ás queimas, o que significa o 89% e 88% dos incendios e queimas totais galegas, respectivamente.

Por contra, como se aprecia no **cadro 4.4.13.**, A Coruña foi a provincia que rexistrou a maior caída da superficie queimada, con case 1.600 hectáreas menos que no ano anterior, para situarse nas 883,6 hectáreas afectadas (6% do total galego), das que 634,2 corresponde a terreos afectados polos incendios (1.633,1 hectáreas menos que no ano precedente), o 5,4% do total da Comunidade Autónoma.

Residuos sólidos urbanos e residuos industriais

O punto de partida deste apartado ten de facer unha breve referencia á aprobación da Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia, que ten entre os seus obxectivos adaptarse á nova normativa europea e estatal e facilitar a transición cara a unha economía circular, promovendo a loita contra o cambio climático. A devandita normativa regula o réxime xurídico dos solos

contaminados así como a produción e xestión sostible dos residuos, potenciando medidas que reduzan os impactos negativos sobre a saúde e o medio ambiente.

O artigo 3 da Lei establece obxectivos claros a acadar, entre os que se poden mencionar a redución progresiva do peso dos residuos producidos, ata alcanzar en 2020 un 10% de redución respecto dos xerados en 2010, y no ano 2025 un 15%; o incremento da cantidade de residuos municipais destinados á preparación para a reutilización e a reciclaxe de papel, metais, vidro, plástico, bioresiduos e outras susceptibles de ser preparadas para a reutilización (no seu conxunto, como mínimo, o 50 % en peso no ano 2020, correspondendo un 2 % á preparación para a reutilización principalmente de residuos téxtiles, residuos de aparatos eléctricos e electrónicos e mobles, o 55 % en 2025 e o 60 % en 2030); a eliminación en vertedoiro no ano 2035 dun máximo do 10 % dos residuos domésticos xerados; incremento progresivo da cantidade de residuos non perigosos de construción e demolición destinados á preparación para a reutilización, a reciclaxe e outros tipos de valorización material, ata alcanzar antes de 2020 o 70 % no peso dos residuos producidos e o 75 % en 2025; acadar antes de 2025 o obxectivo do 30% da preparación para a reutilización do total de residuos domésticos xestionados, e un 5 % en 2030 (estas porcentaxes terán que alcanzarse igualmente e separadamente para os residuos comerciais e para os residuos industriais).

Centrándonos na análise dos **residuos sólidos urbanos** (RSU), os datos da Enquisa sobre recollida e tratamento de residuos do INE reflicten que Galicia volve a presentar, ao igual que o conxunto do Estado, un aumento da cantidade de RSU recollidos. Como se desprende do **cadro 4.4.14.**, en 2018 (último dato dispoñible) recolléronse en Galicia un total de 1.138,2 miles de toneladas, o 5% do total estatal, o que supón un aumento do 1,7% respecto ao ano anterior (medra un 0,8% en España).

Atendendo á desagregación segundo tipo de residuos, o maior incremento prodúcese no caso dos residuos recollidos selectivamente, cun 9,5% respecto ao ano anterior, máis do dobre do experimentado no conxunto

Residuos urbanos recogidos nas CC.AA. 2017-18: distribución segundo tipo

	2017		2018		18/17	
	mezclados	recollidos selectivamente (en tm.)	mezclados	recollidos selectivamente	mezclados	recollidos selectivamente (%)
Andalucía	3.874.869	510.528	3.908.893	518.363	0,9	1,5
Aragón	473.414	106.325	499.653	150.805	5,5	41,8
Asturias	392.813	138.698	403.909	97.024	2,8	-30,0
Baleares	686.152	182.323	737.515	220.972	7,5	21,2
Canarias	1.145.477	149.992	1.154.154	177.033	0,8	18,0
Cantabria	261.644	49.233	270.175	58.693	3,3	19,2
Castela e León	927.203	148.242	932.547	153.017	0,6	3,2
Castela - A Mancha	832.566	105.504	859.531	107.747	3,2	2,1
Cataluña	2.456.616	1.282.752	2.333.741	1.137.453	-5,0	-11,3
Comunidade Valenciana	2.084.831	349.918	2.151.275	393.599	3,2	12,5
Extremadura	438.588	61.882	449.254	59.562	2,4	-3,7
Galicia	950.698	168.301	953.903	184.342	0,3	9,5
Madrid	2.203.991	419.524	2.023.858	519.173	-8,2	23,8
Murcia	653.935	71.074	647.480	82.474	-1,0	16,0
Navarra	172.757	111.113	173.404	120.625	0,4	8,6
País Vasco	571.011	358.427	634.347	406.248	11,1	13,3
A Ríoxa	108.535	22.188	111.116	23.005	2,4	3,7
Total	18.271.990	4.243.191	18.284.563	4.419.204	0,1	4,1

Fonte: INE, *Estadística sobre recogida y tratamiento de residuos*

4.4.14.

Residuos urbanos recogidos nas CC.AA. 2017-18: distribución segundo tipo de residuo producido

	2017				2018			
	domésticos	vidrio	papel e cartón	envases mixtos	domésticos	vidrio	papel e cartón	envases mixtos
	(en tm)							
Andalucía	3.874.869	91.570	102.877	85.646	3.908.893	108.768	117.131	94.281
Aragón	473.414	18.197	26.725	16.236	499.653	18.939	28.910	19.142
Asturias	392.813	32.131	53.924	11.443	403.909	16.425	41.766	12.696
Baleares	686.152	38.640	45.630	31.911	737.515	40.752	54.341	35.189
Canarias	1.145.477	38.888	31.954	20.067	1.154.154	41.243	40.485	22.676
Cantabria	261.644	10.980	4.053	5.748	270.175	11.261	10.381	6.288
Castela e León	927.203	48.353	45.179	23.634	932.547	49.557	43.700	26.313
Castela - A Mancha	832.566	21.371	31.374	19.696	859.531	21.350	28.067	22.352
Cataluña	2.456.616	182.760	296.067	141.409	2.333.741	168.197	224.596	158.751
C. Valenciana	2.084.831	82.770	60.081	44.216	2.151.275	85.018	70.106	52.925
Extremadura	438.588	7.943	31.576	11.776	449.254	8.231	36.522	13.102
Galicia	950.698	43.307	33.262	23.194	953.903	45.757	37.457	25.930
Madrid	2.203.991	89.184	99.641	140.324	2.023.858	104.923	121.390	160.183
Murcia	653.935	24.809	18.764	16.144	647.480	26.263	20.879	18.170
Navarra	172.757	16.179	26.211	21.217	173.404	16.777	27.931	22.389
País Vasco	571.011	59.903	139.386	43.283	634.347	61.700	147.679	47.662
A Ríoxa	108.535	8.570	7.971	4.989	111.116	8.923	8.150	5.507
Total	18.271.990	815.883	1.061.380	660.932	18.284.563	834.764	1.067.384	743.556

Fonte: INE, *Estadística sobre recogida y tratamiento de residuos*

4.4.15.

Xeración de residuos en Galicia: 2012-18

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
	(en Tm.)						
Minería e extracción	233.402	257.231	286.828	314.387	217.049	275.684	320.889
Sector primario e alimentario	81.238	94.870	106.067	102.191	125.860	158.672	155.248
Sector madeira e papel	24.531	27.417	36.307	22.135	35.470	34.850	41.463
Coiro e téxtil	2.018	1.904	2.039	2.797	2.829	708	2.072
Petróleo, gas natural e carbón	4.860	1.298	5.599	787	242	360	272
Procesos químicos inorgánicos	4.127	5.190	4.370	4.856	5.498	4.995	4.724
Procesos químicos orgánicos	771	1.361	764	1.277	1.449	967	2.796
Pinturas, adhesivos e tintas	9.035	9.017	8.106	10.782	11.204	6.278	13.617
Industria fotográfica	342	352	212	182	257	46	218
Procesos térmicos	505.215	394.427	373.788	495.124	439.397	278.767	474.383
Tratamento químico superficies	6.293	7.919	9.618	7.782	11.841	8.769	12.247
Tratamento físico superficies	118.825	127.408	101.471	102.765	90.654	109.154	109.526
Residuos aceitosos	40.273	45.442	46.655	51.365	56.850	40.830	53.174
Disolventes	616	734	652	648	678	735	897
Envases e absorbentes	89.855	113.590	118.311	87.614	104.356	114.916	134.170
Outros	141.238	149.281	132.122	134.456	110.119	111.279	130.693
Construción e demolición	530.578	520.994	759.818	1.053.440	1.360.667	938.437	878.450
Servizos médicos	11.793	10.485	10.514	10.313	12.159	8.108	14.041
Tratamento de residuos e auga	344.342	286.815	405.128	465.786	464.827	412.429	495.900
Residuos domésticos asimilables	8.291	2.571	3.022	8.130	5.766	5.732	8.292
Total	2.157.643	2.058.306	2.411.391	2.876.817	3.057.172	2.511.716	2.853.072

Fonte: C^a de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

4.4.16.

do Estado (4,1%). Tras esta evolución, as 184.342 toneladas de residuos recollidos selectivamente representan o 16,2% do total de RSU recollidos, porcentaxe que se sitúa un punto porcentual por baixo da media estatal. No caso dos residuos mezclados a súa recollida aumenta lixeiramente tanto en Galicia como en España, sendo superior no caso da Comunidade Autónoma (0,3% e 0,1%, respectivamente).

No **cadro 4.4.15**, móstrase a evolución por tipo de residuo, salientando o incremento experimentado nos catro grupo de residuos considerados. No ano 2018 recolléronse en Galicia un total de 953.903 toneladas de residuos domésticos, o que supón unha medra do 0,3% respecto ao ano anterior, ascendendo a 45.757 toneladas no caso do vidro (5,7% máis que en 2017). Os maiores incrementos en termos relativos corresponden ao papel e cartón, cunha medra do 12,6%, e aos envases mixtos, co 11,8%, recolléndose en 2018 un total de 37.457 e 25.930 toneladas, respectivamente.

Segundo datos da Sociedade Galega de Medio Ambiente correspondentes á xestión que esta realiza, no ano 2020 o volume de RSU tratados no complexo me-

dioambiental ascende a 789.415,4 toneladas, ao que hai que sumar un total de 5.463,4 toneladas tratadas no vertedoiro de Areosa. En relación ao ano anterior cómpre resaltar o forte descenso do volume de RSU tratados no vertedoiro de Areosa, cunha redución do 86,6% (35.215,92 toneladas menos), aumentando un 3,9% o volume total de RSU tratados no complexo medioambiental (29.292,43 toneladas máis). Asemade, o volume de entrada de residuos de bolsa amarela aumentou un 16% para situarse nas 31.193,6 toneladas. No último ano valorizáronse enerxeticamente 265.346,2 toneladas, un 0,7% por riba do estimado no ano anterior.

• Residuos industriais

No concernente aos residuos industriais cómpre resaltar en primeiro lugar o incremento do número de residuos xerados en Galicia no ano 2018 (último dato dispoñible) que ascende a 2,9 millóns de toneladas. Isto supón unha medra interanual do 13,6%, o que contrasta coa redución de case un 18% experimentada no ano anterior. Como reflicte o **cadro 4.4.16**, entre as distintas ramas de actividade os residuos de construción

Instalacións autorizadas para o tratamento de residuos industriais en Galicia 2018-19

	Instalacións		Capacidade máxima	
	2018	2019	2018	2019
	(nº)		(en Tm.)	
Almacenamento (1)	214	252	184.567	308.520
Clasificación	251	280	1.393.813	1.773.485
Valorización	244	347	10.775.376	12.005.679
Eliminación (2)	35	30	334.889	323.989
Total	744	909	12.688.645	14.411.673

(1) Capacidade en toneladas máximas de residuos que se poden almacenar nas instalacións

(2) Non computada a capacidade de eliminación en vertedoiros

Fonte: Cª de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

4.4.17.

e demolición mantense, a pesar da súa redución do 6,4%, como os de maior xeración ao acoller o 30,8% dos residuos xerados (37,4% no ano anterior), seguidos polos residuos procedentes do tratamento de residuos e auga que xeran o 17,4% do total (16,4% en 2017).

No que atinxe ao número de instalacións autorizadas para o tratamento de residuos, tanto perigosos coma non perigosos, o ano 2019 (último dato dispoñible) caracterízase por un significativo incremento. O **cadro 4.4.17.** reflicte que Galicia conta con 909 instalacións autorizadas, 165 máis que no ano anterior, rexistrándose este comportamento tanto no caso das instalacións de almacenamento como de clasificación de residuos e valorización.

Dunha banda, na Comunidade Autónoma hai 252 instalacións de almacenamento que presentan unha capacidade máxima de 308,5 miles de toneladas, o que supón 38 instalacións máis que no ano precedente e unha medra interanual da súa capacidade de almacenamento do 67,2%. Doutra banda, o número de instalacións de clasificación ascende a 280, o que supón unha medra de 29 instalacións respecto ao ano anterior, ascendendo a súa capacidade máxima a 1.773,5 miles de toneladas/ano (1.393,8 miles de toneladas no ano precedente). No que atinxe ás instalacións de valorización Galicia conta con 347 instalacións autorizadas, 103 máis que no ano anterior, cunha capacidade

máxima de 12 millóns de toneladas fronte aos 10,8 millóns no ano anterior.

Fronte ao devandito incremento do número de instalacións autorizadas, redúcese o número de instalacións de eliminación de residuos, que se sitúa en 30 instalacións, cinco menos que en 2018. Do mesmo xeito a súa capacidade máxima descende ata as 324 miles de toneladas fronte ás 334,9 miles de toneladas do ano anterior. 

4.5. Ocio e cultura

O **orçamento de gastos** da Administración Xeral para o ano 2021, no ámbito da produción de bens públicos de carácter social, destina á cultura (función 43) un total de 91 millóns de euros, o que supón un 22,4% máis que no exercicio anterior.

Máis alá dunha análise baseada na evolución dos recursos públicos destinados á cultura, no presente apartado analízase a situación da cultura e ocio en Galicia a través do estudo das denominadas magnitudes transversais e dos dominios culturais. Dunha banda, as magnitudes transversais son todas aquelas operacións estatísticas que afectan a diferentes sectores culturais; doutra banda, os dominios culturais ou magnitudes sectoriais son aquelas que representan un conxunto común de actividades económicas e sociais que tradicionalmente son consideradas de natureza cultural, tales coma os bens culturais, libros e publicacións periódicas ou artes musicais, entre outras.

Indicadores transversais

Estes indicadores dan información sobre as características básicas dos diferentes sectores ou actividades cul-

turais: emprego, sector empresarial, financiamento e gasto público en cultura, gasto e consumo cultural nos fogares, propiedade intelectual e turismo cultural.

• Emprego e empresas culturais

Segundo os datos do Ministerio de Cultura y Deporte o número de persoas ocupadas en actividades cunha dimensión cultural en Galicia ascendeu no último ano a 34.800, o que representa o 5,2% do emprego cultural no conxunto do Estado. Tras o descenso do emprego en España, no ano 2020 ráchase a tendencia descendente do peso relativo galego en España, que en 2016 representaba un 5,5% (4,8% en 2019).

No ano 2020 aumenta o seu nivel de ocupación en Galicia, o que contrasta co descenso nos dous anos anteriores. Como reflicte o **cadro 4.5.1.**, o emprego neste sector aumenta en Galicia un 2,1% (700 persoas máis), mentres que se contrae un 5,9% no conxunto do Estado.

No contexto de análise utilizado neste apartado, o tecido empresarial engloba a todas as empresas cuxa

Emprego cultural nas CC.AA. 2012-20 ⁽¹⁾

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
	(miles)								
Andalucía	60,7	61,3	73,6	71,5	80,4	90,6	94,4	96,3	79,4
Aragón	11,5	10,9	15,2	17,0	16,2	12,4	13,2	15,2	14,2
Asturias	9,6	8,7	9,4	10,3	11,4	11,6	10,9	10,2	9,4
Baleares	13,5	16,9	16,4	17,5	17,6	22,4	19,2	24,3	23,8
Canarias	17,3	15,2	18,0	24,0	20,9	23,9	25,6	31,6	21,0
Castela e León	24,4	21,8	21,9	22,7	25,1	23,0	23,4	23,1	20,7
Castela - A Mancha	15,8	17,1	17,2	17,4	20,0	17,8	21,4	20,6	19,8
Cataluña	116,4	130,2	136,8	127,6	139,7	154,6	147,5	156,5	153,6
Comunidade Valenciana	54,1	52,3	53,7	59,0	55,4	57,0	68,1	63,1	65,4
Galicia	26,8	30,3	33,2	32,6	35,9	36,4	35,0	34,1	34,8
Madrid	150,1	142,3	140,0	150,8	160,6	165,9	161,9	163,6	155,2
Murcia	12,1	13,1	13,0	11,9	12,4	12,2	13,9	15,0	13,5
Navarra	8,4	7,9	9,2	9,3	8,7	7,7	8,4	8,9	8,7
País Vasco	31,0	26,5	27,0	29,4	34,9	32,1	29,9	29,4	31,5
Cantabria, Extremadura, A Ríoxa, Ceuta e Melilla	17,5	18,3	17,3	16,3	17,3	19,7	17,6	18,4	17,4
Total	569,2	572,6	602,0	617,1	656,3	687,2	690,3	710,2	668,1

(1) ocupados de máis de 16 anos que desenvolven ocupacións culturais, considerando éstas como aquelas actividades profesionais cunha dimensión cultural como por exemplo escritores, artistas, arquivistas, bibliotecarios, actividades de edición, cinematográficas, de vídeo, radio, tv, actividades artísticas e de espectáculos e outras, con independencia da actividade principal do empregador
 Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

4.5.1.

Empresas culturais nas CC.AA. 2008 e 2018-19: distribución segundo actividade económica principal ⁽¹⁾

	2008		2018		2019	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Total empresas	5.801	111.631	6.635	122.673	7.033	127.581
En determinadas actividades da industria e dos servizos	3.805	83.180	5.216	100.874	5.770	108.440
Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras	76	1.391	199	4.372	223	4.772
Edición de libros, xornais e outras activ. edit.	332	8.487	331	7.651	329	7.459
Cinematografía, vídeo, radio, tv, e outras activ. de edic. musical	417	10.297	348	9.417	375	9.606
Axencias de novas	1	83	5	93	3	75
Actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos	1.207	25.267	2.222	39.313	2.631	44.862
Fotografía	573	10.489	752	12.440	808	13.320
Actividades de tradución e interpretación	327	7.669	410	9.415	448	10.158
Artes gráficas e reprod. de soportes grabados	786	17.700	748	14.156	752	14.285
Edición de videoxogos	-	-	4	152	-	111
Fabricac. de soportes, aparatos de imaxe e son e instr. musicais	26	347	25	402	31	405
Fabricación de artigos de xoiería e artigos similares	-	-	94	1.784	96	1.786
Educación cultural	60	1.450	78	1.679	74	1.601
En determinadas actividades do comercio e aluguer	1.996	28.451	1.419	21.799	1.263	19.141

(1) A partir de 2016 inclúense a Fabricación de artigos de xoiería e artigos similares e a Edición de videoxogos (códigos 3212 e 5821 da CNAE 2009).
 Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

4.5.2.

Gasto público liquidado en cultura en Galicia e España 2017-18

		2017		2018	
		Galicia	España	Galicia	España
Total	(en miles de euros)	75.208	1.143.810	78.750	1.178.386
Gasto / gasto liquidado total	(%)	0,68	0,61	0,77	0,59
Gasto / PIB		0,12	0,10	0,13	0,10
Gasto / habitante	(en euros)	27,80	24,60	29,20	25,30
Actividades					
Bens e servizos culturais		28.243	423.947	31.821	415.026
Artes plásticas e escénicas	(en miles de euros)	-	272.626	7.439	246.142
Libro e audiovisual		-	75.379	-	65.548
Interdisciplinar e non distribuído		46.965	371.857	39.490	451.671

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*.

4.5.3.

principal actividade económica atópase relacionada co ámbito da cultura, en concreto: actividades vinculadas a bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais, actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión así como as artísticas e de espectáculos, entre outras. No ano 2019, último dato dispoñible, volve a aumentar o número de empresas culturais rexistradas, que ascende a 7.033 empresas, 398 máis que no ano anterior, o que representa o 5,5% das empresas culturais en España (5,4% no ano anterior).

Atendendo á súa distribución segundo actividade económica principal, o **cadro 4.5.2.** amosa como, ao igual que no ano anterior, o aumento no número de empresas prodúcese nas actividades da industria e dos servizos culturais (554 empresas máis en Galicia, das que 409 son actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos), en detrimento daquelas empresas centradas nas actividades de comercio e aluguer de bens culturais (156 empresas menos). En termos de variación interanual, o número de empresas culturais medra en Galicia un 6%, dous puntos porcentuais por riba do experimentado en España, sendo esta medra do 10,6% no caso das actividades da industria e dos servizos culturais (7,5% no conxunto do Estado). Por contra, as empresas centradas nas actividades de comercio e aluguer de bens culturais redúcense un 11% respecto ao ano anterior fronte aos 12,2% en España.

No ano 2019 as actividades da industria e dos servizos

culturais abranguen o 82% das empresas culturais en Galicia (85% en España), entre as que salientan as dedicadas ao “diseño, creación, artísticas e de espectáculos”, con 2.631 empresas (o 37,4% das empresas culturais galegas), así como as actividades de “fotografía”, con 808 empresas (11%), e “artes gráficas e reprodución de soportes gravados”, con 752 empresas (o 10,7% das empresas culturais).

• Financiamento e gasto público en cultura

Tendo en conta a natureza do financiador e non a do receptor, distinguimos entre gasto público e gasto privado; así, considérase gasto público en cultura o gasto consolidado liquidado destinado á cultura, na súa fase de obrigas recoñecidas.

Segundo os datos recollidos no Anuario de Estadísticas Culturales 2020 do Ministerio de Cultura y Deporte, o gasto liquidado en cultura realizado pola Administración autonómica galega en 2018 (último dato dispoñible) aumentou ata os 78,8 millóns de euros, o que supón o 6,7% do gasto no conxunto do Estado, porcentaxe superior ao peso que representa tanto a poboación como a actividade económica galega. En relación ao ano anterior, este gasto público en cultura aumentou en Galicia un 4,7% (2,5 millóns de euros) porcentaxe este ano superior á rexistrada en España (3%).

O peso no PIB e no total do gasto liquidado do goberno

Consumo cultural nos fogares en Galicia e España 2018-19

		2018		2019	
		Galicia	España	Galicia	España
Total		632,0	12.714,3	607,2	12.451,5
libros e publicacións periódicas		140,7	2.520,2	137,0	2.351,9
servizos culturais	(en millóns de euros)	80,5	2.522,8	103,6	2.796,3
equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento de información		153,7	3.114,1	119,2	3.155,6
telefonía móbil e servizos relacionados coa Internet		257,0	4.557,2	247,5	4.147,8
gasto / habitante		236,00	274,60	226,80	266,90
gasto / fogar	(en euros)	578,60	682,50	554,30	664,40

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.4.

blico liquidado en cultura en Galicia, segue a ser superior en Galicia que no conxunto do Estado. Como reflicte o **cadro 4.5.3.**, o gasto liquidado en cultura representa o 0,13% do PIB galego (0,10% no Estado) e o 0,77% do gasto liquidado total (0,59% en España). Asemade, cómpre mencionar que o gasto per cápita en Galicia aumenta ata os 29,2 euros, importe novamente superior ao do conxunto do Estado, que acada os 25,3 euros.

Atendendo á desagregación do gasto segundo actividade principal, o devandito incremento do gasto total ven explicado tanto pola evolución das actividades de “bens e servizos culturais”, cun aumento do 12,7% (3.578 miles de euros máis), como polas “artes plásticas e escénicas”, cun orzamento liquidado en 2018 neste concepto de 7.439 miles de euros. Isto contrasta co descenso do gasto nas actividades incluídas dentro do apartado “interdisciplinar e non distribuído”, que presenta unha taxa de variación interanual do -15,9% (7,5 millóns de euros menos).

• Gasto e consumo cultural nos fogares

No ano 2019 volve a reducirse, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, o gasto destinado a consumo de bens e servizos culturais por parte das familias. Como se observa no **cadro 4.5.4.**, o consumo dos fogares galegos en cultura redúcese nun 3,9% en relación ao ano 2018, case dous puntos porcentuais por riba do rexistrado no conxunto do Estado (-2,1%), situándose en 607,2 millóns de euros, o que representa

o 4,9% do consumo total en cultura nos fogares españois.

Asemade, hai que sinalar que no ano 2019 o índice de prezos ao consumo correspondente ao ocio e a cultura redúcese en Galicia un 0,6% respecto ao ano anterior, unha décima máis que no conxunto do Estado (en 2020 descende un 1,1% en Galicia e un 0,6% en España).

Galicia presenta no último ano analizado peores datos que a media estatal, tanto no que respecta ao peso relativo do gasto cultural no gasto total en bens e servizos, como no que se refire ao gasto medio por fogar e gasto por habitante. Dunha banda, a importancia relativa do gasto cultural no gasto total de bens e servizo ascende ata o 2,1%, unha décima menos que no conxunto do Estado, o que a sitúa como unha das CC.AA. coa menor rateo tras o País Vasco (1,8%) e Extremadura (2%) sendo similar en Cantabria e Cataluña. Doutra banda, o gasto medio por fogar en cultura ascende en 2019 a 554,30 euros en Galicia, máis de 110 euros por baixo da media estatal, manténdose como a segunda Comunidade Autónoma con menor gasto medio tras Extremadura (473,70 euros en 2019). En termos de gasto por habitante, o gasto medio descende ata os 226,80 euros (266,90 euros en España), situándose como a segunda C.A. con menor gasto tras Extremadura (193,80 euros).

Galicia segue a presentar un elevado peso relativo do gasto en telefonía móbil e servizos relacionados con internet en comparación coa media estatal, tendo en

Dereitos de propiedade intelectual 2018-19 ⁽¹⁾

	2018	2019
Obras literarias e científicas		
Galicia	1.185	1.094
España	20.353	21.005
Obras musicais, cinematográficas e audiovisuais		
Galicia	221	341
España	4.353	4.765
Obras artísticas e técnicas		
Galicia	161	158
España	1.639	1.766
Outras		
Galicia	54	57
España	715	683
Total		
Galicia	1.621	1.650
España	27.060	28.219

(1) primeiras inscricións realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual; o dato total de España recolle a suma das inscricións no rexistro central e nos rexistros territoriais
 Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.5.

conta que no ano 2019 este consumo concentra o 40,8% do gasto galego en bens e servizos culturais, porcentaxe que se sitúa 7,4 puntos porcentuais por riba da media estatal (33,3%). A continuación sitúase en Galicia o gasto en libros e publicacións periódicas, que concentra o 22,6% do gasto cando en España representa o 18,9%, a porcentaxe máis reducida dos catro grupos considerados. Analizando a evolución dos diferentes gastos respecto ao ano anterior, en Galicia tan só aumenta o gasto en servizos culturais (28,7%; 23,1 millóns de euros máis), descendendo significativamente o gasto en equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento da información (-22,4%; 34,5 millóns de euros menos).

• Propiedade intelectual

A propiedade intelectual defínese como o conxunto de dereitos que corresponden aos autores e outros titulares respecto ás obras e prestacións froito da súa creación. A información dispoñible sobre os dereitos de propiedade intelectual deriva das Entidades de Xestión

así como da explotación estatística do Rexistro xeral da propiedade intelectual.

O número de primeiras inscricións de dereitos de propiedade industrial aumenta no ano 2019 tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, o que contrasta co acontecido no ano anterior cando España presentaba unha caída das inscricións realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual. En 2019, último ano dispoñible, realizáronse na Comunidade Autónoma un total de 1.650 inscricións, 29 máis que no ano anterior, descendendo a súa importancia relativa no total estatal ata o 5,8%, dúas décimas menos que no ano anterior (**cadro 4.5.5.**).

O citado incremento interanual rexistrado no conxunto dos dereitos de propiedade ven motivado fundamentalmente polo aumento do 54,3% no número de obras musicais, cinematográficas e audiovisuais (120 máis), que compensa a importante caída do 7,7% no caso das obras literarias e científicas (91 menos). Tras esta evolución, o 66,3% do total das inscricións rexistradas en Galicia corresponden a obras literarias e científicas, seguidas das

Viaxes por motivos culturais de residentes 2019-20

	2019		2020	
	Galicia	España	Galicia	España
Viaxes totais	9.854.554	193.874.716	4.824.312	101.523.862
Ocio, recreo e vacacións	4.482.494	100.167.215	1.709.501	47.748.862
Turismo cultural	620.698	16.983.935	139.047	4.751.908
Pernoctacións totais	32.926.372	793.908.137	20.883.629	493.409.224
Ocio, recreo e vacacións	15.404.830	439.239.797	8.940.399	255.916.934
Turismo cultural	2.639.958	74.400.130	549.477	18.284.446
Duración media das viaxes (días)	3,34	4,09	4,33	4,86
Ocio, recreo e vacacións	3,44	4,39	5,23	5,36
Turismo cultural	4,25	4,38	3,95	3,85

Fonte: INE, Encuesta de turismo de residentes

4.5.6.

obras musicais, cinematográficas e audiovisuais, co 20,7%, e as obras artísticas e técnicas, cun 9,6%.

• Turismo cultural

Para levar a cabo a análise da evolución do turismo cultural só se dispón dos datos proporcionados polo INE que se refiren, exclusivamente, a residentes nacionais. Tendo en conta esta limitación, como consecuencia da crise sanitaria da covid-19 no ano 2020 rexístrase un acusado descenso do número de viaxes totais, que se reduce a menos da metade dos rexistrados en 2019 (51% menos respecto ao ano anterior), sendo esta caída do 77,6% no caso das viaxes realizadas por motivos culturais e do 61,9% naquelas realizadas por ocio, recreo e vacacións.

O número de viaxes rexistrados como turismo por motivo cultural foi en 2020 de 139.042 cando no ano anterior superara as 620.000, o que significa tan só o 2,9% do total de viaxes realizadas polos galegos nese ano (6,3% no ano anterior). No conxunto do Estado este peso relativo sitúase no 4,7%, máis de catro puntos porcentuais por baixo do rexistrado para o ano anterior (8,8%).

A devandita caída do número de viaxes por motivos culturais por parte de residentes en España vai unida a unha diminución da súa duración media, que en Galicia se sitúa en 3,95 días fronte aos 3,85 días no conxunto de España (cadro 4.5.6.). Por contra, aumenta a duración media das

viaxes por ocio, recreo e vacacións tanto en Galicia como en España, ascendendo na Comunidade Autónoma ata os 5,23 días e no conxunto do Estado ata os 5,36 días (3,44 e 4,39 días no ano anterior, respectivamente).

O gasto medio dos residentes en Galicia cando realizan viaxes por motivos culturais descende en 2020 ata os 462,20 euros por persoa, o que supón 30 euros menos que no ano anterior (492,64 euros), en tanto que o gasto diario aumenta en máis dun euro en relación ao ano anterior, acadando os 116,96 euros fronte aos 115,83 de 2019.

A diferenza do acontecido no ano anterior, ao longo do ano 2020 as persoas residentes no conxunto do Estado realizaron un gasto medio por persoa inferior ao realizado polos galegos. Dunha banda, o gasto medio en viaxes culturais foi de 404,43 euros por persoa, o que supón 130,51 euros menos que no ano anterior, descendendo así mesmo o seu gasto diario ata os 105,11 euros (122,11 no ano 2019). Se se considera tan só o seu gasto na Comunidade Autónoma galega, o gasto medio diario sitúase en 71,08 euros, máis de once euros menos que no ano anterior (82,40 euros).

Dominios culturais

Dentro dos chamados dominios culturais, analízanse os bens de interese cultural, a actividade da edición de libros e publicacións periódicas, as artes escénicas e mu-

Gasto nas viaxes por motivos culturais 2019-20

		Residentes en Galicia			Turismo cultural		
		Viaxes por destino		Galicia	Estranxeiro		Galicia
		Total	Estranxeiro		Total	Estranxeiro	
Gasto total							
2019	(en miles de euros)	1.996.883,5	618.085,2	618.293,1	305.781,1	195.786,1	16.025,8
2020		813.237,1	154.665,3	375.730,6	64.267,6		
Gasto medio por persoa							
2019	(en euros)	202,64	668,66	91,47	492,64	748,17	148,65
2020		168,57	564,77	98,58	462,20		
Gasto medio diario por persoa							
2019	(en euros)	60,65	110,72	34,48	115,83	136,04	81,27
2020		38,94	105,82	24,55	116,96		

		Residentes nacionais			Turismo cultural		
		Viaxes por destino		Galicia	Estranxeiro		Galicia
		Total	Estranxeiro		Total	Estranxeiro	
Gasto total							
2019	(en miles de euros)	48.065.843,7	16.051.837,5	1.854.957,0	9.085.353,2	6.070.630,3	220.210,0
2020		21.135.056,8	3.576.611,4	1.091.586,3	1.921.801,0	790.193,3	110.081,3
Gasto medio por persoa							
2019	(en euros)	247,92	797,82	185,48	534,94	870,80	383,79
2020		208,18	704,82	203,74	404,43	707,15	446,95
Gasto medio diario por persoa							
2019	(en euros)	60,54	111,17	45,84	122,11	147,69	82,40
2020		42,83	83,72	34,47	105,11	145,85	71,08

Fonte: INE, Encuesta de turismo de residentes

4.5.7.

sicais e, finalmente, os medios audiovisuais e interactivos, como magnitudes sectoriais concretas dos dominios culturais.

• Bens de interese cultural

A Lei de patrimonio cultural de Galicia integra como parte do patrimonio cultural de Galicia a todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Os máis sobranceiros son recoñecidos como Bens de Interese Cultural (BIC), que se clasifican en bens mobles ou bens inmobles. Os bens inmobles poderán selo de forma individual ou ben como colección, e a súa declaración atenderá ás seguintes clases: monumento, conxunto e sitio histórico, xardín histórico e zona arqueolóxica.

Segundo a base de datos de patrimonio do Ministerio de Cultura y Deporte, que presenta información sobre os bens mobles e inmobles inscritos como Bens de In-

terese Cultural (BIC), no ano 2019, último dato dispoñible, o conxunto de bens inmobles inscritos ascendeu en Galicia a 770, oito menos que no ano anterior, dos que 688 son BIC declarados e 82 corresponden a procedementos de declaración incoados. Como se amosa no **cadro 4.5.8.**, a súa meirande parte corresponden coa categoría de monumentos, con 634, o 82,3% do total, seguidos dos sitios históricos, que representan o 8,8% (68); os conxuntos históricos, con 50 (6,5%); as zonas arqueolóxicas, con 13 (1,7%); e os xardíns históricos, cos 5 restantes (0,6%).

O número de bens mobles inscritos en Galicia no ano 2019 ascendeu a 6.589, 534 máis que no ano anterior, o que representa o 28,2% do total estatal. Deste total, tan só 1.751 (o 26,6% dos bens inmobles galegos inscritos) corresponden a BIC declarados e os restantes 4.838 bens culturais a BIC incoados (o 73,4%). Estas porcentaxes difiren das rexistradas no conxunto do Estado, onde o 66,4% corresponden a BIC declarados e o 33,6% a procedementos incoados.

Bens mobles e inmobles inscritos como Bens de Interese Cultural (BIC) en Galicia e España 2018-19

	2018		2019	
	Galicia	España	Galicia	España
Bens Interese Cultural (BIC)	6.833	40.199	7.359	40.599
Bens inmobles	778	17.621	770	17.199
Monumento	637	13.763	634	13.563
Xardín Histórico	6	94	5	82
Conxunto histórico	50	969	50	929
Sitio histórico	68	530	68	450
Zona arqueolóxica	17	2.265	13	2.175
Bens mobles	6.055	22.578	6.589	23.400

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *CULTURABase*.

4.5.8.

• Libro e publicacións periódicas

Os datos do Ministerio de Cultura e Deporte recollen un aumento no número de libros inscritos no International Standar Book Number (ISBN) en Galicia. Fronte ao descenso experimentado no ano 2019, no último ano inscribíronse en Galicia un total de 2.759 libros, un 34,7% máis que no ano anterior, o que contrasta coa redución do 12,9% experimentada no conxunto do Estado. Tras esta evolución Galicia mantense como a sexta CC.AA. en canto ao número de libros inscritos no ISBN, acollendo o 3,5% do total estatal, 1,3 puntos porcentuais máis que no ano anterior.

O devandito incremento de inscricións en Galicia prodúcese tanto no caso dos libros en soporte papel, con 1.977 libros inscritos, 195 máis que no ano anterior, como nos inscritos noutros soportes, onde o aumento foi de 515 inscricións (inscribíronse un total de 782 libros). Por contra, no conxunto de España redúcese de xeito significativo as inscricións de libros en soporte papel, rexistrándose un total de 52.139 inscricións, un 20,2% menos que no ano anterior (medra un 6,1% no caso das inscricións noutro soporte). No ano 2020 as inscricións de libros en soporte papel representan en Galicia o 71,7% dos libros inscritos na Comunidade autónoma en ISBN fronte ao 66,5% no conxunto do Estado (87% e 72,6% no ano anterior, respectivamente).

Por último cómpre resaltar o positivo incremento do

número de libros publicados en galego, que en 2020 ascende a 1.743 libros, 489 libros máis que no ano anterior, o que representa o nivel máis elevado dos últimos dez anos. A devandita medra interanual ven motivada pola evolución dos libros inscritos “noutro soporte”, que experimenta un aumento de 492 inscricións, permanecendo practicamente estable o número de libros en soporte papel (tres menos que en 2019). No último ano, dos 1.743 libros inscritos publicados en galego o 59,3% o están en soporte papel, e o 40,7% restante “noutro soporte” (82,7% e 17,3% no ano anterior, respectivamente).

• Artes escénicas e musicais

Os **cadros 4.5.9. e 4.5.10.** mostran os principais indicadores das artes escénicas e musicais en Galicia e España. Dunha banda, o número de editores volve a aumentar ao pasar de sete a dez en 2019 (último ano dispoñible), reducíndose non obstante o número de obras musicais inscritas no International Standar Music Number (ISMN) ata as 36, fronte ás 97 do ano anterior. Fronte a esta caída do número de obras musicais inscritas cómpre resaltar o incremento do número de obras inscritas en galego, que pasa das trece obras de 2018 ás dezoito do último ano. Doutra banda, mellora o cociente do número de espazos escénicos por cada 100.000 habitantes, en tanto que se mantén a relación de salas de concertos por cada 100.000 habitantes (3,5 espazos e 1,1 salas por cada 100.000 habitantes). Ase-

Artes escénicas e musicais en Galicia e España 2018-19

	2018		2019	
	Galicia	España	Galicia	España
Obras musicais				
Editores	7	65	10	70
Obras inscritas (1)	97	1.120	36	1.602
en galego	13		18	
Espazos escénicos				
Número	92	1.674	94	1.709
Espazos/100.000 habitantes	3,4	3,6	3,5	3,6
Salas concertos				
Salas	31	542	31	541
Salas/100.000 habitantes	1,1	1,2	1,1	1,2
Compañías				
Teatro	236	4.144	242	4.252
Danza	81	876	81	917
Festivais				
Teatro	48	746	53	776
Danza	21	373	21	390

(1) Inscritas no ISMN

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.9.

Espectadores e recadación nas artes escénicas en Galicia e España 2018-19

		2018		2019	
		Galicia	España	Galicia	España
Representacións		6.479	155.482	6.621	158.224
obras teatrais		1.596	46.889	1.627	47.372
xénero lírico		23	1.267	24	1.334
danza		63	2.110	67	2.160
concertos música clásica		1.212	15.776	1.245	16.252
concertos música popular		3.585	89.440	3.658	91.106
Espectadores		1.637	40.292	1.680	41.102
obras teatrais		427	12.233	445	12.439
xénero lírico	(en miles)	15	744	16	778
danza		29	905	31	926
concertos música clásica		279	5.114	287	5.291
concertos música popular		887	21.296	901	21.668
Recadación		11.639	438.347	11.793	445.797
obras teatrais		4.299	204.793	4.353	207.394
xénero lírico	(en miles de euros)	152	22.522	160	22.889
danza		163	8.555	168	8.697
concertos música clásica		1.393	43.946	1.440	45.464
concertos música popular		5.632	158.531	5.672	161.353
Gasto medio espectador					
obras teatrais		10,1	16,7	9,8	16,7
xénero lírico	(euros)	9,9	30,3	9,8	29,4
danza		5,5	9,5	5,4	9,4
concertos música clásica		5,0	8,6	5,0	8,6
concertos música popular		6,4	7,4	6,3	7,4

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.10.

made, no conxunto do ano 2019 aumenta lixeiramente o número de compañías e festivais de teatro, manténdose por contra o de compañías e festivais de danza.

No que ao número de representacións se refire, **cadro 4.5.10.**, o incremento experimentado no último ano prodúcese novamente pola evolución positiva de todas as artes escénicas. En concreto, en termos absolutos destaca o aumento dos concertos de música popular, con 73 representacións máis, así como dos concertos de música clásica e obras teatrais, con 33 e 31 representacións máis que no ano anterior, respectivamente. No último ano realizáronse en Galicia un total de 6.621 representacións nas artes escénicas (142 representacións máis; 2,2%), o que representa o 4,2% do total estatal (7,7% no caso dos concertos de música clásica).

O devandito comportamento do número de representacións explica o incremento do número de espectadores nas distintas modalidades de artes escénicas. Dos 43.000 espectadores máis en 2019 en relación ao ano anterior en Galicia, 18.000 espectadores corresponden ás obras teatrais e 14.000 espectadores aos concertos de música popular. No último ano o número total de espectadores ascende a 1.680 miles de persoas, o que representa o 4,1% do total estatal.

Tras este comportamento, a recadación aumenta en Galicia un 1,3% respecto ao ano anterior (1,7% de media no conxunto do Estado), para situarse nos 11,8 millóns de euros. A maior recadación prodúcese nos concertos de música popular, con 5,7 millóns de euros, o 48,1% da recadación total, por diante da obtida no caso das obras teatrais, con 4,5 millóns de euros, o 36,9% do total. Estas porcentaxes difiren das correspondentes ao total estatal, onde supoñen o 36,2% e 46,5%, respectivamente.

• Medios audiovisuais e interactivos: cine, TV, radio

Finalmente, neste último apartado faise referencia aos principais indicadores da actividade cinematográfica e de vídeo (producción, exhibición, infraestrutura, recadación...) e ao consumo de televisión e radio.


No ano 2019 redúcese o número de empresas produtoras de cine rexistradas en Galicia, pasando de 18 a 15 empresas no último ano considerado, o que representa o 3,9% do total estatal, sete décimas menos que no ano precedente. Asemade, cómpre mencionar que, a diferenza do acontecido no conxunto do España, Galicia presenta unha diminución do número de cines e salas de exhibición, contando a C.A. con 38 cines (seis menos que no ano anterior) e 182 salas de exhibición (cinco salas menos). En termos relativos, Galicia conta con 6,7 salas por cada 100.000 habitantes, lonxe da media estatal que se sitúa en 7,9 salas (6,9 e 7,7 salas no ano anterior).

Tal como se observa no **gráfico 4.5.11.**, en 2019 aumenta de maneira importante o número de espectadores no cine, asistindo en Galicia un total de 4,2 millóns de persoas, cifra similar á de 2016 e 2009. En relación ao ano anterior o número de espectadores medra en Galicia un 7,7% cando no conxunto de España esta porcentaxe sitúase no 6,1%. Os datos de asistencia media por habitante e ano reflicten que as persoas galegas son das que menos van ao cine en España, cunha asistencia media de 1,6 veces (2,2 de media en España), situándose tan só por diante de Estremadura e co mesmo rateo que Asturias

O devandito incremento no número de espectadores experimentado no ano 2019 prodúcese tan só no caso das películas estranxeiras, que teñen 3,6 millóns de espectadores (3,2 millóns no ano anterior, o que supón unha medra do 12,5%), manténdose estable o número de espectadores que asisten a películas nacionais (0,7 millóns de persoas). Por contra, no conxunto do Estado aumenta o número de espectadores que asiste a ver películas estranxeiras (9,6%) ao tempo que se reduce no caso das películas españolas (-10,2%).

No ano 2019 ráchase a tendencia descendente dos últimos dous anos, aumentando a recadación dos cines en Galicia ata os 24,1 millóns de euros, un 5,2% máis que no ano anterior, o que representa o 3,9% do total estatal. A diferenza do acontecido no ano anterior, gráfico 4.5.13., este incremento prodúcese pola medra da recadación das longametraxes de orixe estranxeira (1,2

Espectadores no cine en Galicia e España 2007-19 (1): distribución segundo nacionalidade do filme




(1) en millóns de persoas

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5.11.


Cines e salas de exhibición en Galicia e España 2007-19



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5.12.

Recadación dos cines 2007-19: distribución segundo nacionalidade do film



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5.13.

Ranking de emisoras de radio xeralista no EGM 2019-20 ⁽¹⁾

	2019		2020	
	oíntes / día (en miles)	share (%)	oíntes / día (en miles)	share (%)
Ser	3.895	30,1	4.128	31,8
Cope	2.960	25,1	3.044	24,4
Onda Cero	1.636	12,7	1.682	11,7
RNE	1.139	7,8	970	7,0
Rac 1	751	6,8	786	6,6
Catalunya Radio	586	4,3	614	4,2
EsRadio	499	4,1	573	3,8
Canal Sur Radio	237	1,4	180	1,4
Radio Galega	151	0,9	201	1,8
Radio Euskadi	149	1,2	172	1,1
Total oíntes	11.019	45,0	11.460	47,0

(1) 3ª onda

Fonte: AIMC, *Estudio general de medios*

4.5.14.

millóns de euros máis), o que contrasta co lixeiro descenso experimentado no caso das películas nacionais.

O gasto medio por espectador descendeu lixeiramente en Galicia ata situarse nos 5,70 euros (5,90 euros no ano anterior), 0,20 euros menos que no conxunto do Estado. Doutra banda, o gasto medio por habitante au-

menta en Galicia ata os 8,90 euros, o que supón máis de catro euros menos que a media do Estado (13,10 euros). Deste gasto por habitante, 7,50 euros corresponden ás películas estranxeiras e só 1,4 euros ás españolas, situándose en ambos os dous casos por baixo do gasto en España (11,1 e 2,0 euros per cápita, respectivamente).

Finalmente, en relación ao consumo de televisión, radio e internet, Galicia presenta en 2020 un consumo promedio diario de radio lixeiramente inferior á media estatal, con 96 e 94 minutos, respectivamente. Por contra, o consumo promedio é inferior tanto no caso da televisión como de internet, ascendendo o consumo en Galicia ata os 141 minutos no caso de internet e os 198 minutos no que á televisión se refire (182 e 209 minutos, respectivamente, no conxunto do Estado).

Comparado co ano anterior, cómpre resaltar que o consumo diario de internet aumenta tanto en Galicia como en España, sendo esta medra de nove minutos diarios en Galicia fronte aos vinte un no conxunto do Estado. Por contra, o descenso do consumo diario de televisión é lixeiramente superior en Galicia que en España, con sete e catro minutos menos, respectivamente.

Segundo o *ranking* de emisoras de radio xeneralistas do Estudio General de Medios (EGM), a Radio Galega presenta en 2020 un importante incremento do número de oíntes por día en relación ao ano anterior, acadando os 201.000 oíntes por día (33,1% máis). Este incremento explica que o *share* ascenda ata o 1,8% fronte ao 0,9% do ano anterior (**cadro 4.5.14.**).

No que respecta ás cadeas de televisión, a TVG mantén o seu share no 14,3% en Galicia, porcentaxe é inferior á rexistrada pola TV3 e ETB-2, que se sitúan no 17,7% e 15,9%, respectivamente. Por contra, a audiencia da canle galega é superior á rexistrada por Canal Sur, cun *share* do 13,4%, ou de Aragón TV, co 12,2%. 

